



DIARIO OFICIAL

# de GALICIA

Luns, 19 de marzo de 2007  
Taxa 0,90 € (IVE incluído)

## SUMARIO

### I. DISPOSICIÓN XERAIS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

— Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos.

Páxs.

4.275

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Corrección de erros.-Orde do 19 de febreiro de 2007 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria. 4.293

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Resolución do 9 de marzo de 2007, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se convoca e regula o programa de axudas para a participación en actividades de campamentos dirixidos a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de galegos e que residan no exterior. 4.293

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Orde do 5 de marzo de 2007 pola que se convocan licenzas por estudos para o curso 2007-2008 destinadas a funcionarios docentes non universitarios e se aproban as súas bases de concesión. 4.299
- Resolución do 21 de febreiro de 2007, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula o desenvolvemento dos programas de garantía social en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2007-2008. 4.308

#### CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Resolución do 2 de marzo de 2007 pola que se concede o Premio Galicia á Innovación Empresarial, correspondente aos Premios Galicia de Investigación 2006. 4.313
- Resolución do 2 de marzo de 2007 pola que se conceden o Premio Eugenio Montero Ríos de Investigación Social para investigadores sénior e o Premio Eugenio Montero Ríos de Investigación Social para investigadores mozos, correspondentes aos Premios Galicia de Investigación 2006. 4.314

Páxs.

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Orde do 15 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas destinadas á adquisición de animais de reposición de determinadas razas bovinas, ovinas e cabrúas autóctonas, e se convocan en 2007. 4.314

#### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Orde do 23 de febreiro de 2007 pola que se fixa o prezo de venda ao público da publicación: *Desfibrilación semiautomática externa. Manual del alumno.* 4.320

#### CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Orde do 7 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo e se procede á súa convocatoria para o ano 2007. 4.320

#### ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Resolución do 7 de marzo de 2007 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal da Xunta de Galicia. 4.340

### IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Orde do 12 de marzo de 2007 pola que se amplía o prazo de realización do cuarto exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C), escala de subinspectores de consumo. 4.350

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Orde do 14 de marzo de 2007 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes nesta consellería. 4.351

Páxs.

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

— Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería, anunciada pola Orde do 6 de novembro de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* número 224, do 21 de novembro). 4.353

— Orde do 5 de marzo de 2007 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de tres postos de traballo vacantes nesta consellería. 4.353

## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

— Orde do 7 de marzo de 2007 pola que se anuncia a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería. 4.354

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

— Orde do 12 de marzo de 2007 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo vacante na Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra-Vigo. 4.355

## **V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**

### **XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO DEZ DA CORUÑA**

— Edicto (960/2006). 4.357

### **XULGADO DO MERCANTIL NÚMERO UN DA CORUÑA**

— Edicto (350/2006). 4.357

## **VI. ANUNCIOS**

### **a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA**

### **VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

— Resolución do 8 de marzo de 2007 pola que se anuncia a contratación, mediante concurso aberto e tramitación urxente, da explotación do servizo de cafetaría no Centro de Servizos Sociais de Ribadeo (Lugo). 4.357

Páxs.

— Edicto do 13 de marzo de 2007, da Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais, polo que se notifica a resolución do expediente sancionador por infracción en materia de servizos sociais, devolta polo servizo de correos. 4.358

## **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

— Resolución do 12 de marzo de 2007 pola que se anuncia a licitación, polo sistema de procedemento aberto, mediante concurso público, para a subministración e instalación de multiplexores e transmisores SDH para a AGI. 4.359

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

— Resolución do 12 de marzo de 2007 pola que se anuncia a licitación do concurso aberto das obras de clave AC/06/084.02 e cinco máis. 4.360

— Cédula do 6 de febreiro de 2007, do Servizo Provincial de Estradas da Coruña, de afectación complementaria de superficie no predio 42-CO do expediente de expropiación forzosa para as obras de nova estrada de conexión N-550 e AC-301 en Padrón, clave N/AC/95.3, termo municipal de Padrón. 4.362

— Cédula do 26 de febreiro de 2007, da Dirección Xeral de Urbanismo, pola que se notifica a resolución do expediente sancionador 107 C 2006/17-0, devolta polo servizo de correos por resultaren os seus destinatarios ausentes na repartición. 4.362

Páxs.

## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

— Acordo do 22 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial de Ourense, polo que se somete a información pública a petición de autorización, a aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 07/12-3). 4.362

- |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                | <u>Páxs.</u> |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| — Acordo do 22 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial de Ourense, polo que se somete a información pública a petición de autorización, a aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 07/14-3).                       | 4.363        |
| — Acordo do 26 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 07/20).                                                                                                                    | 4.364        |
| — Acordo do 26 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 07/22).                                                                                                                    | 4.364        |
| — Acordo do 30 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 07/23).                                                                                                                    | 4.365        |
| — Resolución do 24 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/2-2, 6601 A.T.).                                                                                                      | 4.365        |
| — Resolución do 25 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/187-2, 6803 A.T.).                                                                                                    | 4.365        |
| — Resolución do 26 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/123-2, 6743 A.T.).                                                                                                               | 4.366        |
| — Resolución do 26 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/446).                                                                                                                          | 4.366        |
| — Resolución do 29 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización, a aprobación do proxecto de execución para o trazado da liña de media tensión Neiras, concello de Sober, e a súa declaración de utilidade pública. (Expediente 031/1998 A.T.). | 4.367        |

- |                                                                                                                                                                                                                  | <u>Páxs.</u> |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| — Resolución do 30 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/136-2, 6736 A.T.). | 4.368        |
| — Resolución do 5 de marzo de 2007 pola que se lle dá publicidade á adxudicación de varios contratos administrativos. (Expediente 03/06 DXI e cinco máis).                                                       | 4.368        |

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- |                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |       |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------|
| — Resolución do 12 de marzo de 2007 pola que se anuncia a contratación, polo sistema de concurso, procedemento aberto e trámite ordinario, da adquisición e instalación dun mínimo de 150 posicionadores para vehículos con software de recollida e almacenamento de posiciónes.                              | 4.371 |
| — Resolución do 12 de marzo de 2007 pola que se anuncia a contratación, polo sistema de concurso, procedemento aberto e trámite ordinario, da consultoría e asistencia consistente na realización das análises de mostras de queixos con denominación de orixe procedentes das industrias lácteas de Galicia. | 4.372 |

### CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- |                                                                                                                                                                                                                 |       |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------|
| — Cédula do 23 de febreiro de 2007, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolucións de expedientes sancionadores (PESAN1 2006/001307-1 e seis máis). | 4.373 |
| — Cédula do 23 de febreiro de 2007, da Delegación Territorial de Lugo, pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolucións de expedientes sancionadores (PESAN1 2006/000108-2 e dous máis).   | 4.374 |
| — Cédula do 5 de marzo de 2007, da Delegación Comarcal de Vilagarcía de Arousa, pola que se fai pública unha notificación de incoación do expediente sancionador PESAN1 2006/000865-5.                          | 4.374 |
| — Cédula do 5 de marzo de 2007, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolucións de expedientes sancionadores (PESAN1 2006/001133-1 e seis máis).     | 4.374 |

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**Páxs.

- Anuncio do 7 de febreiro de 2007, da Delegación Provincial de Pontevedra, polo que se empra a interesada para ser notificada por comparecencia no expediente PO-APP-2006-073. 4.375

**CONSELLERÍA DE TRABALLO**

- Resolución do 13 de marzo de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo, pola que se anuncia concurso, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, dunha subministración, por lotes, de catro vehículos con destino aos centros provinciais de Seguridade e Saúde Laboral da Coruña, Ourense e Rande (Pontevedra). (Expediente 21/2007). 4.375
- Cédula do 12 de febreiro de 2007, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai pública a Resolución do 10 de xaneiro de 2007, de denegación das axudas á contratación indefinida do expediente administrativo TR347E 2006/662-5. 4.376
- Cédula do 12 de febreiro de 2007, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai pública a Resolución do 10 de xaneiro de 2007, de denegación das axudas á contratación indefinida do expediente administrativo TR347E 2006/137-5. 4.377
- Cédula do 12 de febreiro de 2007, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai pública a Resolución do 10 de xaneiro de 2007, de denegación das axudas á contratación indefinida do expediente administrativo TR347E 2006/126-5. 4.378
- Cédula do 12 de febreiro de 2007, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai pública a Resolución do 16 de xaneiro de 2007, de denegación das axudas á contratación indefinida inicial do expediente administrativo TR347D 2006/52-5. 4.379

**INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA  
E SOLO**

- Resolución do 8 de marzo de 2007 pola que se fai pública a declaración de impacto ambiental (DIA) do proxecto sectorial do parque empresarial de Mos, no concello de Mos. 4.380

Páxs.

- Resolución do 14 de marzo de 2007 pola que se deixa sen efecto o anuncio de convocatoria da licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite ordinario, para a contratación do servizo consistente na limpeza das sedes das delegacións provinciais de Vivenda e Solo en Lugo, Ourense e Pontevedra, e da sede dos servizos centrais en Santiago de Compostela. (Expediente IGVS02-07). 4.380

**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

- Resolución do 19 de febreiro de 2007, da División de Recursos Económicos, pola que se fai pública a relación da adxudicación definitiva da contratación de subministracións para a adquisición de equipamento de fisioterapia con destino a diversos centros de saúde da Comunidade Autónoma de Galicia (lote único). 4.380
- Resolución do 7 de marzo de 2007, da División de Recursos Económicos, pola que se anuncia concurso público aberto, de subministración sucesiva, polo trámite urgente, de adquisición de mobiliario de hospitalización con destino ao Complexo Hospitalario de Ourense (AC-SER2-07-010) (3 lotes). 4.381
- Resolución do 9 de marzo de 2007, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, pola que se anuncia concurso, polo procedemento aberto e trámite de urgencia, para a contratación da reserva e ocupación de prazas nos dispositivos complementarios de rehabilitación para enfermos con trastorno mental persistente (CC-SER4-07-002). 4.382

**b) DA ADMINISTRACIÓN  
LOCAL****CONCELLO DE AMES**

- Anuncio. 4.382

**CONCELLO DE CANGAS**

- Anuncio de convocatoria. 4.383

**CONCELLO DA CORUÑA**

- Anuncio de concurso (referencia As-8/2007). 4.383

**CONCELLO DE FERROL**

- Edicto. 4.383

|                                                                                                                                                                             | <u>Páxs.</u> |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| <b>CONCELLO DE MIÑO</b>                                                                                                                                                     |              |
| — Anuncio de aprobación definitiva do Plan parcial do sector S.UBLE R-3 Piñeiro.                                                                                            | 4.383        |
| <b>CONCELLO DE NEDA</b>                                                                                                                                                     |              |
| — Anuncio.                                                                                                                                                                  | 4.384        |
| <b>CONCELLO DE POIO</b>                                                                                                                                                     |              |
| — Anuncio.                                                                                                                                                                  | 4.384        |
| — Anuncio.                                                                                                                                                                  | 4.384        |
| <b>CONCELLO DE PONTEAREAS</b>                                                                                                                                               |              |
| — Anuncio de poxa.                                                                                                                                                          | 4.385        |
| <b>CONCELLO DE PORTO DO SON</b>                                                                                                                                             |              |
| — Anuncio.                                                                                                                                                                  | 4.385        |
| <b>CONCELLO DE SANXENXO</b>                                                                                                                                                 |              |
| — Anuncio da aprobación definitiva do Plan parcial reformado para desenvolvemento do SU-9 en Festiñanzo-Dorrón.                                                             | 4.385        |
| — Anuncio de aprobación inicial do Plan parcial en desenvolvemento do solo urbanizable número 24 en Soutullo-Noalla presentado pola Xunta Xestora de Propietarios do SU-24. | 4.386        |

|                                                                                                                                                                                | <u>Páxs.</u> |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|
| — Anuncio de aprobación inicial do Plan parcial en desenvolvemento do solo urbanizable número 30 en Fontoira-Padriñán presentado pola mercantil <i>Promociones Fabal, S.L.</i> | 4.386        |
| <b>CONCELLO DE TEO</b>                                                                                                                                                         |              |
| — Anuncio de corrección de erros.                                                                                                                                              | 4.386        |
| <b>DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO</b>                                                                                                                                           |              |
| — Anuncio de contratación.                                                                                                                                                     | 4.387        |
| <b>c) OUTROS ANUNCIOS</b>                                                                                                                                                      |              |
| <b>COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA</b>                                                                                                                                 |              |
| — Anuncio do expediente de contratación 70105C.                                                                                                                                | 4.387        |
| — Anuncio de adxudicación do expediente de contratación 60846C.                                                                                                                | 4.388        |
| <b>CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA</b>                                                                                                                                   |              |
| — Edicto.                                                                                                                                                                      | 4.388        |



DIARIO OFICIAL  
de **GALICIA**

#### **EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN**

Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia,  
Administracións Públicas e Xustiza  
Edificio San Caetano - Santiago de Compostela  
Teléfonos: 981 54 42 68 - 981 54 42 70  
Fax: 981 54 42 72 - 981 54 42 73  
<http://www.xunta.es>  
e-mail: [dog@xunta.es](mailto:dog@xunta.es)  
ISSN 1.130-9229  
Depósito legal C. 73-1982

#### **IMPRIME**

La Voz de Galicia, S.A.  
Avda. da Prensa, 84-85. Pol. Ind. de Sabón.  
15142-Arteixo (A Coruña)

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos.*

O Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece os criterios de admisión do alumnado nos devanditos centros, garantindo o dereito á educación, o acceso en condicións de igualdade e a liberdade de elección de centro por pais, nais e titores legais.

Todo o alumnado será admitido nos centros docentes sostidos con fondos públicos sen máis limitacións cá derivadas dos requisitos de idade e, se é o caso, dos requisitos académicos exixidos polo ordenamento xurídico para o nivel educativo e curso ao que se pretende acceder. Só no suposto dos centros onde non existan prazas suficientes para atender todas as solicitudes se aplicarán os criterios de admisión regulados no artigo 16 do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, garantindo unha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Resulta necesario regular o procedemento de admisión do alumnado nos centros sostidos con fondos públicos.

Na súa virtude, no uso das facultades conferidas na disposición derradeira primeira do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### **DISPÓN:**

#### **Capítulo I**

#### **Disposicións xerais**

##### **Artigo 1º.-Obxecto.**

A presente orde ten por obxecto desenvolver o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos, a excepción dos universitarios, de conformidade co establecido no Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

##### **Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.**

1. A presente orde será de aplicación en todos os centros docentes públicos e privados concertados que impartan algunha das seguintes ensinanzas: segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

2. Non están incluídos no ámbito de aplicación da presente orde os procedementos de admisión do alumnado nas ensinanzas de formación profesional de grao medio e superior e nas de réxime especial.

##### **Artigo 3º.-Principios xerais.**

1. Todo o alumnado ten dereito a unha praza escolar que lle garanta a educación obrigatoria e gratuíta. O alumnado ten dereito, así mesmo, a un posto gratuío no segundo ciclo da educación infantil.

2. Os pais, nais ou titores legais dos alumnos e alumnas e, se é o caso, estes cando sexan maiores de idade, teñen dereito a elixir centro docente de entre a oferta de centros sostidos con fondos públicos. Cando o número de postos escolares ofertados nun centro sostido con fondos públicos sexa inferior ao número de solicitantes, a admisión rexeráse polos criterios establecidos na presente orde.

3. Na admisión do alumnado integrárase activamente a dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e en ningún caso haberá discriminación na admisión do alumnado por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, nin poderá exixirse a formulación de declaracións que poidan afectar a intimidade, crenzas ou convicións destes.

4. Para garantir a posibilidade de escolarizar todo o alumnado sen discriminación por motivos socioeconómicos, en ningún caso, poderán os centros públicos ou privados concertados percibir cantidades das familias por recibir as ensinanzas de carácter gratuío, impoñer ás familias a obriga de facer achegas a fundacións ou asociacións nin establecer servizos obrigatorios, asociados ás ensinanzas, que requirán achega económica por parte das familias do alumnado. No marco do disposto no artigo 51 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, quedan excluídas desta categoría as actividades extraescolares, as complementarias e os servizos escolares, que, en todo caso, terán carácter voluntario e non discriminatorio.

##### **Artigo 4º.-Áreas de influencia.**

1. Os titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria delimitarán, oídos os consellos escolares municipais, a xunta provincial de directores e unha representación dos titulares dos centros privados concertados, e logo de informe da inspección educativa, as áreas de influencia dos centros co obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio.

2. De non estar constituído o consello escolar municipal, oírse ao concello ou concellos afectados.

3. Para determinar a área de influencia de cada centro terase en conta a súa capacidade e a poboación que hai que escolarizar do seu contorno, tendo en conta á hora de fixalas que se lles poida ofrecer aos solicitantes polo menos un centro público e, sempre que sexa posible, un centro privado concertado.

4. Ademais do previsto no parágrafo anterior, para determinar a área de influencia de cada centro deberá terse en conta que os centros públicos adscritos a outros centros públicos, que impartan etapas diferentes, se consideran un só centro para os efectos de aplicación dos criterios de admisión do alumnado previstos na presente orde.

5. Os titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria delimitarán, así mesmo, as áreas limítrofes ás de influencia, para os efectos do disposto nos artigos 28 e 29 da presente orde.

6. Nos centros que impartan bacharelato, a delimitación das áreas de influencia e limítrofes será realizada por cada unha das modalidades.

7. As áreas de influencia e limítrofes terán unha vixencia de cinco anos prorrogables, sen prexuízo de que se poida proceder á súa modificación en calquera momento por variacións dos postos escolares ou da poboación para escolarizar do contorno ou porque así o aconselle a experiencia acadada na súa aplicación.

#### Artigo 5º.-Adscripción de centros docentes.

1. Para os efectos de escolarización de alumnos e alumnas, sen necesidade de novo proceso de admisión, os titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo coa planificación previamente realizada para atender as necesidades de escolarización, oídos os consellos escolares municipais, a xunta provincial de directores, e logo do informe da inspección educativa, adscribirán cada un dos centros públicos de educación infantil a centros públicos nos que se imparta educación primaria, e cada un dos centros públicos nos que se imparta educación primaria a centros públicos nos que se imparta educación secundaria obrigatoria.

2. A petición dos titulares dos centros privados concertados, os titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adscribirán os centros de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria a centros privados concertados que pertencen ao mesmo titular, sempre que se encontren na mesma área de influencia.

3. Se non mediase solicitude dos titulares ou o centro concertado non tivera outro centro privado ao que adscribirse conforme ao disposto no parágrafo anterior, os titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, oídos os centros afectados, efectuarán unha adscripción a centros públicos ou privados concertados, de acordo co procedemento previsto no punto 1 deste artigo.

4. Para os efectos de adscripción nos centros concertados, o número de prazas entenderase referido á capacidade destes, recollida na correspondente autorización administrativa dos centros, e ó número de unidades concertadas coas que contén.

#### Artigo 6º.-Cambio de curso, ciclo, nivel ou etapa.

1. De conformidade co establecido nos artigos 5.1º e 16.4º do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, unha

vez admitido un alumno ou alumna nun centro docente público ou privado concertado, queda garantida a súa permanencia nel ata a finalización das ensinanzas sostidas con fondos públicos que o centro estea autorizado a impartir, sen prexuízo do que a normativa vixente establece sobre requisitos académicos e de idade, de permanencia na etapa e sobre dereitos e deberes do alumnado, de tal xeito que o cambio de curso, ciclo, nivel ou etapa non requirirá un novo procedemento de admisión, agás que coincida cun cambio de centro.

2. Os pais, nais ou titores legais do alumnado ou os alumnos e alumnas cando sexan maiores de idade deberanlle remitir ao centro educativo, se é o caso, unha copia da solicitude que formulen para ser admitido noutro centro.

3. A admisión do alumnado nun novo centro implicará a perda do dereito de permanencia establecido no apartado 1 deste artigo.

4. O establecido no parágrafo 1 deste artigo non será de aplicación para o alumnado que vaia cursar ciclos formativos de grao medio ou de grao superior de formación profesional ou ensinanzas de réxime especial, que se rexerán pola súa normativa específica.

Artigo 7º.-Cambio dun centro a outro ao que se estea adscrito.

1. De conformidade co prescrito no artigo 16.2º do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, nos procedementos de admisión do alumnado en centros que impartan educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou bacharelato, cando non existan prazas suficientes, terán prioridade aqueles alumnos ou alumnas que procedan dos centros de educación infantil, educación primaria ou educación secundaria obrigatoria, respectivamente, que teñan adscritos.

2. Para os efectos de reserva de praza, os pais, nais ou titores legais do alumnado presentarán o documento que se publica como anexo I á presente orde no centro de adscripción no que pretenden continuar estudos, do 1 ao 15 de febreiro de cada ano.

3. As direccións dos centros públicos e os titulares dos centros privados concertados remitiranlle ao centro ao que están adscritos unha relación do alumnado susceptible de matricularse nel para o vindeiro curso.

4. No suposto de que exista máis demanda que oferta de postos escolares, as direccións dos centros comunicaranlles aos interesados, a través do taboleiro de anuncios do propio centro, que deberán presentar a solicitude establecida no artigo 8 da presente orde, xunto coa documentación xustificativa para a aplicación do baremo, no prazo establecido no artigo 9.

### Capítulo II Solicitude de admisión

#### Artigo 8º.-Solicitude de admisión.

1. As solicitudes axustaranse ao modelo oficial que se publica como anexo II a esta orde.

2. Este impreso será facilitado gratuitamente nos correspondentes centros docentes e poderá descargarse na páxina web da Consellería de Educación

e Ordenación Universitaria. Xunto coa solicitude os interesados e interesadas presentarán a documentación acreditativa do requisito de idade e de estar en disposición de reunir os requisitos académicos exixidos en cada nivel educativo ou etapa.

3. Cada solicitante presentará unha única solicitude, dirixida á dirección do centro, no caso dos centros públicos, e ao titular, no caso dos concertados.

4. A solicitude presentárase no centro que se solicita en primeiro lugar. Nela poderán relacionarse ata seis centros, por orde de preferencia, que serán considerados posteriormente, no caso de que o interesado ou interesada non se admita no centro ao que vai dirixida a solicitude.

5. Na mesma solicitude os pais, nais ou titores legais deberán manifestar se desexan ou non utilizar o servizo complementario de comedor.

6. Se o alumno ou alumna non obtivese praza no centro solicitado en primeiro lugar, a dirección do mesmo ou o titular, no caso dos centros privados concertados, remitiralle a solicitude, xunto coa correspondente documentación, á comisión de escolarización, que procederá a escolarizar este alumnado de acordo co que se dispón nesta orde.

7. Sen prexuízo do sinalado no apartado 4 deste artigo, as delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderán dispoñer que, en determinadas localidades, as solicitudes se presenten nun único centro ou dependencia.

8. Os interesados e interesadas, entregada a solicitude, terán dereito a que se lles expida unha copia ou xustificante, con data e selo, que acredite a súa petición.

#### Artigo 9º.-Prazo de solicitudes.

1. O prazo de presentación de solicitudes de admisión será do 1 de marzo ao 31 de marzo de cada ano, ambos os dous inclusive.

2. Cando o último día do prazo coincida con día non lectivo prorrogarase automaticamente ata o día inmediatamente seguinte que sexa lectivo.

#### Artigo 10º.-Solicitudes fóra de prazo.

1. As solicitudes presentadas fóra de prazo perderán prioridade en relación coas presentadas no prazo establecido e serán remitidas polo centro educativo á comisión de escolarización.

2. Os centros situados en ámbitos xeográficos sobre os que non estenda a súa competencia unha comisión de escolarización admitirán o alumnado que fixo a solicitude fóra de prazo, sempre que dispoñan de postos escolares vacantes.

3. As solicitudes de admisión fóra de prazo poderán presentarse directamente ante a comisión de escolarización ou, no seu defecto, ante o Servizo Provincial da Inspección Educativa.

#### Artigo 11º.-Solicitude de admisión do alumnado con necesidades educativas específicas.

1. Na solicitude os pais, nais ou titores legais deberán manifestar se optan a unha praza para alumnado

con necesidades educativas específicas, achegando, se for o caso, a documentación que acredite as circunstancias alegadas. No caso de alegar situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais, económicos ou culturais, achegarán informe dos servizos sociais oficiais competentes que acredite as circunstancias alegadas.

2. Os centros remitirán copia das solicitudes de praza para o alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo derivadas de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación intelectual, ou de trastornos graves da conduta ao presidente da Comisión de Escolarización ou, no seu defecto, ao titular da delegación provincial, no prazo máximo de cinco días hábiles a partir do día seguinte da súa presentación, xunto coa avaliación psicopedagóxica inicial realizada no centro, para que solicite informe do equipo de orientación específica.

3. Os centros remitirán, asemade, copia das solicitudes de praza para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por encontrarse en situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais, económicos ou culturais ao presidente da Comisión de Escolarización ou, no seu defecto, ao titular da Delegación Provincial, no prazo máximo de cinco días hábiles a partir do día seguinte ao da súa presentación, xunto coa avaliación psicopedagóxica inicial realizada no centro, para que poida solicitar informe do equipo de orientación específica.

4. A comisión de escolarización ou, no seu defecto, o titular da delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria remitirá aos centros educativos, antes da celebración das reunións dos consellos escolares para decidir sobre a admisión do alumnado, as solicitudes ás que se refire este artigo co informe vinculante de se procede ou non a súa escolarización con cargo á reserva de prazas prevista no artigo 15.2º desta orde.

#### Artigo 12º.-Ineficacia da solicitude.

1. Será ineficaz a solicitude presentada nos casos seguintes:

a) Cando se presente máis dunha solicitude para unhas mesmas ensinanzas no mesmo centro ou en centros diferentes.

b) Cando se comprobe a falsidade ou uso fraudulento da documentación achegada polo interesado ou interesada.

2. Nestes supostos non se terá en conta a solicitude ou solicitudes presentadas, realizándose a escolarización pola Comisión de Escolarización ou, no seu defecto, polo Servizo Provincial de Inspección Educativa.

#### Artigo 13º.-Presentación de documentación acreditativa dos criterios alegados.

1. Naqueles centros e para as ensinanzas nas que exista máis demanda que oferta de postos escolares, as direccións dos centros abrirán un prazo do 1 de abril ao 20 de abril, ambos os dous inclusive, para que os pais, nais ou titores legais do alumnado pre-

senten a documentación xustificativa dos méritos por eles alegados para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado, junto cunha copia del anexo II presentado anteriormente.

2. A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.

3. O consello escolar dos centros docentes públicos e o titular no caso dos centros privados concertados poderán requirir de forma motivada dos solicitantes documentación complementaria á establecida nesta orde, para a xustificación das situacións e circunstancias alegadas. No caso de que a devandita documentación non sexa achegada no prazo de dez días, entenderase que se renuncia á puntuación prevista no punto correspondente do baremo.

Artigo 14º.-Información ao alumnado e aos pais, nais ou titores legais.

1. Os centros docentes farán público o seu proxecto educativo e facilitaranlles ao alumnado e aos pais, nais ou titores legais tanta información favoreza unha maior participación da comunidade educativa. Así mesmo, informarán dos recursos específicos ou especiais e dos servizos complementarios de que dispoñan.

2. Os titulares dos centros privados concertados informarán, ademais, do seu carácter propio no caso de que o tivesen definido, de acordo co artigo 115 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. A matriculación do alumnado nun centro público ou privado concertado suporá respectar o seu proxecto educativo, sen prexuízo dos dereitos recoñecidos ao alumnado e ás súas familias nas leis e no establecido no punto 3 do artigo 84 da Lei orgánica de educación. Así mesmo, informarán, se é o caso, do réxime de financiamento con fondos públicos das ensinanzas concertadas, así como das actividades extraescolares e actividades complementarias, servizos complementarios e outros servizos de carácter voluntario e non lucrativo que ofrecen, coa indicación estimativa do prezo e da correspondente aprobación nos casos que sexa preceptiva.

3. Todos os centros docentes sostidos con fondos públicos facilitaranlles aos pais, nais ou titores legais que o soliciten e exporán no seu taboleiro de anuncios e en todos os sistemas de información pública de que dispoñan, durante o proceso de admisión do alumnado, polo menos a seguinte información:

a) Normativa reguladora da admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos.

b) Oferta de postos escolares en cada un dos cursos das ensinanzas sostidas con fondos públicos para o curso académico ao que se refire o proceso de admisión.

c) Área de influencia de cada unha das ensinanzas e da adscrición do centro, se existe, a outro ou outros centros.

d) Centros que ten adscritos.

e) Prazo de presentación de solicitudes.

f) Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremación alegados.

g) Servizos complementarios que ofrece o centro e normativa reguladora deles.

h) Calendario que inclúa a data de publicación das listaxes do alumnado admitido e os prazos para presentación de reclamación e, se é o caso, recursos.

i) Prazo para a formalización da matrícula.

k) Nota informativa na que se recorde que só se pode presentar unha única solicitude no centro no que se solicita praza en primeiro lugar e a ineficacia de todas as solicitudes no caso de incumprimento desta norma.

Artigo 15º.-Postos escolares vacantes.

1. Os titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por proposta das direccións dos centros públicos e dos titulares dos centros privados concertados, determinarán o número de postos escolares vacantes en cada centro, de acordo coa planificación previamente elaborada e a capacidade deste, así como co establecido no seu réxime de autorización e o número de unidades concertadas no caso dos centros privados concertados.

2. De acordo co establecido nos apartados 5 e 6 do artigo 26 do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, as direccións dos centros públicos e os titulares dos centros privados concertados, porán á disposición das comisións de escolarización ou, no seu defecto, do Servizo Provincial da Inspección, tres postos escolares por unidade para a escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, que serán asignados conforme se establece nesta orde.

3. Para a determinación dos postos escolares vacantes do centro ou centros docentes en cuxas áreas de influencia quede comprendido o domicilio dunha Residencia Escolar ou dunha Escola Fogar, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá un número de postos vacantes nos devanditos centros, suficientes para garantir a escolarización nos mesmos do alumnado residente.

Artigo 16º.-Número de alumnos por unidade escolar.

Os números de alumnos e alumnas por unidade escolar que se utilizarán para a estimación de vacantes en cada un dos niveis son as que se subliñan a continuación:

a) Segundo ciclo de educación infantil e educación primaria: 25 alumnos por unidade. Non obstante, os titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderán aplicar un número de 20 alumnos por grupo, sempre que se garanta a atención á demanda no centro e non se supere o número de alumnos que poidan ser escolarizados na educación primaria nese centro.

b) Educación secundaria obrigatoria: 30 alumnos por grupo.

c) Bacharelato: 33 alumnos por grupo.

### Capítulo III

#### Admisión do alumnado

Artigo 17º.-Acceso por primeira vez a un centro.

1. O procedemento de admisión que se regula neste capítulo aplicarase a aqueles alumnos e alumnas que accedan por primeira vez aos centros docentes públicos ou privados concertados para cursar ensinanzas correspondentes á educación infantil, á educación primaria, á educación secundaria obrigatoria e ao bacharelato.

2. De conformidade co previsto no punto 5º do artigo 84 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nos centros públicos que ofrezan varias etapas educativas o procedemento inicial de admisión realizarase ao comezo da que corresponda á menor idade.

3. De acordo co establecido no punto 8º do artigo 84 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, nos centros privados concertados, que impartan varias etapas educativas, o procedemento inicial de admisión realizarase ao comezo da oferta do curso que sexa obxecto de concerto e que corresponda á menor idade.

Artigo 18º.-Criterios xerais de prioridade para a admisión do alumnado.

1. Naqueles centros sostidos con fondos públicos onde houbese suficientes prazas dispoñibles para atender todas as solicitudes, serán admitidos todos os alumnos e alumnas que cumpran os requisitos de idade e, se é o caso, os académicos exixidos polo ordenamento xurídico vixente, para o nivel educativo e curso ao que se pretende acceder.

2. Neste caso, o centro educativo comunicará á correspondente comisión de escolarización ou, no seu defecto, á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o número de prazas adxudicadas e, se é o caso, as vacantes resultantes en cada curso.

3. Nos procedementos de admisión do alumnado, cando non existan prazas suficientes, terá prioridade o alumnado que proceda dos centros que teñan adscritos, conforme prevé o artigo 7.1º desta orde.

4. Naqueles centros sostidos con fondos públicos onde non existan prazas suficientes para atender todas as solicitudes, e adxudicadas, se é o caso, as prazas que proceda en aplicación do establecido no parágrafo anterior, o proceso de admisión será rexida polos seguintes criterios prioritarios:

a) Existencia de irmáns matriculados no centro ou pais, nais ou titores legais que traballen neste.

b) Proximidade do domicilio familiar ou do lugar de traballo do pai, nai ou titor que teña a custodia legalmente atribuída, ou dos alumnos ou alumnas maiores de idade ou menores emancipados.

c) Rendas anuais da unidade familiar.

d) Concorrenza de discapacidade no alumno ou alumna, ou no seu pai, nai, titor legal ou nalgún irmán.

e) A condición de familia numerosa.

f) Ademais, para as ensinanzas do bacharelato terase en conta o expediente académico do alumno ou alumna.

5. De conformidade co artigo 17.4º do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, os centros públicos adscritos a outros centros públicos, que impartan etapas diferentes, consideraranse centros únicos para os efectos de aplicación dos criterios de admisión establecidos no parágrafo anterior.

6. Os titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerán os centros nos que se imparte educación secundaria nos que terá prioridade para ser admitido o alumnado que siga programas deportivos de alto rendemento ou que curse simultaneamente ensinanzas de música ou danza e ensinanzas de educación secundaria.

Artigo 19º.-Definición e acreditación de irmáns matriculados no centro.

1. Para a consideración de irmáns matriculados no centro, só se terán en conta os que vaian continuar escolarizados no mesmo durante o curso escolar para o que se solicita a admisión.

2. No caso de centros docentes privados concertados será necesario, ademais, que estes teñan subscrito concerto para o nivel educativo no que cursará estudos o irmán ou os irmáns matriculados.

3. Para os efectos do previsto nesta orde, terán a consideración de irmáns os supostos seguintes:

a) As persoas sometidas a tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído dentro da mesma unidade familiar.

b) Os fillos das familias formadas por pais ou nais separados ou divorciados, aínda que non sexan fillos comúns.

4. Así mesmo, nos casos de irmáns que naceran dun parto múltiple, se lles outorgará a cada un deles a puntuación que se establece no artigo 26.a) da presente orde, sempre que todos solicitarán o mesmo centro e obtiveran a máxima puntuación pola proximidade do domicilio.

5. A acreditación de irmáns no centro farase mediante copia completa do libro ou libros de familia e certificación da dirección do centro.

Artigo 20º.-Definición e acreditación de pais, nais ou titores legais que traballen no centro.

1. Para a consideración de pais, nais ou titores legais que traballen no centro, teranse en conta aqueles que no prazo de solicitude de admisión teñan unha relación laboral ou funcional neste e que esta vaia continuar durante o curso escolar para o que se solicita a admisión.

2. A condición de traballador do propio centro acreditarase, no caso de centros adscritos, nos supostos centros públicos, mediante certificación da dirección do propio centro e, no caso de centros privados concertados, mediante certificación do titular do centro visada pola inspección educativa, cando se trate de persoal docente. No suposto de persoal non docente dos centros privados a condición de traballador acreditarase mediante certificación da dirección do centro e unha copia do contrato de traballo.

Artigo 21º.-Definición e acreditación do domicilio familiar e do lugar de traballo.

1. O solicitante poderá demandar que se teña en conta o domicilio familiar ou o lugar de traballo, non sendo acumulables as puntuacións polos dous criterios. A opción que se realice será única para todos os centros demandados na solicitude de admisión.

2. O domicilio ou lugar de traballo do propio alumno, se procede, será considerado por instancia do solicitante no caso de admisión a ensinanzas do bacharelato.

3. Considérase como domicilio familiar o habitual de residencia do pai, nai ou titores legais do alumnado ou, se é o caso, o dos alumnos e alumnas maiores de idade ou menores emancipados se viven en domicilios distintos dos daqueles e excepcionalmente o daqueles familiares cos que o menor efectivamente conviva sempre que esa convivencia real se probe mediante certificación específica expedida, para tales efectos, polo concello. Cando o pai, nai ou titores legais vivan en domicilios diferentes, considerárase como domicilio familiar o aquel que teña a garda e custodia legalmente atribuída por sentenza firme, por convenio regulador ou por acollemento familiar preadoptivo.

4. O domicilio familiar acreditarase mediante certificado do Padrón municipal. Os directores dos centros docentes públicos ou os titulares dos centros privados concertados solicitarán, ao día seguinte do remate do prazo de presentación de documentos, á delegación provincial correspondente que verifique que os datos de identificación fiscal, emitidos pola Axencia Estatal Tributaria no ano no que se solicita praza escolar, coinciden cos aportados no certificado do Padrón municipal. Para tal fin, de conformidade co establecido no apartado 10º do artigo 84 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e nos artigos 95.1º, epígrafe k) e 95.2º da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, na solicitude de inscrición os pais, nais ou titores legais autorizarán expresamente a utilización da información de carácter tributario que se precisa para a acreditación do domicilio fiscal, que será subministrada á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, a través de medios informáticos ou telemáticos.

Polo tanto, aquelas persoas interesadas que non presenten a autorización expresa para que a Axencia Estatal de Administración Tributaria subministre a información, a que se refire o punto anterior á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, terán cero puntos neste criterio de admisión.

De non coincidir os domicilios familiar e fiscal, os interesados deberán presentar a seguinte documentación complementaria: copia autenticada do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar (escritura de compravenda ou doazón, contrato de aluguer) e contrato de alta de recibos actualizados de subministracións (auga, luz, gas) a nome do solicitante da praza.

5. De conformidade co establecido no artigo 84.2º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o lugar de traballo do pai, da nai ou titores legais poderá ser alegado para os efectos da determinación da puntuación que proceda por proximidade do domicilio. Así mesmo, os alumnos e alumnas maiores de idade ou menores emancipados poderán optar, se é o caso, porque se considere o domicilio do seu lugar de traballo.

6. Cando se teña en conta o lugar de traballo, no caso dos traballadores que realizan a súa actividade por conta allea, a proximidade do lugar de traballo ao centro acreditarase mediante a achega dun certificado expedido para o efecto polo titular da empresa ou polo responsable de persoal desta e unha copia do contrato laboral. No caso de traballadores por conta propia, a proximidade do lugar de traballo ao centro acreditarase mediante alta censal inicial perante a Axencia Estatal Tributaria, con todas as posibles modificacións posteriores e alta na Tesourería Xeral no Réxime da Seguridade Social correspondente.

Os funcionarios presentarán a certificación expedida pola xefatura de persoal respectiva.

Artigo 22º.-Acreditación da renda da unidade familiar.

1. De conformidade co establecido no punto 10 do artigo 84 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e nos artigos 95.1º, epígrafe k) e 95.2º da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, na solicitude de admisión os pais, nais ou titores legais autorizarán expresamente a utilización da información de carácter tributario que se precisa para a acreditación da renda anual da unidade familiar, que será subministrada directamente á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, a través de medios informáticos ou telemáticos, no marco de colaboración entre ambas. A dita información será a que corresponda ao exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural no que se presenta a solicitude.

Polo tanto, aquelas persoas interesadas que non presenten a autorización expresa para que a Axencia Estatal de Administración Tributaria subministre a información, a que se refire o punto anterior, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria terán cero puntos neste criterio de admisión.

2. Para os efectos desta orde, considérase que a unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houber, por:

a) Os fillos e fillas menores de idade, con excepción dos que, co consentimento dos seus pais ou nais, vivan independentemente.

b) Os fillos e fillas maiores de idade incapacitados.

3. Nos casos de nulidade, separación ou divorcio entenderase por unidade familiar a formada polo pai ou nai e todos os fillos que residan habitualmente cun ou outro, que reúnan os requisitos subliñados no parágrafo anterior. Nos casos de custodia compartida, entenderase como unidade da renda familiar á unidade correspondente co domicilio familiar.

4. Tanto que se optase por unha tributación conxunta como por unha tributación individual, a autorización concederase por ambos os dous cónxuxes. Nos casos de separación legal, nulidade, divorcio ou cando non existise vínculo matrimonial, a autorización concederá o que teña a garda e custodia. Achegase, ademais, copia da sentenza de separación, nulidade ou divorcio, ou o libro de familia que acredite a inexistencia de vínculo matrimonial.

5. Para a valoración da renda da unidade familiar, os interesados deberán facer constar na solicitude a suma da base liquidable de todos os declarantes da unidade familiar, unha vez reducidos os seguintes mínimos: mínimo persoal e familiar, mínimo do contribuínte, mínimo por descendentes, mínimo por ascendentes e mínimo por discapacidade.

6. No caso de que a Axencia Estatal de Administración Tributaria non dispoña de datos da declaración da renda das persoas físicas dos suxeitos integrantes da unidade familiar, estes deberán achegar certificación de haberes, ou calquera outro documento de cada un deles, correspondente ao exercicio fiscal ao que se refire o punto 1 deste artigo, que permita aplicar o baremo que se establece nesta orde.

7. A información á que se refire este artigo só poderá ser utilizada para a finalidade prevista nesta orde.

As persoas que teñan acceso á mencionada información, en razón do proceso de admisión que teñen a obriga de realizar, terán o mesmo deber de sigilo que os funcionarios e funcionarias da Administración tributaria.

#### Artigo 23º.-Acreditación de discapacidade.

Para os efectos desta orde puntuaranse as discapacidades en grao igual ou superior ao 33 por 100. No suposto de que se alegue unha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, do alumno ou alumna, ou da súa nai, pai ou titores legais ou algún dos seus irmáns, esta deberá acreditarse mediante a certificación do ditame emitido polo órgano competente da Xunta de Galicia ou, se é o caso, doutras administracións públicas.

#### Artigo 24º.-Acreditación da condición de familia numerosa.

Esta circunstancia acreditarase mediante fotocopia compulsada do título oficial de familia numerosa que deberá estar en vigor ou da solicitude de recoñecemento ou renovación do referido título oficial debendo, neste último caso, achegar este ou a súa renovación con anterioridade á resolución do procedemento de admisión do alumnado.

#### Artigo 25º.-Acreditación do expediente académico.

No suposto de admisión nas ensinanzas do bacharelato, a nota do expediente académico irá referida ao terceiro curso da educación secundaria obrigatoria ou, se é o caso, da titulación que se alegue para o ingreso, e acreditarase mediante unha certificación académica persoal.

#### Artigo 26º.-Valoración da existencia de irmáns no centro.

a) Por un irmán matriculado no centro: 5 puntos.

b) Polo segundo e seguintes irmáns matriculados no centro: 2 puntos por cada un.

#### Artigo 27º.-Valoración por ser traballador do propio centro.

A valoración por ser traballador do propio centro será de cinco puntos e non será acumulable no suposto de que ambos os dous pais, ou titores legais traballen no mesmo centro.

#### Artigo 28º.-Valoración da proximidade do domicilio familiar ao centro.

A valoración da proximidade do domicilio familiar dos alumnos ou alumnas ao centro, realizarase aplicando o seguinte baremo:

a) Se o domicilio familiar se encontra na área de influencia do centro: 5 puntos.

b) Se o domicilio familiar se encontra nas áreas limítrofes á área de influencia do centro: 2 puntos.

c) Se o domicilio familiar se encontra noutras áreas: 0 puntos.

#### Artigo 29º.-Valoración da proximidade do lugar de traballo.

A valoración da proximidade do lugar de traballo realizarase aplicando o seguinte baremo:

a) Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado dentro da área de influencia do centro: 3 puntos.

b) Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado nas áreas limítrofes á área de influencia do centro: 1 punto.

c) Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado noutras áreas: 0 puntos.

#### Artigo 30º.-Valoración da renda anual da unidade familiar.

Na valoración da renda anual da unidade familiar terase en conta as especificidades que para o seu cálculo se aplican ás familias numerosas.

a) Ingresos iguais ou inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples: 3 puntos.

b) Ingresos superiores ao indicador público de renda de efectos múltiples e inferiores ao duplo do devandito indicador: 2 puntos.

c) Ingresos superiores ao duplo do indicador público de renda de efectos múltiples e inferiores ao triplo do dito indicador: 1 punto.

d) Ingresos iguais ou superiores ao triplo do indicador público de renda de efectos múltiples: 0 puntos.

Artigo 31º.-Valoración da discapacidade.

A valoración da discapacidade á que fai referencia o artigo 23º da presente orde, realízase aplicando o seguinte baremo:

a) Por discapacidade do alumno ou alumna: 3 puntos.

b) Por discapacidade da nai, pai, ou titor legal: 2 puntos por cada un deles.

c) Por discapacidade nalgún dos irmáns do alumno ou alumna: 1 punto por cada un deles.

Artigo 32º.-Valoración da pertenza a familia numerosa.

Por pertencer a familia numerosa outorgarase 1 punto.

Artigo 33º.-Valoración do expediente académico.

Para o acceso ás ensinanzas do bacharelato, o expediente académico na titulación alegada para o ingreso terá a seguinte valoración:

a) Nota media de sobresaliente: 1 punto.

b) Nota media de notable: 0,50 puntos.

c) Por nota media de ben: 0,25 puntos.

Artigo 34º.-Puntuación total e criterios de desempate.

1. A puntuación total que obteñan os alumnos e alumnas, aplicando os baremos establecidos nos artigos precedentes, decidirá a orde de admisión.

2. No caso de empate na puntuación final, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios de desempate:

a) Maior puntuación no punto de ter irmáns matriculados no centro.

b) Ter ao pai, nai ou titor legal traballando no centro.

c) Maior puntuación no punto de proximidade do domicilio familiar ou laboral.

d) Maior puntuación no punto de discapacidade.

e) Maior puntuación no punto de renda da unidade familiar.

f) No caso de bacharelato, maior puntuación no expediente académico.

g) Ter a condición da familia numerosa.

3. Se unha vez aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado dun sorteo público, que se realizará anualmente na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, o día 1 de marzo ou, de non ser lectivo, o día lectivo inmediatamente seguinte, ás doce horas.

No sorteo extraeranse dúas letras de prioridade do primeiro e segundo apelido. Terán preferencia aqueles alumnos e alumnas que inicien o seu apelido polas dúas letras resultantes nos sorteos continuando na terceira letra pola orde alfabética. No caso de igualdade no primeiro apelido desempatarase pola prioridade no segundo, en función das letras resultantes no sorteo. De non haber ningunha persoa cos apelidos das dúas primeiras letras pasarase á segunda letra inmediatamente seguinte.

Nos casos de irmáns que nacesen dun parto múltiple garantirase que todos eles son escolarizados no mesmo centro incrementando para tal fin, se fose necesario, o número de alumnos por unidade establecido no artigo 16º desta orde.

Artigo 35º.-Resolución provisional de admitidos e non admitidos.

1. Realizada a baremación de acordo co establecido nos artigos anteriores, procederase a publicar no taboleiro de anuncios de cada centro a relación nominal de todo o alumnado admitido e non admitido por curso, mediante listaxes ordenadas por orde de puntuación, nas que deberá constar a puntuación asignada a cada alumno polos distintos criterios establecidos no baremo, así como a puntuación total obtida.

2. Estas listaxes, que deberán publicarse con anterioridade ao 30 de abril, terán un carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o consello escolar do centro público ou titular do centro privado concertado no prazo de cinco días hábiles.

3. As reclamacións resolveranse no prazo de cinco días hábiles.

Artigo 36º.-Resolución definitiva de admitidos e non admitidos.

Unha vez resoltas as reclamacións presentadas publicaranse as listaxes definitivas de alumnado admitido e non admitido, ordenadas por puntuación, no taboleiro de anuncios dos centros.

Artigo 37º.-Adxudicación de vacantes pola comisión de escolarización ou polos titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

1. As direccións dos centros públicos e os titulares dos centros privados concertados remitirán á comisión de escolarización e, no seu defecto, aos titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo das corenta e oito horas seguintes a exposición da listaxe definitiva de admitidos, a seguinte documentación:

a) Copia das listaxes definitivas de admitidos.

b) Número de postos escolares non cubertos, detallados por cursos e niveis.

c) Listaxe do alumnado que non resultou admitido no centro, xunto coa documentación presentada.

2. Recibida a documentación anterior nas comisións de escolarización ou, no seu defecto, nas delegacións provinciais, ábrese o proceso de adxudicación das prazas vacantes, respecto das solicitudes que non resul-

taron admitidas nos centros demandados en primeiro lugar.

3. No caso de producirse vacantes nalgún centro docente con posterioridade á data da resolución definitiva, estas serán comunicadas á comisión de escolarización que as ofertará aos solicitantes que, por puntuación, lles corresponderían. En calquera caso, esta asignación de vacantes deberá producirse con anterioridade ao inicio do prazo de matrícula.

4. As prazas que xurdan con posterioridade ao inicio do prazo de matrícula serán comunicadas á comisión de escolarización ou, no seu defecto, aos titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que procederán, se é o caso, a súa adxudicación.

#### Artigo 38º.- Servizos complementarios

O alumnado que solicite e obteña praza nun centro distinto ao que lle corresponda, segundo a distribución das áreas de influencia establecida polos titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, non terán dereito a ningún dos servizos complementarios establecidos con carácter gratuíto e sufragados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### Capítulo IV

#### Escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Artigo 39º.- Escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo nos centros ordinarios.

1. Os consellos escolares dos centros públicos e os titulares dos centros privados concertados adxudicarán as prazas reservadas no artigo 15.2º desta orde a aqueles alumnos ou alumnas co informe vinculante ao que fai referencia o artigo 11.3º.

De existir máis solicitudes que prazas reservadas adxudicaránse estas aos peticionarios con maior puntuación. As restantes concorrerán en igualdade de condicións con todas as demais, sen prexuízo da limitación prevista no parágrafo 5º deste artigo.

2. As direccións dos centros públicos e os titulares dos centros privados concertados comunicarán ás comisións de escolarización ou, no seu defecto, aos titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria as solicitudes de alumnado con necesidade específica de apoio educativo que non resultasen admitidas na resolución definitiva a que fai referencia o artigo 36 desta orde, e, se é o caso, as prazas vacantes reservadas a este alumnado.

3. As comisións de escolarización ou, no seu defecto, os titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria procederán a distribuír este alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, non admitido na resolución definitiva entre os centros públicos e privados concertados da localidade que teñan vacantes reservadas para este alumnado, de acordo cos seguintes criterios:

a) A elección de centro formulada pola familia.

b) Existencia de irmáns no centro.

c) Disponibilidade de prazas nos centros da área de influencia, por non ter cuberta a reserva destinada ao alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo.

d) Garantía dunha adecuada e equilibrada escolarización do alumnado.

4. Os titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderán determinar centros en que polas súas características, dotación e recursos o alumnado con necesidades educativas específicas terá unha escolarización preferente. En particular, no relativo ao alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade psíquica, motórica ou sensorial, os titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderán adoptar medidas que permitan a súa escolarización en centros ordinarios dotados de medios físicos, técnicos e profesionais adecuados.

5. Con carácter xeral, o número de alumnos e alumnas con necesidades educativas específicas a que se refire o artigo 11º.1 desta orde en cada un dos centros públicos e privados concertados non será superior a 3 por unidade, agás nos centros de escolarización preferente.

Artigo 40º.-Admisión en unidades ou centros de educación especial.

A escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais en unidades ou centros de educación especial, que poderá estenderse ata os vinte e un anos, só se levará a cabo cando as súas necesidades non poidan ser atendidas no marco das medidas de atención á diversidade nos centros ordinarios.

### Capítulo V

#### Órganos competentes para resolver os procesos de admisión

Artigo 41º.-Consellos escolares e titulares dos centros privados concertados.

1. Nos centros públicos o órgano competente para decidir sobre a admisión do alumnado é o consello escolar do centro, con suxeición a esta orde e ás normas que o desenvolvan.

2. Nos centros privados concertados, os seus titulares serán os responsables do cumprimento estrito das normas xerais sobre a admisión de alumnos. O consello escolar do centro participará no proceso de admisión de alumnado, garantindo a suxeición ás normas sobre este.

Artigo 42º.-Comisións de escolarización

1. Os titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderán constituír comisións de escolarización de ámbito municipal, coa finalidade de garantir e supervisar o cumprimento das normas sobre admisión de alumnado e o exercicio dos dereitos recoñecidos nesta

orde, así como adoptar as medidas oportunas para a adecuada escolarización de todos os alumnos e alumnas.

2. As comisións de escolarización constituiranse, en todo caso, cando a demanda de prazas dalgún centro educativo do seu ámbito de actuación supere a oferta.

Artigo 43º.-Composición das comisións de escolarización.

1. Cada comisión de escolarización estará constituída polos seguintes membros, nomeados polo titular do delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria:

a) Un inspector ou inspectora de educación que exercerá a presidencia.

b) Un director ou directora dun centro público do ámbito de actuación da comisión de escolarización, nomeado por proposta da xunta provincial de directores.

c) Un ou unha titular de centros concertados do ámbito de actuación da comisión de escolarización, nomeado por proposta das organizacións de titulares en función da súa representatividade. No caso de que non haxa centros concertados na zona, acumularase este posto a un segundo representante dun centro público.

d) Un representante do concello comprendido no ámbito de actuación da comisión de escolarización.

e) Dous representantes das nais ou pais dos alumnos dos centros do ámbito de actuación da comisión de escolarización, un deles dun centro público e outro dun centro privado concertado, nomeados por proposta das federacións e asociacións respectivas. No caso de que non haxa centros concertados na zona, acumularase este representante a un centro público.

f) Dous representantes do profesorado, un deles dun centro público por proposta da xunta de persoal docente e outro por proposta das organizacións sindicais con representación no ensino concertado. No caso de que non haxa centros concertados na zona, acumularase este representante a un centro público.

g) Unha funcionaria ou un funcionario designado ou designada polo delegado provincial, e que actuará como secretaria ou secretario, con voz e sen voto.

2. Os titulares da delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomearán libremente, de acordo cos criterios e proporcións establecidas nos puntos anteriores, os membros da comisións de escolarización cando non formule ningunha proposta o sector correspondente, procurando unha representación equilibrada de ambos os sexos entre os membros que deba elixir da comisión de escolarización.

Artigo 44º.-Funcións das comisións de escolarización.

1. As comisións de escolarización terán as seguintes funcións:

a) Informar, segundo o procedemento que se establece, os pais, nais ou titores legais do alumnado e

a este sobre os centros docentes públicos e privados concertados e sobre as prazas dispoñibles neles.

b) Distribuír entre os diferentes centros ao alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo

c) Establecer actuacións para verificar que cada solicitante presentou unha única instancia e, se é o caso, dar cumprimento ao previsto no artigo 12º desta orde.

d) Supervisar o proceso de admisión de alumnado e o cumprimento das normas que o regulan propondo, se é o caso, aos titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a adopción das medidas que consideren adecuadas. Para o cumprimento desta función, o presidente da comisión poderá solicitar informe do inspector do centro.

e) Distribuír aqueles alumnos ou alumnas que non obteñan posto escolar no centro solicitado en primeiro lugar entre os centros que contén con prazas vacantes, tendo en conta, cando sexa posible, as preferencias dos representantes legais do alumnado e os criterios de admisión establecidos nesta orde, garantindo a escolarización de todo o alumnado.

f) Adoptar as medidas necesarias para a escolarización das solicitudes efectuadas fóra de prazo.

g) Calquera outra que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en relación coa aplicación das normas sobre admisión de alumnado en centros sostidos con fondos públicos.

2. As comisións de escolarización poderán recibir dos centros educativos, dos concellos ou das unidades competentes das delegacións provinciais, toda a documentación que coiden necesaria para o exercicio das súas funcións.

3. Iniciado o curso académico, os titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinarán a data en que as comisións de escolarización se disolven, asumindo as súas funcións a inspección educativa.

## Capítulo VI

### Procedemento de admisión nas comisións de escolarización

Artigo 45º.-Procedemento nas comisións de escolarización ou nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

1. A comisión de escolarización ou, no seu defecto, o servizo provincial de inspección asignará praza a aqueles alumnos e alumnas que non obteñan posto escolar no centro solicitado en primeiro lugar nos centros onde teñan vacantes, tendo en conta, cando sexa posible, as preferencias dos pais, nais ou titores legais explicitadas na solicitude e a puntuación obtida por aplicación do baremo.

2. As solicitudes de praza que resultasen ineficaces por incorrer nalgún dos supostos previstos no artigo 12 desta orde e as presentadas fóra de prazo serán atendidas ao rematar o proceso regulado no parágrafo anterior, téndose en conta as súas preferencias só no caso das vacantes dispoñibles.

3. As adxudicacións realizadas pola comisión de escolarización ou polo servizo provincial de inspección expóranse nos taboleiros de anuncios dos centros nos que se obtivo praza e das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 46º.-Solicitudes fóra do proceso de admisión.

1. Son solicitudes fóra do proceso de admisión as presentadas con posterioridade á publicación das adxudicación de vacantes previstas no artigo anterior.

2. Os servizos provinciais de inspección adxudicarán praza a estas solicitudes, seguindo a orde de entrada delas e en función das prazas vacantes dispoñibles despois dos prazos de matrícula establecidos nesta orde.

3. As delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptarán, se é o caso, as medidas necesarias para garantir a escolarización do alumnado de ensinanza obrigatoria.

Artigo 47º.-Cambios de centro derivados de actos de violencia ou acoso escolar.

Os titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asegurarán a escolarización inmediata das alumnas ou alumnos que se vexan afectados por cambios de centro derivados de actos de violencia de xénero ou acoso escolar. Igualmente, facilitarán que os centros educativos presten especial atención a este alumnado.

Artigo 48º.- Escolarización por traslado dos pais, nais ou titores legais.

Os titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria asegurarán a escolarización do alumnado que, unha vez iniciado o curso académico, se vexa afectado polo traslado a diferente localidade dos seus pais, nais ou titores legais respectando, sempre que haxa vacantes, o dereito de elección de centro dos pais.

Artigo 49º.-Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

De conformidade co disposto no artigo 16.6º do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria favorecer a incorporación ao sistema educativo do alumnado que, por proceder doutros países ou por calquera outro motivo, se incorpore de forma tardía ao sistema educativo español. Para tal fin, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá autorizar un incremento de ata un dez por cento do número máximo de alumnos e alumnas por unidade nos centros públicos e privados concertados dunha mesma área e escolarización para atender as necesidades inmediatas de escolarización que se produzan.

## Capítulo VII Recursos e denuncias

Artigo 50º.-Recursos contra as decisións dos consellos escolares dos centros públicos, das comisións de escolarización e do servizo provincial de inspección.

As resolucións definitivas na admisión do alumnado ditadas polos consellos escolares dos centros públicos, as comisións de escolarización e os servizos provinciais de inspección poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o titular da delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación.

Artigo 51º.-Denuncia contra decisión dos titulares dos centros privados concertados.

No caso dos centros privados concertados, os acordos definitivos sobre admisión de alumnado que adopten os titulares poderán ser obxecto de denuncia polos interesados no prazo dun mes perante o titular da delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, cuxa resolución porá fin á vía administrativa.

Contra as resolucións das reclamacións por parte dos titulares dos centros privados concertados poderá presentarse denuncia ante os titulares das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por incumprimento das normas que regulan a admisión do alumnado. A resolución dos titulares das delegacións provinciais porá fin á vía administrativa.

## Capítulo VIII Matrícula do alumnado

Artigo 52º.-Formalización da matrícula.

1. O alumnado admitido en cada centro educativo mediante calquera dos procesos descritos nos artigos anteriores desta orde formalizará a súa matrícula nel.

2. Os prazos de formalización de matrícula serán os seguintes:

a) Do 20 ao 30 de xuño para o alumnado de educación infantil e primaria.

b) Do 25 de xuño ao 10 de xullo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

c) Prazo extraordinario do 1 ao 10 de setembro para o alumnado de educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

3. Se finalizado o prazo de matrícula, non se formalizase esta, decaerá o dereito á praza obtida.

4. O alumnado de educación secundaria obrigatoria admitido en centros distintos ao de adscrición deberán solicitar do centro de primaria un certificado en que conste a superación desa etapa educativa para os efectos de formalizar a matrícula.

5. A dirección dos centros en que se imparte educación secundaria solicitará ás direccións dos colexios de educación infantil e primaria ou primaria a docu-

mentación correspondente ao alumnado que formalizou a matrícula no centro que dirixe. Mentres tanto, toda a documentación quedará depositada no colexio de educación infantil e primaria ou primaria.

Artigo 53º.-Comunicación de vacantes posteriores á formalización da matrícula.

Transcorridos os prazos de matrícula, as direccións dos centros públicos e os e as titulares dos centros privados concertados comunicarán á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o número de prazas escolares vacantes especificando curso e nivel educativo. Así mesmo, comunicaranse todas as vacantes que se produzan ao longo do curso académico.

Artigo 54º.-Anulación de matrícula.

1. As direccións dos centros docentes, por petición razoada do alumnado ou, se é menor de idade, dos seus pais, nais ou titores legais, antes de finalizar o mes de abril de cada curso, cando as causas alegadas imposibiliten a asistencia do alumno ou alumna a clase, poderán deixar sen efecto a súa matrícula no bacharelato.

2. Neste caso, a matrícula non será computada para os efectos do número máximo de anos de permanencia no bacharelato.

Artigo 55º.-Alumnado estranxeiro.

O establecido nesta orde en relación coa escolarización será aplicable ao alumnado estranxeiro nos termos establecidos na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificada pola Lei orgánica 8/2000, do 22 de decembro, e na normativa que as desenvolva.

Artigo 56º.-Escolarización en centros que impartan parte das materias en linguas estranxeiras.

Os criterios de admisión establecidos nesta orde serán de aplicación nos centros autorizados a impartir parte das materias do currículo en linguas estranxeiras.

Artigo 57º.-Datos de carácter persoal.

1. En relación cos datos de carácter persoal que sexan tratados durante o proceso de admisión do alumnado previsto nesa orde, aplicarase o disposto na disposición adicional 23ª da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. De maneira específica, as persoas que no desenvolvemento do proceso de admisión do alumnado accedan a datos de carácter persoal, deberán gardar sixelo sobre eles. No caso contrario, procederase á apertura do correspondente procedemento administrativo, para os efectos de determinar as posibles responsabilidades en que se puidese ter incorrido.

Artigo 58º.-Confidencialidade da información tributaria.

Todas as informacións as que se refire esta orde só poderán ser utilizadas para os fins previstos nela.

As persoas que teñan acceso ás mencionadas informacións terán o deber de sixelo e confidencialidade.

Artigo 59º.-Incumprimento en centros públicos.

O incumprimento das normas sobre admisión de alumnado polos centros docentes públicos, dará lugar á apertura do correspondente procedemento administrativo, para os efectos de determinar as posibles responsabilidades en que se puidese ter incorrido.

Artigo 60º.-Incumprimento en centros privados concertados.

O incumprimento das normas sobre admisión de alumnado polos centros privados concertados é causa de incumprimento grave do concerto por parte do titular do centro e poderá dar lugar ás sancións previstas no artigo 62, punto 5º e 6º da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

#### *Disposición adicional*

Utilización de medios informáticos.

De conformidade co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 30/2007, do 15 de marzo, a xestión dos procesos de admisión de alumnos poderá realizarse a través de procedementos telemáticos, seguindo as instrucións que, se é o caso, se diten pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

#### *Disposición transitoria*

No procedemento de admisión de alumnos e alumnas para o curso académico 2007-2008, os prazos previstos nesta orde serán os seguintes:

- a) Reserva de praza no centro de adscrición: do 19 de marzo ao 30 de marzo.
- b) Sorteo público previsto no artigo 34: 30 de marzo.
- c) Publicación de vacantes: 10 de abril.
- d) Presentación de solicitudes: do 10 ao 30 de abril.
- e) Presentación de documentación acreditativa dos criterios de admisión: do 2 de maio ao 18 de maio.
- f) Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos: con anterioridade ao 31 de maio.
- g) Os prazos de formalización de matrícula serán os establecidos no artigo 52 desta orde.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Segunda.-Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2007.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**ANEXO I**

DOCUMENTO PARA RESERVA DE PRAZA. CAMBIO DUN CENTRO A OUTRO AO QUE SE ESTEA ADSCRITO.

|                                                                                |                   |
|--------------------------------------------------------------------------------|-------------------|
| PROCEDEMENTO                                                                   | DOCUMENTO         |
| <b>ADMISIÓN DE ALUMNOS/AS EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS</b> | <b>SOLICITUDE</b> |

**DATOS DO/A ALUMNO/A SOLICITANTE (1)**

|                   |                                                                                     |      |                                                          |
|-------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|------|----------------------------------------------------------|
| PRIMEIRO APELIDO  | SEGUNDO APELIDO                                                                     | NOME | DNI                                                      |
| DATA DE NACEMENTO | No caso de ser admitido no centro, faría uso do servizo de comedor escolar? (2)     |      | Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> |
| SEXO (V/M)        | Opta a unha praza para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo? (3) |      | Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> |

**DATOS DA NAI, PAI OU TITOR/A LEGAL**

|                  |                 |      |     |
|------------------|-----------------|------|-----|
| PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME | DNI |
| PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME | DNI |

**ENDEREZO FAMILIAR E OUTRA INFORMACIÓN DE CONTACTO**

|                                                      |                |                    |               |           |
|------------------------------------------------------|----------------|--------------------|---------------|-----------|
| ENDEREZO (RÚA, NÚMERO, ESCALEIRA, PISO, LETRA, etc.) |                |                    | LOCALIDADE    |           |
| CONCELLO                                             | CP             | PROVINCIA          | TELÉFONO FIXO | EXTENSIÓN |
| FAX                                                  | TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO |               |           |

**EXPÓN:**

Que durante o presente ano académico cursa os estudos correspondentes ao \_\_\_\_\_ curso de (4) \_\_\_\_\_  
no centro \_\_\_\_\_

**SOLICITA:**

Que lle sexa reservada unha praza, para o vindeiro curso escolar, como alumno/a do centro \_\_\_\_\_  
no nivel e curso que a continuación se detallan:

☐ EDUCACIÓN INFANTIL    2º ciclo    1º ☐ 2º ☐ 3º ☐ Curso

☐ EDUCACIÓN PRIMARIA    1º ☐ 2º ☐ 3º ☐ 4º ☐ 5º ☐ 6º ☐ Curso

☐ EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)    1º ☐ 2º ☐ 3º ☐ 4º ☐ Curso

☐ BACHARELATO    1º ☐ 2º ☐ Curso

Modalidade: ☐ Ciencias da natureza e da saúde    ☐ Humanidades e ciencias sociais    ☐ Tecnoloxía    ☐ Artes

**ACHEGA:**

Para tal efecto, a seguinte documentación acompañando esta instancia:

- ☐ Se é o caso, documentación xustificativa da solicitude dunha praza para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (3)

**Lexislación aplicable:**

Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo da educación infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos.

**Sinatura do/a solicitante:**

En \_\_\_\_\_ o \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200

**Director/a // titular do** .....



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**ANEXO I**

DOCUMENTO PARA RESERVA DE PRAZA. CAMBIO DUN CENTRO A OUTRO AO QUE SE ESTEA ADSCRITO

**ADMISIÓN DE ALUMNOS/AS EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS****INFORMACIÓN**

- 1.- A solicitude de reserva de praza escolar será única e presentarse no centro adscrito onde o/a solicitante pretenda ser admitido/a.

No suposto de que exista máis demanda que oferta de postos escolares, as direccións dos centros comunicaranlles aos interesados e interesadas, a través do taboleiro de anuncios do propio centro, que deberán presentar unha solicitude de admisión, xunto coa documentación xustificativa, para a aplicación do baremo.

- 2.- Só no caso dos centros que ofrezan este servizo.

- 3.- Achegarase, se fose o caso, a documentación que acredite as circunstancias que fundamentan esta petición, derivada de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación intelectual ou de trastornos graves da conduta.

No caso de alegar situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais, económicos ou culturais, achegarán informe dos servizos sociais oficiais competentes que acrediten as circunstancias alegadas.

- 4.- Indicar se se trata de educación infantil, educación primaria, ESO ou bacharelato.



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN**  
**E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

**ANEXO II**  
**DOCUMENTO PARA SOLICITUDE DE ADMISIÓN**

|                                                                                                                                                                                                                                              |        |                                                                                     |                    |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|-------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| PROCEDEMENTO                                                                                                                                                                                                                                 |        | DOCUMENTO                                                                           |                    |
| ADMISIÓN DE ALUMNOS/AS EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS                                                                                                                                                                      |        | SOLICITUDE                                                                          |                    |
| DATOS DO/A ALUMNO/A SOLICITANTE (1)                                                                                                                                                                                                          |        |                                                                                     |                    |
| PRIMEIRO APELIDO                                                                                                                                                                                                                             |        | SEGUNDO APELIDO                                                                     |                    |
| NOME                                                                                                                                                                                                                                         |        | DNI                                                                                 |                    |
| DATA DE NACEMENTO                                                                                                                                                                                                                            |        | No caso de ser admitido/a no centro, faría uso do servizo de comedor escolar? (2)   |                    |
| SEXO (V/M)                                                                                                                                                                                                                                   |        | Opta a unha praza para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo? (3) |                    |
| DATOS DA NAI, PAI OU TITOR/A LEGAL                                                                                                                                                                                                           |        |                                                                                     |                    |
| PRIMEIRO APELIDO                                                                                                                                                                                                                             |        | SEGUNDO APELIDO                                                                     |                    |
| NOME                                                                                                                                                                                                                                         |        | DNI                                                                                 |                    |
| PRIMEIRO APELIDO                                                                                                                                                                                                                             |        | SEGUNDO APELIDO                                                                     |                    |
| NOME                                                                                                                                                                                                                                         |        | DNI                                                                                 |                    |
| ENDEREZO FAMILIAR E OUTRA INFORMACIÓN DE CONTACTO                                                                                                                                                                                            |        |                                                                                     |                    |
| ENDEREZO (RÚA, NÚMERO, ESCALEIRA, PISO, LETRA, etc.)                                                                                                                                                                                         |        | LOCALIDADE                                                                          |                    |
| CONCELLO                                                                                                                                                                                                                                     |        | CP                                                                                  |                    |
| PROVINCIA                                                                                                                                                                                                                                    |        | TELÉFONO FIXO                                                                       |                    |
| EXTENSIÓN                                                                                                                                                                                                                                    |        | FAX                                                                                 |                    |
| TELÉFONO MÓBIL                                                                                                                                                                                                                               |        | CORREO ELECTRÓNICO                                                                  |                    |
| ENDEREZO LABORAL (4)                                                                                                                                                                                                                         |        |                                                                                     |                    |
| DENOMINACIÓN DA EMPRESA                                                                                                                                                                                                                      |        | ENDEREZO (RÚA, NÚMERO, ESCALEIRA, PISO, LETRA, etc.)                                |                    |
| LOCALIDADE                                                                                                                                                                                                                                   |        | CONCELLO                                                                            |                    |
| CP                                                                                                                                                                                                                                           |        | PROVINCIA                                                                           |                    |
| EXPÓN: que durante o presente ano académico cursa os estudos correspondentes ao _____ curso de (5) _____ no centro _____                                                                                                                     |        |                                                                                     |                    |
| SOLICITA: que sexa admitido para o vindeiro curso escolar como alumno/a do centro _____ no nivel e curso que a continuación se detallan:                                                                                                     |        |                                                                                     |                    |
| <input type="checkbox"/> EDUCACIÓN INFANTIL 2º ciclo 1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> Curso                                                                                               |        |                                                                                     |                    |
| <input type="checkbox"/> EDUCACIÓN PRIMARIA 1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/> 5º <input type="checkbox"/> 6º <input type="checkbox"/> Curso                    |        |                                                                                     |                    |
| <input type="checkbox"/> EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO) 1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/> Curso                                                        |        |                                                                                     |                    |
| <input type="checkbox"/> BACHARELATO 1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> Curso                                                                                                                                           |        |                                                                                     |                    |
| Modalidade: <input type="checkbox"/> Ciencias da natureza e da saúde <input type="checkbox"/> Humanidades e ciencias sociais <input type="checkbox"/> Tecnoloxía <input type="checkbox"/> Artes                                              |        |                                                                                     |                    |
| ACHEGA, para tal efecto, a seguinte documentación acompañando esta instancia:                                                                                                                                                                |        |                                                                                     |                    |
| <input type="checkbox"/> Aquele alumnado que non estivese matriculados en ningún centro no momento de facer a solicitude de admisión, presentará unha certificación escolar.                                                                 |        |                                                                                     |                    |
| <input type="checkbox"/> Se é o caso, documentación xustificativa da solicitude dunha praza para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (3)                                                                                 |        |                                                                                     |                    |
| <input type="checkbox"/> Folla 2 da solicitude de admisión <input type="checkbox"/> Folla 3 da solicitude de admisión                                                                                                                        |        |                                                                                     |                    |
| No suposto de que NON SEXA ADMITIDO/A no centro mencionado anteriormente, SOLICITA ser admitido/a, por orde de prioridade, nos seguintes:                                                                                                    |        |                                                                                     |                    |
| Orde                                                                                                                                                                                                                                         | Centro | Curso                                                                               | Nivel / Modalidade |
| 1º                                                                                                                                                                                                                                           |        |                                                                                     |                    |
| 2º                                                                                                                                                                                                                                           |        |                                                                                     |                    |
| 3º                                                                                                                                                                                                                                           |        |                                                                                     |                    |
| 4º                                                                                                                                                                                                                                           |        |                                                                                     |                    |
| 5º                                                                                                                                                                                                                                           |        |                                                                                     |                    |
| 6º                                                                                                                                                                                                                                           |        |                                                                                     |                    |
| Lexislación aplicable:                                                                                                                                                                                                                       |        | Sinatura do/a solicitante:                                                          |                    |
| Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo da educación infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos. |        | En _____ o _____ de _____ de 20 _____                                               |                    |

Director/a // titular do .....



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**ANEXO II**  
**DOCUMENTO PARA SOLICITUDE DE ADMISIÓN**

**ADMISIÓN DE ALUMNOS/AS EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS**

**FOLLA 2**

**NOTA IMPORTANTE:**

**Artigo 12:** Será ineficaz a solicitude presentada nos casos seguintes:

- a) Cando se presente máis dunha solicitude para unha mesma ensinanza no mesmo centro ou en centros diferentes.
- b) Cando se comprobe a falsidade ou uso fraudulento da documentación achegada polo interesado ou interesada.

Nestes supostos, non se terá en conta a solicitude ou solicitudes presentadas e realizarase a escolarización pola Comisión de Escolarización ou, no seu defecto, polo Servizo Provincial de Inspección Educativa.

**A CRITERIOS ALEGADOS E INFORMACIÓN NECESARIA PARA A SOLICITUDE DE PRAZA NO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO) E BACHARELATO.**

O/a abaixo asinante **DECLARA**, baixo a súa responsabilidade, que é certa cantita información aquí se sinala, así como que os criterios marcados son os únicos que desexa que se teñan en conta, á hora de obter a puntuación correspondente no proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos.

Así mesmo, comprométese a achegar cantita documentación sexa necesaria para xustificar cada un dos puntos declarados, no caso de que esta lle sexa solicitada pola Administración educativa.

|                                                                                                                                                                                                      |       | Puntuación<br>(13) |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------|--------------------|
| <b>Irmáns do solicitante matriculados no centro durante o curso escolar para o que se solicita a admisión (6):</b>                                                                                   |       |                    |
| Apelidos e nome de cada irmán                                                                                                                                                                        | Curso |                    |
|                                                                                                                                                                                                      |       |                    |
|                                                                                                                                                                                                      |       |                    |
|                                                                                                                                                                                                      |       |                    |
| <b>Pai, nai ou titor/a legal é traballador/a do propio centro (7):</b>                                                                                                                               |       |                    |
| <b>Domicilio familiar (4) (8):</b>                                                                                                                                                                   |       |                    |
| <b>Lugar de traballo do pai, nai ou titor/a legal (4) (9):</b>                                                                                                                                       |       |                    |
| <b>Familia numerosa:</b>                                                                                                                                                                             |       |                    |
| <b>Renda anual da unidade familiar (10):</b> indicarase a suma da renda anual de todos os declarantes                                                                                                |       |                    |
| <b>Discapacidade igual ou superior ao 33% do alumno/a, nai, pai, titor/a legal ou algún dos seus irmáns:</b>                                                                                         |       |                    |
| <b>Só bacharelato (11):</b> nota media obtida no terceiro curso da ESO ou na titulación alegada                                                                                                      |       |                    |
| <b>Só ensino secundario obrigatorio (ESO) ou bacharelato (12):</b>                                                                                                                                   |       |                    |
| <input type="checkbox"/> O/a alumno/a solicitante cursa ensinanzas regradas de música ou danza.<br><input type="checkbox"/> O/a alumno/a solicitante segue un programa deportivo de alto rendemento. |       |                    |
| <b>PUNTUACIÓN TOTAL:</b>                                                                                                                                                                             |       |                    |

En ..... o ..... de ..... de 20 .....

Asdo. ....



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**ANEXO II**  
DOCUMENTO PARA SOLICITUDE DE ADMISIÓN

**ADMISIÓN DE ALUMNOS/AS EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS**

**FOLLA 3**

**B** AUTORIZACIÓN PARA QUE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA LLE POIDA SOLICITAR DATOS TRIBUTARIOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF) E AO DOMICILIO FISCAL.

A/s persoa/s abaixo asinante/s **AUTORIZAN EXPRESAMENTE** a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a lle solicitar á Axencia Estatal da Administración Tributaria información de natureza tributaria, para ser tida en conta no proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos. De conformidade co establecido no punto 10º do artigo 84 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; e nos artigos 95.1º, punto k) e 95.2º da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

**INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA:**

- Domicilio fiscal dos/das asinantes.
- Datos que posúa a Axencia Tributaria sobre a renda das persoas físicas correspondentes ao exercicio fiscal anterior en dous anos, ao ano natural en que se tramita a presente solicitude de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos.

**RELACIÓN DE DECLARANTES NA UNIDADE FAMILIAR (\*) (\*\*):**

| PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME | DNI | SINATURA |
|------------------|-----------------|------|-----|----------|
|                  |                 |      |     |          |
|                  |                 |      |     |          |
|                  |                 |      |     |          |
|                  |                 |      |     |          |
|                  |                 |      |     |          |
|                  |                 |      |     |          |

En ..... o ..... de ..... de 20 .....

(\*) Tanto que se opte por unha tributación conxunta como por unha tributación individual, a autorización concederáse por ambos os dous cónxuxes.

(\*\*) Nesta autorización deben figurar todos os declarantes na unidade familiar.

Nota: a autorización concedida polos asinantes pode ser revogada en calquera momento, mediante escrito dirixido ao director ou directora do centro ou titular deste, no caso dos centros privados concertados.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**ANEXO II**  
**DOCUMENTO PARA SOLICITUDE DE ADMISIÓN**

**ADMISIÓN DE ALUMNOS/AS EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS**

**INFORMACIÓN**

- 1.- A solicitude de posto escolar será única e presentarse no centro onde o/a solicitante pretende ser admitido/a.

Naqueles centros e para as ensinanzas en que exista máis demanda que oferta de postos escolares, as direccións dos centros abrirán un prazo para que os pais, nais ou titores legais do alumnado presenten a documentación xustificativa dos méritos por eles alegados para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado.

- 2.- Só no caso dos centros que ofrezan este servizo.

- 3.- Achegarase, se fose o caso, a documentación que acredite as circunstancias que fundamentan esta petición, derivada de discapacidade física, psíquica ou sensorial, de sobredotación intelectual ou de trastornos graves da conduta.

No caso de alegar situación desfavorecida como consecuencia de factores sociais, económicos ou culturais achegarán informe dos servizos sociais oficiais competentes que acrediten as circunstancias alegadas.

- 4.- O solicitante poderá demandar que se teña en conta o domicilio familiar ou o lugar de traballo e non serán acumulables as puntuacións polos dous criterios.

- 5.- Indicar se se trata de educación infantil, educación primaria, ESO ou bacharelato.

- 6.- Para a consideración de irmáns matriculados no centro, só se terán en conta os que vaian continuar escolarizados neste durante o curso escolar para o que se solicita a admisión.

No caso de centros docentes privados concertados será necesario, ademais, que estes teñan subscrito concerto para o nivel educativo en que cursará estudos o irmán ou os irmáns matriculados.

- 7.- Para a consideración de pais, nais ou titores legais que traballen no centro, teranse en conta aqueles que no prazo de solicitude de admisión teñan unha relación laboral ou funcional no dito centro e que esta vaia continuar durante o curso escolar para o que se solicita a admisión.

A valoración por ser traballador ou traballadora do propio centro non será acumulable no suposto de que ambos os dous pais ou titores legais traballen no mesmo centro.

- 8.- Considérase como domicilio familiar ou habitual de residencia do pai, nai ou titores legais do alumnado ou, se é o caso, o dos alumnos e alumnas maiores de idade ou menores emancipados se viven en domicilios distintos dos daqueles e, excepcionalmente, o daqueles familiares cos que o menor efectivamente conviva, sempre que esa convivencia real se probe mediante certificación específica expedida, para tales efectos, polo concello. Cando o pai, nai ou titores legais vivan en domicilios diferentes, considerárase como domicilio familiar o daquel que teña a garda e custodia legalmente atribuída por sentenza firme, por convenio regulador ou por acollemento familiar preadoptivo.

- 9.- Os alumnos e alumnas maiores de idade ou menores emancipados poderán optar, se é o caso, por que se considere o domicilio do seu lugar de traballo.

- 10.- Para a valoración da renda da unidade familiar, os interesados deberán facer constar na solicitude a suma da base liquidable de todos os declarantes da unidade familiar, unha vez reducidos os seguintes mínimos: mínimo persoal e familiar, mínimo do contribuínte, mínimo por descendentes, mínimo por ascendentes e mínimo por discapacidade, correspondente ao exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural en que se presenta a solicitude.

- 11.- Para a admisión nas ensinanzas do bacharelato, a nota do expediente académico irá referida ao terceiro curso da educación secundaria obrigatoria ou, se é o caso, da titulación que se alegue para o ingreso.

- 12.- Aqueles alumnos e alumnas que cursen simultaneamente ensinanzas regradas de música ou danza e ensinanzas de educación secundaria terán prioridade para seren admitidos nos centros que impartan ensinanzas de educación secundaria que determinen os delegados ou delegadas provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O mesmo tratamento aplicaráse ao alumnado que siga programas deportivos de alto rendemento.

- 13.- Táboa de valoracións:

|                                                                                         |                      |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| <b>Existencia de irmáns no centro</b>                                                   |                      |
| Por un irmán matriculado no centro                                                      | 5 puntos             |
| Polo segundo e seguintes irmáns matriculados no centro                                  | 2 puntos por cada un |
| <b>Por ser traballador do propio centro</b>                                             |                      |
|                                                                                         | 5 puntos             |
| <b>Por proximidade do domicilio familiar ao centro</b>                                  |                      |
| Se o domicilio familiar se encontra na área de influencia do centro                     | 5 puntos             |
| Se o domicilio familiar se encontra nas áreas limítrofes á área de influencia do centro | 2 puntos             |
| Se o domicilio familiar se encontra noutras áreas                                       | 0 puntos             |



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**ANEXO II**  
**DOCUMENTO PARA SOLICITUDE DE ADMISIÓN**

|                                                                                                                          |                            |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------|
| <b>Pola proximidade do lugar de traballo ao centro</b>                                                                   |                            |
| Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado dentro da área de influencia do centro                             | 3 puntos                   |
| Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado nas áreas limítrofes á área de influencia do centro                | 1 punto                    |
| Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal, situado noutras áreas                                                      | 0 puntos                   |
| <b>Por pertencer a unha familia numerosa</b>                                                                             |                            |
|                                                                                                                          | 1 punto                    |
| <b>Pola renda anual da unidade familiar</b>                                                                              |                            |
| Ingresos iguais ou inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples                                         | 3 puntos                   |
| Ingresos superiores ao indicador público de renda de efectos múltiples e inferiores ao duplo do devandito indicador      | 2 puntos                   |
| Ingresos superiores ao duplo do indicador público de renda de efectos múltiples e inferiores ao triplo do dito indicador | 1 punto                    |
| Ingresos iguais ou superiores ao triplo do indicador público de renda de efectos múltiples                               | 0 puntos                   |
| <b>Por discapacidade</b>                                                                                                 |                            |
| Do alumno ou alumna                                                                                                      | 3 puntos                   |
| Da nai, pai ou titor legal                                                                                               | 2 puntos por cada un deles |
| Nalgún dos irmáns ou irmás do alumno ou alumna                                                                           | 1 punto por cada un deles  |
| <b>Valoración do expediente académico para o acceso ao bacharelato</b>                                                   |                            |
| Nota media de sobresaliente                                                                                              | 1 punto                    |
| Nota media de notable                                                                                                    | 0,50 puntos                |
| Nota media de ben                                                                                                        | 0,25 puntos                |

### Advertencias e salvidades legais

- En cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmanse os interesados e interesadas do que segue:
  - A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá gravar e procesar parte ou a totalidade da información aquí achegada mediante os sistemas e procesos informáticos que considere oportunos, coa única finalidade de resolver a admisión de alumnos/as en centros docentes sostidos con fondos públicos.
  - Toda aquela información que se solicite e non sexa debidamente acreditada implicará unha puntuación de cero no punto correspondente da valoración.
  - De acordo co establecido nos artigos 15 e 16 da Lei orgánica 15/1999, os interesados poderán exercer o seu dereito de acceso, rectificación e cancelación no momento que o consideren oportuno, mediante escrito dirixido ao director ou directora -titular, no caso dos centros privados concertados- do centro en que se formalizou a instancia de admisión da praza.
- En virtude do establecido no artigo 10 da Lei orgánica 15/1999, recollido no artigo 22.7º da Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo da educación infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos, establécese que cantos interveñan en calquera das fases do proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos están obrigados ao segredo profesional respecto deste, obriga que subsistirán aínda despois de finalizado o proceso.
- Os interesados/as autorizan a cesión de cantos datos se solicitan nesta solicitude, así como da documentación achegada que acompaña esta solicitude, ao Consello Escolar do centro e, se é o caso, á Comisión de Escolarización ou á Inspección Educativa, para os efectos previstos no capítulo V, da Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo da educación infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos, de acordo co recollido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999.

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

*Corrección de erros.-Orde do 19 de febreiro de 2007 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.*

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG nº 44, do venres 2 de marzo de 2007, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 3.132, artigo 12, onde di: «2. Subvencións para servizos, centros e programas da área de atención a persoas con discapacidade (subvencións do tipo D, E e H das relacionadas no artigo 3º).», debe dicir: «2. Subvencións para servizos, centros e programas da área de atención a persoas con discapacidade (subvencións do tipo D, E e F das relacionadas no artigo 3º).».

Na páxina 3.135, artigo 16, parágrafo e), onde di: «...cando se trate de subvencións concedidas con cargo á aplicación 05.31.312B.781.0, polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional,...», debe dicir: «...cando se trate de subvencións concedidas con cargo á aplicación 05.31.312B.781.0, polo Tribunal de Contas Europeo,...».

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Resolución do 9 de marzo de 2007, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se convoca e regula o programa de axudas para a participación en actividades de campamentos dirixidos a mozos e mozas de orixe galega ou descendentes de galegos e que residan no exterior.*

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no título preliminar, no seu artigo 7, o dereito das comunidades galegas de fóra de Galicia a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego.

Á Secretaría Xeral de Emigración, órgano dependente da Presidencia da Xunta de Galicia, correspóndelle, entre outras, as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, as relacións coas comunidades galegas no exterior así como a programación de actividades dirixidas á promoción e difusión da cultura galega e ao recoñecemento da realidade actual de Galicia no exterior.

A Secretaría Xeral de Emigración ten como un dos seus obxectivos promover a participación da colectividade galega no exterior na nosa vida cultural e social, o desenvolvemento de actividades culturais, de acción solidaria e tempo libre dirixidas á xuventude do exterior, así como o fomento da participación dos mozos e mozas descendentes de galegos nos programas e servizos a favor da xuventude.

Para acadar esta finalidade cóntase coa colaboración da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia a través da súa Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

En virtude do exposto, e no exercicio das competencias atribuídas no Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de acordo co establecido na Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude e en uso das facultades que a Secretaría Xeral de Emigración ten atribuídas, logo do informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada deste órgano,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º.-Obxecto.

1. O programa ten por obxecto facilitarlle á mocidade da Galicia exterior o encontro cos seus familiares e o contacto coa realidade galega.

##### Artigo 2º.-Características.

1. Convócanse 341 prazas en campamentos e albergues xuvenís situados en Galicia dependentes da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade (Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar), en dúas quendas no mes de xullo. Estas prazas distribuiranse conforme o establecido no anexo A.

-Na primeira quenda de xullo os seleccionados residirán nas seguintes instalacións: Camp. Xuv. Os Chacotes, Palas de Rei (Lugo) e Albergue Xuvenil de Gandarío-Bergondo (A Coruña).

-Na segunda quenda de xullo os seleccionados residirán nas seguintes instalacións: Eijo Garay de Lugo, Florentino López Cuevillas de Ourense, Altamar de Vigo, e Gandarío-Bergondo (A Coruña).

Os participantes integraranse con mozos residentes en Galicia e noutras comunidades españolas.

2. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar colaborará na execución deste programa poñendo á disposición dos beneficiarios todos os servizos de aloxamento e manutención nos albergues xuvenís e campamentos descritos no artigo 2º.1 desta resolución, así como os medios de desprazamento dos beneficiarios desde o aeroporto de chegada a Galicia ata o albergue xuvenil que lles sexa asignado.

3. Os participantes procedentes de España e Portugal recibirán unha axuda de custo para a viaxe polo importe da totalidade do gasto realizado nun medio de transporte público e sempre en clase turista. No caso de utilizar o seu vehículo particular daráselle unha indemnización de 0,19 euros por quilómetro. De todos estes gastos os participantes deberán achegar a documentación xustificativa, facén-

dose cargo destas axudas a Secretaría Xeral de Emigración.

4. A Secretaría Xeral de Emigración tamén se fará cargo do traslado dos participantes do resto dos países, mediante o financiamento do 100% do custo dos billetes de transporte desde o seu lugar de orixe ata o aeroporto de destino en Galicia. Salvo manifestación en contra dos beneficiarios a Secretaría Xeral de Emigración farase cargo desta xestión.

5. A Secretaría Xeral de Emigración farase cargo dos gastos da viaxe daquelas persoas que acompañarán aos grupos procedentes daqueles países con máis de 25 participantes, propostos polas respectivas entidades colaboradoras coa conformidade dos pais ou titores dos menores.

6. Con carácter previo á realización da viaxe a Galicia, os mozos e mozas seleccionados asistirán ás sesións informativas que se realicen nos seus países de orixe, especificamente encamiñadas ao coñecemento da realidade galega en xeral e da actividade de campamento en particular. Tamén serán informados das súas obrigas respecto do cumprimento do réxime interno dos campamentos ou albergues nos que serán aloxados.

#### Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios deste programa os mozos e mozas que, residindo fóra de Galicia, cumplan os seguintes requisitos:

- a) Ter nacido en Galicia ou ser descendente de galego ata o segundo grao de consanguinidade.
- b) Ter nacionalidade española.
- c) Ter unha idade entre 14 e 20 anos, na data de inicio do campamento.
- d) Non ter participado en edicións anteriores deste programa.
- e) Non contar con ingresos superiores, en renda per cápita, a 2.5 veces o salario mínimo interprofesional ou equivalente, de referencia para 2007, do país de residencia do solicitante.

#### Artigo 4º.-Solicitudes e documentación.

1. Os solicitantes deberán presentar, no prazo indicado no artigo 5º.4, a solicitude conforme ao modelo oficial que figura como anexo A desta resolución, xunto coa seguinte documentación:

- a) Fotocopia do pasaporte ou DNI en vigor do solicitante.
- b) Documentación acreditativa do nacemento en Galicia ou ascendencia galega ata o segundo grao de consanguinidade que inclúa documentación acreditativa do parentesco cando proceda.
- c) Dúas fotografías tamaño carné.
- d) Certificación consular do solicitante, para acreditar a nacionalidade española e a inscrición no Rexistro de Matrícula como residentes, se estes extremos non quedan debidamente acreditados polo pasaporte.

e) Certificación ou xustificante acreditativo dos ingresos, rendas ou pensión de calquera natureza que perciba o interesado e/ou membros da unidade económica familiar (ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade). No caso de imposibilidade de presentar esta documentación, poderá constituír documentación suficiente unha declaración xurada responsable. Para estes efectos, entenderase por unidade económica familiar cando o beneficiario conviva con outras persoas unidas a el por matrimonio, por unión de feito, ou por lazos de parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao.

f) Certificado médico de non padecer enfermidade infecto-contaxiosa e de ser apto para participar, con normalidade, en actividades recreativas e deportivas.

g) Declaración de axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións para a mesma actividade. A obtención desta axuda é compatible con outras para o mesmo fin, sen que en ningún caso a suma das axudas obtidas supere o 100% do custo da actividade.

2. Os solicitantes deberán acompañar debidamente cuberto o anexo B desta resolución, no que debe figurar:

- a) A autorización para viaxar, asinada polos pais ou titores legais, para os menores de idade.
- b) Unha autorización asinada polos pais ou titores legais para os participantes menores de idade que desexen quedar coa súa familia en Galicia ao rematar a actividade.

#### Artigo 5º.-Lugar e prazo de presentación.

1. As solicitudes presentaranse, xunto co resto da documentación, na Secretaría Xeral de Emigración ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (entre os que figuran as consellerías de Traballo e Asuntos Sociais, nas seccións de Traballo e Asuntos Sociais das oficinas consulares, así como nos consulados ou seccións consulares das embaixadas correspondentes ao domicilio ou residencia do solicitante).

2. Para a presentación destas solicitudes os interesados poderán utilizar o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia de conformidade co Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se procede á creación do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán.

Os interesados que así o desexen, poderán dirixirse ás entidades colaboradoras que se sinalan a continuación, para a presentación telemática das súas solicitudes:

\* En Arxentina:

-Centro Gallego de Bos Aires.

\* En Brasil:

-Peña Galega da Casa de España de Río de Janeiro.  
-Real Sociedad Española de Beneficencia de Salvador-Bahía.

-Sociedade Hispano Brasileira de Socorros Mutuos e Instr. en Sau Paulo.

-Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalía de Castro en Santos.

\* En Uruguai:

-Unión de Sociedades Gallegas de Montevideo.

\* En Venezuela:

-Hermandad Gallega de Venezuela en Caracas.

A utilización desta vía requirirá unha autorización que o interesado lle outorga á persoa responsable da entidade colaboradora para que remita a súa solicitude por vía telemática. Esa autorización farase constar no modelo de solicitude.

3. As entidades galegas remitirán todas as solicitudes recibidas, xunto co resto da documentación, á Secretaría Xeral de Emigración nos catro días seguintes á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Este prazo só será ampliado logo de autorización da secretaria xeral.

4. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo fose sábado ou inhábil, o prazo prorrogarase ata o seguinte día hábil.

Artigo 6º.-Financiamento.

1. A Secretaría Xeral de Emigración financiará o custo deste programa con cargo á partida orzamentaria 04.50.312C.226.07. Actuacións derivadas da Lei de galeguidade, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007. O importe total destinado a este fin será por unha contía de 320.000 euros, que poderá ser incrementado en función das disponibilidades orzamentarias.

Artigo 7º.-Instrución do procedemento.

1. A ordenación e instrución do procedemento correspóndelle á Subdirección Xeral de Programas Sociais.

2. Expirado o prazo de presentación de solicitudes e comprobado que as solicitudes reúnen os requisitos establecidos de conformidade co establecido nas bases anteriores, elaboraranse listas provisionais de admitidos e excluídos por países, sinalando as causas de exclusión. Estas listas serán publicadas, no prazo máximo de 40 días desde o remate do prazo de presentación de solicitudes, na páxina web da Secretaría Xeral de Emigración (<http://www.galiciaaberta.com>), e tamén estarán expostas nos taboleiros de anuncios das entidades colaboradoras citadas no artigo 5º.2.

3. Os interesados disporán dun prazo de dez días hábiles para formular as alegacións que consideren oportunas e para emendar a solicitude. Transcorrido ese prazo sen que se emenden as causas de exclusión considerarase desistido da súa petición, e procederase ao arquivo nos termos establecidos no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Transcorrido este prazo elaboraranse as listas definitivas de admitidos e excluídos que se publicarán na páxina web da Secretaría Xeral de Emigración (<http://www.galiciaaberta.com>) e tamén estarán expostas nos taboleiros de anuncios das entidades colaboradoras citadas no artigo 5º.2.

5. Elaborada a relación definitiva de admitidos e excluídos, e no caso de que no número de admitidos fose superior ao de prazas convocadas a selección realizarase por sorteo público, axustándose o número de prazas ofertadas para cada país.

6. As prazas que queden vacantes, distribuiranse proporcionalmente entre aqueles países que teñan un maior número de solicitudes presentadas en relación ás prazas ofertadas, e no correspondente tramo de idade.

7. Unha vez realizada a selección de beneficiarios o secretario xeral de Emigración ditará as resolucións oportunas e seranlle notificadas aos interesados a adxudicación das prazas. Así mesmo, publicarse na páxina web [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com) a relación de beneficiarios.

8. O prazo máximo para resolver será de seis meses, que comezará a contar desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido no artigo 44.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

9. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou no prazo de seis meses contados a partir

do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

#### Artigo 8º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Con carácter xeral, os adxudicatarios das prazas convocadas por esta resolución quedan obrigados a someterse aos requisitos legais e regulamentarios que recolla a normativa xeral de aplicación ás axudas e subvencións da Xunta de Galicia, en concreto as recollidas no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, dep 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

2. Os adxudicatarios das prazas quedan obrigados a respectar as normas de réxime interno dos campamentos e albergues.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Emigración publicará na súa páxina web [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com) a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude comporta a autorización para o tratamento necesario de datos dos beneficiarios e da súa publicación na páxina web [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com).

Artigo 9º.-Incompatibilidades, seguimento, modificación da resolución de concesión e revogación.

1. As axudas outorgadas ao amparo desta convocatoria son compatibles con calquera outra axuda que lle puidese ser concedida para a mesma finalidade. Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que vai levar a cabo o beneficiario.

2. A Secretaría Xeral de Emigración levará a cabo a función de control, avaliación e seguimento das axudas concedidas ao amparo desta resolución. Para realizar as devanditas funcións poderán utilizarse cantos medios estean á disposición da Secretaría Xeral de Emigración para comprobar os requisitos exixidos nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación, para o cal os beneficiarios das axudas reguladas nesta resolución prestarán toda a colaboración que lles sexa requirida.

3. Os beneficiarios quedan obrigados a comunicarlle á Secretaría Xeral de Emigración, no momento en que se produza, calquera alteración dos requisitos exixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas, e a secretaría xeral poderá adoptar a resolución de modificación da concesión que corresponda.

Así mesmo, estarán na obriga de prestaren colaboración e facilitaren canta documentación lles sexa

requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ao Consello de Contas e Tribunal de Contas, no exercicio da súa función de fiscalización e control do destino destas axudas.

4. Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora, nos casos e nos termos previstos no artigo 78.10º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime das axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 10º.-Recursos.

Contra esta resolución cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2007.

Manuel Luis Rodríguez González  
Secretario xeral de Emigración

### ANEXO I

A asignación do número de prazas queda fixada para 2007 do seguinte xeito:

| País      | 14-17 anos |       | 18-20 anos  |              | Total |
|-----------|------------|-------|-------------|--------------|-------|
|           | 1-15       | 17-31 | 16-31 xullo |              |       |
|           | xullo      | xullo | 20 anos     | 18 e 19 anos |       |
| Arxentina | 30         | 38    | 36          | 36           | 140   |
| Brasil    | 0          | 13    | 7           | 7            | 27    |
| Uruguai   | 29         | 19    | 11          | 10           | 69    |
| Venezuela | 25         | 19    | 8           | 7            | 59    |

| País                    | 14-17 anos    |                | 18-20 anos     | Total |
|-------------------------|---------------|----------------|----------------|-------|
|                         | 1-15<br>xullo | 17-31<br>xullo | 16-31<br>xullo |       |
| Chile                   | 5             | 0              | 0              | 5     |
| Canadá                  | 0             | 1              | 0              | 1     |
| EE.UU.                  | 3             | 0              | 0              | 3     |
| México                  | 0             | 4              | 2              | 6     |
| Panamá                  | 1             | 0              | 0              | 1     |
| Perú e resto de América | 0             | 2              | 1              | 3     |
| Rep. Domin.             | 1             | 0              | 0              | 1     |
| Europa                  | 8             | 0              | 3              | 11    |
| España                  | 15            | 0              | 0              | 15    |
| Total xeral             | 117           | 96             | 128            | 341   |



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Emigración

FOTO

|                                             |                                         |                                |
|---------------------------------------------|-----------------------------------------|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO<br><b>DESCUBRE A TÚA ORIXE</b> | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO<br><b>PR930A</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE</b> |
|---------------------------------------------|-----------------------------------------|--------------------------------|

**DATOS PERSOAIS**

|                                                |                       |                        |                                                          |
|------------------------------------------------|-----------------------|------------------------|----------------------------------------------------------|
| 1º APELIDO                                     | 2º APELIDO            | NOME                   | Nº DO DNI OU PASAPORTE                                   |
|                                                |                       |                        |                                                          |
| DATA DE NACEMENTO                              | CONCELLO DE NACEMENTO | PROVINCIA DE NACEMENTO | G.SANGÜINEO                                              |
|                                                |                       |                        |                                                          |
| SABE NADAR                                     |                       |                        | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
| ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)                        |                       |                        | CÓDIGO POSTAL                                            |
|                                                |                       |                        |                                                          |
| CIDADE                                         | PAÍS                  | TELÉFONO               | CORREO ELECTRÓNICO                                       |
|                                                |                       |                        |                                                          |
| IDADE A 30-6-2007                              |                       |                        |                                                          |
|                                                |                       |                        |                                                          |
| ¿NECESITA ALGÚN TRATAMENTO?                    |                       |                        |                                                          |
|                                                |                       |                        |                                                          |
| ¿PADECE ALGUNHA ALERXIA?                       |                       |                        |                                                          |
|                                                |                       |                        |                                                          |
| DETALLE AS VACINAS QUE LLE FORON ADMINISTRADAS |                       |                        |                                                          |
|                                                |                       |                        |                                                          |

**DATOS FAMILIARES**

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                             |                                            |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------|--------------------------------------------|-------------|-----|-----------------------|--------------|-----------------------|-----------------------|-------------|-------------|-----------------------|--------------|-----|-----------------------|
| DATOS DO CABEZA DE FAMILIA (APELIDOS E NOME)                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |                                             |                                            |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                             |                                            |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
| NOME DO PAI                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                                             | NOME DA NAI                                |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                             |                                            |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
| TOTAL MEMBROS DA FAMILIA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | INGRESOS ANUAIS DA FAMILIA EN MOEDA DO PAÍS | Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR          |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |                                             |                                            |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
| ASCENDENCIA GALEGA:                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |                                             |                                            |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
| 1. OS DOUS PAIS <input type="checkbox"/>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            | 3. O AVÓ PATERNO <input type="checkbox"/>   | 5. A AVOA PATERNA <input type="checkbox"/> |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
| 2. UN DOS PAIS <input type="checkbox"/>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | 4. O AVÓ MATERNO <input type="checkbox"/>   | 6. A AVOA MATERNA <input type="checkbox"/> |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
| (Nome, apelidos e lugar de nacemento dos ascendentes do solicitante)                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |                                             |                                            |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
| <table border="1"> <tr> <td>AVÓ PATERNO</td> <td rowspan="2">PAI</td> </tr> <tr> <td>PROVINCIA E MUNICIPIO</td> </tr> <tr> <td>AVOA PATERNA</td> <td rowspan="2">PROVINCIA E MUNICIPIO</td> </tr> <tr> <td>PROVINCIA E MUNICIPIO</td> </tr> <tr> <td>AVÓ MATERNO</td> <td rowspan="2">SOLICITANTE</td> </tr> <tr> <td>PROVINCIA E MUNICIPIO</td> </tr> <tr> <td>AVOA MATERNA</td> <td rowspan="2">NAI</td> </tr> <tr> <td>PROVINCIA E MUNICIPIO</td> </tr> </table> |                                             |                                            | AVÓ PATERNO | PAI | PROVINCIA E MUNICIPIO | AVOA PATERNA | PROVINCIA E MUNICIPIO | PROVINCIA E MUNICIPIO | AVÓ MATERNO | SOLICITANTE | PROVINCIA E MUNICIPIO | AVOA MATERNA | NAI | PROVINCIA E MUNICIPIO |
| AVÓ PATERNO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | PAI                                         |                                            |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
| PROVINCIA E MUNICIPIO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                             |                                            |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
| AVOA PATERNA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        | PROVINCIA E MUNICIPIO                       |                                            |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
| PROVINCIA E MUNICIPIO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                             |                                            |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
| AVÓ MATERNO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | SOLICITANTE                                 |                                            |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
| PROVINCIA E MUNICIPIO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                             |                                            |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
| AVOA MATERNA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        | NAI                                         |                                            |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |
| PROVINCIA E MUNICIPIO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |                                             |                                            |             |     |                       |              |                       |                       |             |             |                       |              |     |                       |

## FAMILIARES MÁIS PRÓXIMOS EN GALICIA

| APELIDOS | NOME | PARENTESCO | ENDEREZO | TELÉFONO |
|----------|------|------------|----------|----------|
|          |      |            |          |          |
|          |      |            |          |          |
|          |      |            |          |          |
|          |      |            |          |          |
|          |      |            |          |          |

O/A solicitante autoriza a persoa habilitada para o efecto, do centro coordinador sinalado a continuación, segundo área de residencia, para presentar esta solicitude a través do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia:

## En Arxentina:

☐ Centro Gallego de Buenos Aires

## En Brasil:

- ☐ Peña Gallega de Casa de España de Río de Janeiro  
☐ Real Sociedad Española de Beneficiencia de Salvador-Bahía  
☐ Sociedade Hispano Brasileira de Socorros Mutos e Instrução de São Paulo  
☐ Sociedade de Socorros Mutuos e Beneficente Rosalia de Castro en Santos

## En Uruguai:

☐ Unión de Sociedades Galegas de Montevideo

## En Venezuela

☐ Hermandad Gallega de Venezuela

## DECLARACION DO BENEFICIARIO DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA ACTIVIDADE

Quen abaixo asina declara que, nas datas e polos importes que a seguir se relacionan presentou solicitude/s e foille/fóronlle concedida/s, se é o caso, a/s seguinte/s axuda/s para o mesmo fin:

| DENOMINACIÓN DO ORGANISMO OU ENTIDADE PÚBLICA A QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA | DATA DE    |                          | IMPORTE (EN €) |                          |
|--------------------------------------------------------------------------------|------------|--------------------------|----------------|--------------------------|
|                                                                                | SOLICITUDE | CONCESIÓN <sup>(1)</sup> | SOLICITADO     | CONCESIÓN <sup>(2)</sup> |
|                                                                                |            |                          |                |                          |
|                                                                                |            |                          |                |                          |
|                                                                                |            |                          |                |                          |

<sup>(1)</sup> No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indicárase "PENDENTE" nesta columna

<sup>(2)</sup> Nas solicitudes denegadas fírase constar "0" nesta columna

No caso de non ter realizada solicitude de axuda para o mesmo fin, marcarase o seguinte recadro E ASINARÁ ESTA PÁXINA O/A BENEFICIARIO/A DA SOLICITUDE OU A PERSOA QUE O/A REPRESENTA

☐ O/A RESPONSABLE DA SOLICITUDE NON TEN SOLICITADA NIN, EN CONSECUENCIA, CONCEDIDA NINGUNHA AXUDA PARA A MESMA FINALIDADE POR NINGUNHA DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES

Quen abaixo asina DECLARA QUE: presta expresamente o seu consentimento para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do art. 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts. 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

## AUTORIZACIÓN

COMO RESPONSABLE O

CONFIRMAMOS A AUTENTICIDADE DOS DATOS DESTA

SOLICITUDE E DAMOS A NOSA AUTORIZACIÓN PARA A SÚA ASISTENCIA Á ACTIVIDADE SOLICITADA.

SINATURA DO PAI

SINATURA DA NAI

DECLARO SEREN CERTOS TODOS OS DATOS MENCIONADOS NESTA SOLICITUDE

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asinado:

Nome e apelidos do solicitante ou persoa que o representa

Secretario xeral de Emigración

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 5 de marzo de 2007 pola que se convocan licenzas por estudos para o curso 2007-2008 destinadas a funcionarios docentes non universitarios e se aproban as súas bases de concesión.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, dedica o seu título III a salientar o protagonismo que debe adquirir o profesorado, cunha atención prioritaria á súa formación inicial e permanente, cuxa reforma debe levarse a cabo nos próximos anos, no contexto do novo espazo europeo de educación superior e co fin de dar reposta ás necesidades e ás novas demandas que recibe o sistema educativo. Ademais, aborda a mellora das condicións en que o profesorado realiza o seu traballo, así como o recoñecemento, apoio e valoración social da función docente.

Nesta liña, o artigo 102 determina que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros, coa finalidade, entre outras, de contemplar a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas. E, por outra parte, o artigo 105, de medidas para o profesorado de centros públicos, dispón na alínea 2.d), que a Administración educativa disporá o desenvolvemento de licenzas retribuídas, de acordo coas condicións e requisitos que establezan, coa finalidade de estimular a realización de actividades de formación e de investigación e innovación educativas que revertan en beneficio directo do propio sistema educativo.

Nalgúns casos a formación programada a través de actividades curtas e puntuais para o profesorado non parece suficiente, por iso se considera conveniente ofertar esta modalidade formativa de máis longa duración para favorecer que o profesorado reforce, complete ou actualice a súa formación inicial ampliando a formación na súa especialidade, potenciando a súa formación nas linguas estranxeiras no exterior, realizando proxectos de investigación, elaborando materiais didácticos e mesmo acadando unha nova titulación, especialmente naqueles casos nos que é exixida pola normativa vixente.

Por todo o exposto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

### DISPÓN:

#### Artigo 1º.-Obxecto.

1. Convócanse licenzas por estudos retribuídas para o curso 2007-2008 dirixidas a funcionarios docentes de carreira que pertencen aos corpos detallados no artigo 2º, destinados actualmente e durante o próximo curso 2007-2008 en centros docentes, en equipos de orientación específicos, en centros de formación e recursos, nos servizos centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e nos servizos provinciais de Inspección educativa, dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo as condicións e a distribución por corpos e modalidades que se establecen e relacionan no anexo I desta orde.

2. Convócanse, así mesmo, licenzas sen retribución para os devanditos funcionarios que poderán ser concedidas por períodos de seis ou de doce meses ininterrompidos cada tres anos sempre que non o impidan as necesidades do servizo. Así, outorgaranse todas as licenzas sen retribución económica aos aspirantes que cumpran os requisitos xerais establecidos nesta convocatoria agás os sinalados nos puntos 6, 7 e 8 do artigo 3º.

#### Artigo 2º.-Candidatos.

Os corpos a que se refiren os artigos precedentes son os que se detallan a seguir:

- a) Mestres.
- b) Profesores de ensino secundario.
- c) Catedráticos de ensino secundario.
- d) Profesores técnicos de formación profesional.
- e) Mestres de taller de artes plásticas e deseño.
- f) Profesores de artes plásticas e deseño.
- g) Catedráticos de artes plásticas e deseño.
- h) Catedráticos de música e artes escénicas.
- i) Profesores de música e artes escénicas.
- j) Profesores de escolas oficiais de idiomas.
- k) Catedráticos de escolas oficiais de idiomas.
- l) Corpos e escalas docentes declaradas a extinguir.
- m) Inspectores de educación e inspectores ao servizo da Administración educativa.

#### Artigo 3º.-Condicións.

Os candidatos das licenzas deberán reunir os seguintes requisitos agás as excepcións do artigo 1º, número 2:

1. Estar en situación de servizo activo e prestando servizos ininterrompidos durante os cursos 2005-2006 e 2006-2007, e no 2007-2008 seguir tendo destino en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nos servizos provinciais de Inspección educativa.

2. Ter, como mínimo, tres anos de antigüidade como funcionario de carreira nos corpos e escalas que se detallan no artigo 2º desta orde. Para estes efectos computaranse os servizos ata o 31 de agosto de 2007.

3. Acreditar a posesión do título de perfeccionamento de lingua galega ou certificación equivalente, agás para os docentes que imparten lingua galega.

4. Non estar destinado en comisión de servizos durante o curso académico para o cal se solicita a licenza. Para tales efectos será de aplicación o disposto no artigo 11º.4 desta convocatoria.

5. Non estar destinado en adscrición temporal no exterior durante o curso 2006-2007 nin durante o período para o cal se solicita a licenza.

6. Obter como mínimo catro puntos no epígrafe 1.1 do baremo que figura no anexo III a esta convocatoria.

7. Non ter gozado de licenza por estudos retribuída outorgada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria durante os oito últimos cursos académicos.

micos. Para estes efectos computarase o presente curso 2006-2007.

8. O gozo dunha licenza por estudos é incompatible con programas europeos, estádías formativas en empresas e actividades formativas no estranxeiro ofertadas á marxe desta convocatoria; polo que, se unha persoa solicitante obtén praza en calquera destas convocatorias, deberá notificalo con carácter de urxencia e por escrito á directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

#### Artigo 4º.-Solicitudes e documentación.

Todos os candidatos ás licenzas por estudos que se convocan deberán presentar a súa solicitude utilizando o modelo do anexo II e seguindo o procedemento establecido no artigo 5º.

No caso das licenzas non retribuídas presentarase unicamente a solicitude aludida, con indicación do período solicitado, e a acreditación de estar en posesión do título de perfeccionamento de lingua galega ou certificación equivalente.

Para as persoas solicitantes das licenzas retribuídas, á solicitude xuntaráselle a seguinte documentación:

-Para as modalidades 1, 2, 3, 4, 5 e 7: acreditación dos méritos académicos, profesionais ou de calquera índole que se considere conveniente alegar. Estes serán xustificados mediante os documentos que se especifican no anexo III desta orde.

-Para todas as modalidades: proxecto de tese, de estudos, de traballo de investigación ou de elaboración de materiais ou das actividades a realizar para o perfeccionamento de linguas que se pretenda realizar durante o período da licenza, segundo o contido do anexo IV.

#### Artigo 5º.-Documentación e prazo de presentación.

As solicitudes, xunto coa documentación expresada anteriormente, deberán presentarse no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, a través do rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das súas delegacións provinciais ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sendo imprescindible que na instancia apareza a data de recepción no organismo público correspondente. Se o expediente é remitido por correo, é necesario que se presente en sobre aberto para que sexa datado e selado polo funcionario de correos antes de que se proceda á súa certificación. Todas as persoas participantes deberán presentar relación numerada e asinada da documentación entregada, seguindo a orde que aparece indicado anexo III. Non serán tidos en conta nin valorados os méritos e servizos alegados e non xustificados debidamente, nin os que aleguen fóra do prazo ao que se refire este artigo.

#### Artigo 6º.-Valoración profesional da Inspección educativa.

O Servizo de Inspección de Educación da delegación provincial correspondente emitirá, logo da solicitude realizada pola presidencia da comisión, un informe segundo o modelo que aparece como anexo V a esta orde. No caso de inspectores de educación e inspec-

tores ao servizo da Administración educativa, o informe expedirao a Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, segundo o anexo VI desta orde.

#### Artigo 7º.-Tramitación.

1. Os órganos encargados de elaborar os informes a que se refire o artigo 6º deberán remitilos á presidencia da comisión seleccionadora dentro dos dez días naturais seguintes ao da recepción da súa solicitude.

2. O informe dos profesores e profesoras solicitantes que estean destinados en comisión de servizos, liberados sindicais, etc., referirase ao período docente anterior ao destino en comisión de servizos.

3. O resultado deste informe traducirase nunha valoración global de 0 a 1 punto, segundo se especifica no número 2.2 do anexo III.

#### Artigo 8º.-Comisión de selección.

1. A selección das persoas candidatas realizaraa unha comisión integrada polos seguintes membros:

-Presidencia: a directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa, ou persoa en quen delegue.

-Vogais: ata un máximo de catro, con categoría de subdirector xeral, xefe de servizo ou membro da Inspección educativa.

-Secretaría: unha persoa funcionaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará con voz e sen voto.

Os sindicatos integrantes da mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear unha persoa representante para asistir ás sesións da comisión.

A comisión poderá solicitar a incorporación de asesores ou asesoras especialistas aos seus traballos, limitándose estas persoas a prestaren a súa colaboración.

2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos méritos previstos nos puntos 2, 3 e 5 do baremo do anexo III.

Ás reunións desta subcomisión poderán asistir representantes das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de persoal docente.

3. Esta comisión estará incluída na categoría que corresponda para os efectos do previsto no artigo 26.2º do Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

#### Artigo 9º.-Criterios de selección.

Para as licenzas retribuídas a comisión seleccionadora realizará unha preselección segundo a puntuación obtida conforme o baremo que figura como anexo III desta convocatoria. Para iso, a maiores dos méritos obxectivos, teranse en conta os seguintes criterios prioritarios en función da modalidade elixida.

1. Na modalidade 1 -tese de doutoramento- o criterio prioritario será a súa relación co currículo das áreas ou materias de todas as etapas educativas. Excluíranse automaticamente aquelas teses de doutoramento que non se atopen na fase final da súa elaboración.

2. Nas modalidades 2, 3 e 4 -primeira licenciatura, enxeñaría ou arquitectura; primeira diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica; segunda

licenciatura, enxeñaría ou arquitectura- excluíranse as persoas solicitantes que no momento de presentar a documentación:

a) Teñan só pendente unha ou dúas materias para rematar a licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou estudos equivalentes; primeira diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou estudos equivalentes.

b) Teñan pendente, para rematar, ademais dun curso completo (ou número equivalente de materias) outras tres ou máis materias.

Para estes efectos consideraranse superadas todas as materias de que a persoa solicitante estea matriculada no momento de presentar a documentación ata un máximo dun curso completo.

Considerarase como unha materia aquela que ten a duración dun curso académico ou entre doce e quince créditos. A comisión poderá facer as equivalencias pertinentes segundo a duración deles.

3. Na modalidade 5 -proxectos-, estes centraranse en traballos de investigación directamente relacionados co ámbito de traballo docente das persoas solicitantes e coas necesidades do sistema educativo, tendo en conta o seguinte:

a) Realizaranse, preferentemente, sobre algún dos seguintes ámbitos:

-Elaboración de materiais curriculares relacionados coas distintas áreas e materias do currículo.

-Elaboración de materiais curriculares ou recursos educativos para favorecer a integración do alumnado inmigrante.

-Elaboración de recursos educativos multimedia interactivos.

-Elaboración de materiais curriculares que contribúan á utilización da lingua galega no ensino.

-Atención á diversidade.

-Orientación educativa, psicopedagóxica e profesional.

-Mellora da calidade da educación.

-Dirección e organización dos centros docentes.

-Aplicación das tecnoloxías da información e da comunicación ás áreas, materias e módulos do currículo.

-Mellora da competencia comunicativa nas linguas estranxeiras.

b) As licenzas de proxectos para os funcionarios dos corpos de inspectores poderán centrarse, ademais dos temas referidos anteriormente, en temas relacionados coas funcións da Inspección educativa.

c) No caso de que o proxecto de investigación ou innovación, nesta modalidade, sexa realizado por un equipo só poderá dispoñer de licenza retribuída a persoa que o coordine.

d) A comisión poderá convocar as persoas interesadas para a realización dunha entrevista.

4. Na modalidade 6, os grupos de traballo estarán integrados por dúas persoas docentes con independencia do corpo o que pertencen e, xa que logo, deberán solicitar o mesmo cuatrimestre para o desenvolvemento do traballo.

Na modalidade 6A -grupos de traballo para elaboración de materiais curriculares-, os proxectos centraranse na elaboración de materiais curriculares relacionados coas distintas áreas e materias do currículo.

Na modalidade 6B -grupos de traballo para elaboración de materiais relacionados cos plans de convivencia-, os proxectos versarán sobre a dinamización e posta en práctica de plans de convivencia.

5. Na modalidade 7 -perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior-, de dous meses de duración, dirixida ao profesorado de linguas estranxeiras ou que imparta algunha materia nun idioma estranxeiro, o proxecto centrarase na presentación do plan de perfeccionamento da lingua para desenvolver durante o período da licenza.

6. En caso de empate, este dirimirase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

a) Maior puntuación no apartado 1 do baremo.

b) Maior puntuación no apartado 2 do baremo.

c) Maior puntuación no apartado 3 do baremo.

7. No caso de se produciren vacantes nalgunha das modalidades ofertadas, poderán acumularse a outras modalidades, atendendo aos criterios seguintes criterios:

a) No corpo de mestres as vacantes da modalidade 1 poderán acumularse á modalidade 2 e viceversa.

b) Para os corpos de inspectores, as vacantes poderán acumularse entre as modalidades 4 e 5 e viceversa.

c) Para o resto dos corpos poderán acumularse entres si as vacantes das modalidades 1, 2 e 3 e viceversa; e, por outra parte, as vacantes das modalidades 4 e 5 e viceversa.

8. En ningún caso poderá excederse o número total de licenzas retribuídas establecido coa distribución indicada no anexo I.

#### Artigo 10º.-Resolución provisoria.

1. A relación das persoas preseleccionadas, tanto para as licenzas retribuídas como non retribuídas, farase pública nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e das delegacións provinciais, así como no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ([www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)) na internet, abríndose un prazo de dez días naturais para efectuar reclamacións ante a presidenta da comisión. Transcorrido este prazo, e unha vez resoltas as reclamacións, a comisión seleccionadora remitiralle á conselleira de Educación e Ordenación Universitaria a proposta de resolución da concesión de licenzas por estudos, xunto coa acta ou actas definitivas, nas cales se indicarán as valoracións outorgadas a cada unha das persoas candidatas, así como a relación final de seleccionados para as licenzas retribuídas; engadirase á acta unha lista coas persoas beneficiarias das licenzas non retribuídas.

2. No mesmo prazo establecido no parágrafo anterior, poderán presentarse renuncias á concesión das licenzas por estudos perante a mencionada comisión seleccionadora.

#### Artigo 11º.-Resolución definitiva.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará a resolución definitiva de licenzas por estudos no seu portal educativo ([www.edu.xunta.es](http://www.edu.xunta.es)) na internet e no *Diario Oficial de Galicia*, expedindo, así mesmo, as credenciais singulares correspondentes.

2. Unha vez resolta esta convocatoria non se admitirán renuncias ás licenzas concedidas, agás casos de excepcional gravidade e libremente apreciados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

4. No caso de que un ou unha docente ocupe un posto en réxime de comisión de servizos, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria decidirá a posibilidade de concesión da licenza en función das necesidades do servizo.

5. As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de seis meses desde a data de publicación desta orde.

Artigo 12º.-Períodos de duración das licenzas retribuídas por estudos.

1. O período improrrogable de duración das licenzas dun curso completo será, como máximo, do 1 de setembro de 2007 ao 31 de agosto de 2008, para o profesorado de educación infantil e de educación primaria, e desde o 15 de setembro de 2007 ao 14 de setembro de 2008, para os corpos do profesorado de ensino secundario, mestres impartan docencia no primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, ensinos do réxime especial e inspectores.

2. Nas licenzas cuatrimestrais das modalidades 4, 5 e 6, a duración dos cuatrimestres establécese do seguinte xeito:

a) Para o profesorado de educación infantil e de educación primaria:

-Primeiro cuatrimestre: do 1 de setembro de 2007 ao 31 de decembro de 2007.

-Segundo cuatrimestre: do 1 de marzo de 2008 ao 30 de xuño de 2008.

b) Para o profesorado que imparta docencia no ensino secundario e nas ensinanzas de réxime especial:

-Primeiro cuatrimestre: do 15 de setembro de 2007 ao 14 de xaneiro de 2008.

-Segundo cuatrimestre: do 1 de marzo de 2008 ao 30 de xuño de 2008.

c) Para funcionarios dos corpos de inspección:

-Segundo cuatrimestre: do 1 de marzo de 2008 ao 30 de xuño de 2008.

3. Nas licenzas bimensuais da modalidade 7, o período de goce da licenza, sempre dentro dos límites que

marca o punto 1 deste artigo, escollerao o solicitante e deberá ser continuado.

#### Artigo 13º.-Obrigas dos beneficiarios.

Ao longo do período de licenzas por estudos, as persoas beneficiarias das licenzas retribuídas asumen a obriga de presentar perante o Servizo de Formación do Profesorado da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a seguinte documentación:

1. Para a modalidade 1, enviarase entre o 16 e o 31 de marzo de 2008 un resumo das partes do traballo realizado ata esa data.

2. Para as modalidades 2, 3 e 4, enviarase:

a) Durante os meses de outubro e novembro de 2007, orixinal ou fotocopia compulsada do xustificante da matrícula no centro en que se realizarán os estudos e do pagamento das taxas desta.

b) Para as modalidades 2 e 3, certificado de asistencia ás clases feito por cada profesor ou profesora referido ata o 15 de marzo de 2008, que se remitirá entre o 16 e o 31 do dito mes, ou declaración xurada de non ter clases presenciais, se é o caso.

c) No caso da modalidade 4, ao ser cuatrimestral, certificado de asistencia ás clases, feito por cada profesor ou profesora, ou declaración xurada de non ter clases presenciais, se o caso, que se enviará do 1 ao 8 do terceiro mes en que se goce a licenza.

3. Para as modalidades 5 e 6 enviarase, do 1 ao 8 do terceiro mes en que se goce a licenza, un resumo da parte do traballo realizados ata esa data.

Unha vez rematada a licenza por estudos, no prazo de dous meses, contados desde a finalización do período da licenza por estudos, e como documentación xustificativa dela, enviarase, segundo a modalidade, a seguinte documentación:

1. Para a modalidade 1: orixinal ou fotocopia compulsada do xustificante de ter depositada a tese para a súa lectura.

2. Para as modalidades 2, 3 e 4: certificación académica orixinal ou fotocopia compulsada dos estudos realizados. Nestas modalidades, o referente para o prazo de presentación será o remate do curso académico.

3. Para as modalidades 5 e 6: un orixinal en soporte papel da memoria do proxecto realizado e unha versión electrónica preparada para a súa posible publicación na internet. Para isto último, deberanse seguir as recomendacións da guía de boas prácticas de publicación web dispoñible na parte de contidos do portal educativo, no enderezo electrónico: [http://www.edu.xunta.es/contidos/guia\\_boas\\_practicas](http://www.edu.xunta.es/contidos/guia_boas_practicas), especialmente no referente ao tratamento das imaxes e ao tamaño dos ficheiros.

4. Para a modalidade 7: certificación orixinal ou fotocopia compulsada expedida polo centro ou institución onde realizou o perfeccionamento na lingua estranxeira, con expresión do título, contidos, datas e duración en horas da formación recibida, así como unha tradución da dita certificación.

Unha vez rematado o prazo de presentación da documentación xustificativa das licenzas, reunirase a comi-

sión para facer a avaliación destas. O resultado acaado comunicaráse aos interesados por escrito.

Artigo 14º. Situación administrativa dos beneficiarios.

Durante o tempo de duración da licenza por estudos os docentes seleccionados recibirán os emolumentos correspondentes ás súas retribucións básicas e complementarias, agás no caso das licenzas non retribuídas.

As persoas beneficiarias dunha licenza por estudos consideraranse, para todos os efectos, en situación de servizo activo. O profesorado beneficiario de licenza sen retribución deberá aboar as cotizacións correspondentes ao funcionario e á Administración.

Artigo 15º.-Incompatibilidades.

A concesión de licenzas por estudos con retribución implicará a incompatibilidade con calquera outra actividade pública ou privada, excepto para aquelas persoas funcionarias docentes que teñan concedida unha compatibilidade con anterioridade á publicación desta orde. A concesión dunha licenza non retribuída admitirá simultaneidade con outras axudas económicas.

Artigo 16º.-Responsabilidades por incumprimento.

O incumprimento do disposto nesta convocatoria poderá dar lugar á rescisión da licenza por estudos ou á incursión en responsabilidades disciplinarias de acordo co vixente Regulamento do réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 17º.-Seguimento.

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa efectuará o adecuado seguimento e control dos estudos e traballos que se realicen durante o período da licenza, e poderá solicitar directamente, a través de entrevista, ou por medio da Inspección educativa, información sobre o traballo realizado e sobre o que queda pendente, de tal xeito que o incumprimento do establecido no proxecto inicial poida dar lugar á rescisión da licenza.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria disporá das memorias e dos traballos realizados de acordo coa lexislación vixente sobre propiedade intelectual.

2. Os autores e autoras, para poderen publicar pola súa conta os devanditos traballos, deberán solicitar e contar coa autorización previa da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, facendo constar na correspondente publicación que o traballo foi realizado durante unha licenza por estudos retribuída pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta mención figurará tanto no caso de que a publicación do traballo sexa total como parcial.

3. Co fin de que as investigacións poidan ser coñecidas polo profesorado, para contribuír á mellora do ensino, os traballos que considere de especial interese a comisión de avaliación poderán ser difundidos pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 18º.-Retirada de documentación.

Unha vez transcorridos tres meses desde a data de publicación da resolución definitiva no *Diario Oficial de Galicia*, as persoas interesadas, ou os seus representantes legais, disporán dun prazo de seis meses para poder retirar a documentación ante a presidenta da comisión. Unha vez transcorrido o dito prazo, entenderase que renuncian á súa devolución.

Artigo 19º.-Réxime dos recursos.

Contra esta orde as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para ditar as instrucións necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2007.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

## ANEXO I

Distribución das licenzas por estudos retribuídas que se convocan para o curso 2007-2008 segundo as modalidades e corpos ou escalas do profesorado:

| Modalidades                                                                                                | Todos os corpos agás maetres e inspectores | Corpo de mestres | Corpos de inspectores | Todos os corpos |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|------------------|-----------------------|-----------------|
| 1. Tesis de doutoramento (curso completo)                                                                  | 8                                          | 4                | 1                     |                 |
| 2. Primeira licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou estudos equivalentes (curso completo)                 | 5                                          | 25               | -                     |                 |
| 3. Primeira diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou estudos equivalentes (curso completo)  | 5                                          | -                | -                     |                 |
| 4. Segunda licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou estudos equivalentes (cuadrimestral)                   | 10                                         | -                | 1                     |                 |
| 5. Proxectos (cuadrimestral)                                                                               | 60                                         | 50               | 1                     |                 |
| 6A. Grupos de traballo para elaboración de materiais curriculares (cuadrimestral)                          |                                            |                  |                       | 4               |
| 6B. Grupos de traballo para elaboración de materiais relacionados con plans de convivencia (cuadrimestral) |                                            |                  |                       | 2               |
| 7. Perfeccionamento en linguas estranxeiras (bimensual)                                                    | 10                                         | 10               |                       |                 |
| Totais                                                                                                     | 98                                         | 89               | 3                     | 6               |



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

## ANEXO II

|                                                                           |                                         |                                |
|---------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO<br><b>SOLICITUDE DE LICENZA POR ESTUDOS, CURSO 2007-2008</b> | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO<br><b>ED305B</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE</b> |
|---------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|--------------------------------|

|                  |                 |      |
|------------------|-----------------|------|
| PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME |
|                  |                 |      |

**SOLICITA:**

Que lle sexa concedida unha licenza por estudos nas condicións que se sinalan a seguir.

- ☐ A) Sen retribución: período solicitado: \_\_\_\_\_
- ☐ B) Retribuída na modalidade que se sinala:
- ☐ 1. Tese de doutoramento (curso completo).
  - ☐ 2. Primeira licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou estudos equivalentes (curso completo).
  - ☐ 3. Primeira diplomatura, enxeñaría, arquitectura técnica ou estudos equivalentes (curso completo).
  - ☐ 4. Segunda licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou estudos equivalentes (cuadrimetral).
  - ☐ 5. Proxectos (cuadrimetral).
  - ☐ 6A. Grupos traballo materiais curriculares (cuadrimetral).
  - ☐ 6B. Grupos traballo plans de convivencia (cuadrimetral).
  - ☐ 7. Perfeccionamento linguas estranxeiras no exterior (bimensual).

*Sínalese cun (X) a que solicita*

**CORPO OU ESCALA DO SOLICITANTE**

- ☐ Mestres.
- ☐ Profesores de ensino secundario.
- ☐ Catedráticos de ensino secundario.
- ☐ Profesores técnicos de formación profesional.
- ☐ Mestres de taller de artes plásticas e deseño.
- ☐ Profesores de artes plásticas e deseño.
- ☐ Catedráticos de artes plásticas e deseño.
- ☐ Catedráticos de música e artes escénicas.
- ☐ Profesores de música e artes escénicas.
- ☐ Profesores de escolas oficiais de idiomas.
- ☐ Catedráticos das escolas oficiais de idiomas.
- ☐ Corpos e escalas docentes declaradas para extinguir.
- ☐ Inspectores de Educación e inspectores ao servizo da Administración educativa.

*Sínalese cun (X) o que proceda*

**DATOS PROFESIONAIS**

|                                            |          |
|--------------------------------------------|----------|
| DISCIPLINA, MATERIA, ÁREA                  | NRP      |
|                                            |          |
| CÓDIGO DO CENTRO (8 DÍXITOS)               | TELÉFONO |
|                                            |          |
| ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO CORPORATIVO |          |
|                                            |          |

**DATOS PERSOAIS**

|               |                                  |                     |
|---------------|----------------------------------|---------------------|
| DNI           | TELÉFONO (PREFERIBLEMENTE MÓBIL) | ENDEREZO PARTICULAR |
|               |                                  |                     |
| CÓDIGO POSTAL | LOCALIDADE                       | PROVINCIA           |
|               |                                  |                     |

¿Solicitou comisión de servizos para o curso 2007-2008? ☐ SI ☐ NON

¿É beneficiario/a doutra axuda ou de bolsa outorgada por organismo oficial para realizar o proxecto de estudos ou traballo? ☐ SI ☐ NON

¿Gozou con anterioridade dunha licenza por estudos outorgada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria? ☐ NON ☐ SI Ano \_\_\_\_\_

Período para o que solicita a licenza por estudos retribuída: do \_\_\_\_\_ ao \_\_\_\_\_

*No caso dos funcionarios do corpo de inspectores de Educación, indícase a materia ou área correspondente ao seu exercicio como docente. No lugar do centro indícarán o servizo de destino e a sede.*

|                                                                                                                                                                                                   |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| LEXISLACIÓN APLICABLE                                                                                                                                                                             |
| <i>Orde do 5 de marzo de 2007 pola que se convocan licenzas por estudos para o curso 2007-2008 destinadas a funcionarios docentes non universitarios e se aproban as súas bases de concesión.</i> |
| SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA                                                                                                                                           |
|                                                                                                                                                                                                   |

**(Para cubrir pola Administración)**

|                     |                      |
|---------------------|----------------------|
| RECIBIDO            | NÚMERO DE EXPEDIENTE |
|                     |                      |
| REVISADO E CONFORME | DATA DE ENTRADA      |
|                     | ____/____/____       |
|                     | DATA DE EFECTOS      |
|                     | ____/____/____       |
|                     | DATA DE SAÍDA        |
|                     | ____/____/____       |

*Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria. Santiago de Compostela.*

## ANEXO III

| Méritos                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   | Puntos por curso ou actividade                                                                                                                                                                                                                                                                     | Total puntos máximo                                              | Documentos                                                                                                                                                                                                           |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>1. Proxecto de estudos ou traballo.</b><br><br>1.1 Para as modalidades 1,5, 6 e 7, polo interese que ofrezca para mellorar a calidade do ensino. Será necesario acadar un mínimo de 4 puntos.<br><br>1.2 Para as modalidades 2, 3 e 4 a puntuación outorgarase do seguinte xeito:<br>-Curso completo ou número de materias equivalente.<br>-Curso completo ou número de materias equivalente menos outra materia.<br>-Curso completo ou número de materias equivalente máis outra materia.<br>-Curso completo ou número de materias equivalente menos dúas materias.<br>-Curso completo ou número de materias equivalente máis dúas materias.<br>-Curso completo ou número de materias equivalente menos tres materias.<br><br>Nota. A media entre 12 e 15 créditos é 13.50, que é o que se considera unha materia, de duración dun curso académico, tendo en conta o artigo 11.2 da orde de convocatoria. A suma do número de créditos dividido entre 13.50, dá o número de materias. |                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | 10<br><br><br>7<br><br>6<br><br>5,5<br><br>5<br><br>4,5<br><br>4 | O solicitado para cada modalidade no anexo IV                                                                                                                                                                        |
| <b>2. Méritos docentes:</b><br>2.1. Servizos docentes.<br>2.1.1. Por cada ano de servizos na función pública docente (non se computarán os exixidos como requisito): .....<br>2.1.2. Por cada ano de servizos coa condición de catedrático adquirida: .....<br>2.1.3. Por cada ano de servizos como funcionario dos corpos de inspección: .....<br>2.2. Informe do Servizo de Inspección de Educación. Ata: .....                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | 1 punto por ano completo<br><br>0,20 puntos por ano completo<br><br>0,50 puntos por ano                                                                                                                                                                                                            | Por estes tres subepígrafes ata 10 puntos<br><br><br><br>1       |                                                                                                                                                                                                                      |
| <b>3. Actividades de formación permanente organizadas ou homologadas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades:</b><br><br>3.1. Coordinación e/ou docencia en actividades de formación do profesorado relacionadas coa súa especialidade: .....<br>Nota. Para os títulos de prácticas de mestres, do ICE e das universidades (prácticas de psicopedagogía ou similar) puntuarase 0,10 puntos por cada ano.....<br><br>3.2. Por asistencia a actividades de formación do profesorado ...<br><br>3.3. Participación en programas europeos: .....                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        | Ata 25 h..... 0,05 p<br>de 26 a 50 h..... 0,10 p<br>de 51 a 100 h ..... 0,15 p<br>máis 100 h ..... 0,20 p<br><br>Ata 25 horas..... 0,05 p<br>de 26 a 50 h ..... 0,10 p<br>de 51 a 100 h ..... 0,15 p<br>máis 100 h ..... 0,20 p<br>0,25 puntos                                                     | 2<br><br><br>4<br><br><br>1                                      | Fotocopias compulsadas das certificacións acreditativas.<br><br><br><br><br><br><br><br><br><br>1                                                                                                                    |
| <b>4. Publicacións sobre a materia ou especialidade de ensinanzas:</b><br>.....<br><br>Nota. puntuación de cada publicación divídese polo número de persoas autoras.                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | Por libro:<br>Non especializado ... 0,50 p<br><br>Especializado ..... 1 p<br>Artigo en revista:<br>Non especializada ... 0,15 p<br><br>Especializada ..... 0,25 p<br><br>Vídeo, cassette, disquete, CD, DVD, pintura, partitura:<br>Non especializado ... 0,25 p<br><br>Especializado ..... 0,50 p | 2<br><br><br>2<br><br><br>2                                      | Exemplos orixinais ou fotocopias compulsadas da totalidade do traballo, en que conste o ISBN se son libros ou ISSN se son revistas.<br>As publicacións en soporte audiovisual ou informático tamén deberán ter ISBN. |
| <b>5. Méritos académicos:</b><br>5.1. Título de doutor.....<br>5.2. Para funcionarios do corpo de mestres: título de licenciado: ....<br>5.3. Outros estudos de posgrao (DEA ou equivalente, títulos propios da universidade, mestrados, etc.) relacionados coa especialidade: .....                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | 2 puntos<br>2 puntos<br>0,25 puntos                                                                                                                                                                                                                                                                | 4<br>4<br>1                                                      | Fotocopias compulsadas de títulos ou certificación de estudos, se é o caso.                                                                                                                                          |

*ANEXO IV*

Esquema do contido do proxecto de licenza por estudos e da documentación complementaria, segundo o caso.

Modalidade:

1. Tese:

1.1. Título da tese.

1.2. Certificación académica orixinal ou fotocopia compulsada de estar en posesión do diploma de estudos avanzados (DEA) ou equivalente.

1.3. Certificación orixinal ou fotocopia compulsada do departamento en que estea inscrita a tese.

1.4. Traballo xa realizado.

1.5. Traballo que realizará durante o período da licenza.

1.6. Informe da persoa que a dirixe, segundo o modelo do anexo VII, no cal se especifique a data do comezo do traballo e que este se atopa na fase final da súa elaboración.

2. Primeira licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou estudos equivalentes.

2.1. Escrito en que se especifique claramente as materias que lle faltan para obter a licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou estudos equivalentes, concretando a que curso pertencen.

2.2. Certificación académica orixinal do curso 2006-2007 dos estudos realizados ata a data, correspondentes á licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou estudos equivalentes que solicita, na cal conste, se é o caso, as materias en que estea matriculado no curso 2006-2007.

2.3. Fotocopia do plan de estudos que está a seguir.

2.4. Centro en que proxecta realizar os estudos: nome, enderezo, localidade, provincia, país e teléfono.

2.5. Promesa ou declaración xurada de non ter previamente unha titulación equivalente ou superior.

3. Primeira diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou estudos equivalentes:

3.1. Escrito en que se especifique claramente as materias que lle faltan para obter a diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou estudos equivalentes, concretando a que curso pertencen.

3.2. Certificación académica orixinal do curso 2006-2007 dos estudos realizados ata a data, correspondentes á diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou estudos equivalentes que solicita, na cal conste, se é o caso, as materias en que estea matriculado no curso 2006-2007.

3.3. Fotocopia do plan de estudos que está a seguir.

3.4. Centro en que proxecta realizar os estudos: nome, enderezo, localidade, provincia, país e teléfono.

3.5. Promesa ou declaración xurada de non ter previamente unha titulación equivalente ou superior.

4. Segunda licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou estudos equivalentes:

4.1. Escrito en que se especifique claramente as materias que lle faltan para obter a licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou estudos equivalentes, concretando a que curso pertencen.

4.2. Certificación académica orixinal do curso 2006-2007, dos estudos realizados ata a data, correspondentes á licenciatura, enxeñaría, arquitectura ou estudos equivalentes que solicita, na cal conste, se é o caso, as materias en que estea matriculado no curso 2006-2007.

4.3. Fotocopia do plan de estudos que está a seguir.

4.4. Centro en que proxecta realizar os estudos: nome, enderezo, localidade, provincia, país e teléfono.

4.5. Especificar claramente o cuatrimestre que se prefire; de non facelo adxudicaráselle automaticamente o primeiro.

5. Proxectos:

5.1. Presentarase un proxecto sobre o estudo que se vaia realizar durante o período da licenza en que os profesores concretarán o traballo que van iniciar, determinando os aspectos do deseño e, de xeito especial, como serán levadas a cabo as fases de posta en práctica e avaliación.

Neste proxecto, que poderá ser tanto de carácter organizativo como curricular, farase constar:

a) Título do proxecto.

b) Participante/s. Datos persoais e profesionais.

c) Deseño do traballo que se vai realizar:

-Xustificación baseada no contexto.

-Obxectivos.

-Contidos.

-Metodoloxía.

-Temporalización.

-Recursos.

-Organización de responsabilidades e tarefas para a posta en marcha.

-Síntese do proceso de avaliación.

Se se tratar de elaboración de materiais e non for posible contrastalos na aula, especificaríanse as condicións para a súa aplicación. No caso de que xa exista un traballo persoal (ou de equipo) previo, en relación co proxecto que se presenta, engadirase un breve resumo das realizacións previas, indicándose a fase en que se atopa e desenvolveranse o resto dos aspectos.

d) Mención explícita á relación co traballo de aula ou coa organización do centro, se é o caso.

e) Bibliografía e/ou referencias anteriores á temática do traballo.

Os traballos ou investigacións que supoñan unha actuación en centros docentes ou noutras institucións públicas ou privadas, xuntarán certificado de conformidade da dirección do/s centro/s co visto e prace da Inspección educativa ou autorización das persoas responsables das institucións, se é o caso.

O proxecto terá unha extensión máxima de 20 páxinas en papel tamaño DIN-A4, a dobre espazo e cunha letra de 12 puntos.

Deberase especificar claramente o cuadrimestre que se prefire; de non facelo adxudicaráselle automaticamente o primeiro.

#### 6. Grupos de traballo:

6.1. Tanto para a modalidade 6.A -grupos de traballo para elaboración de materias curriculares-, como para a modalidade 6.B -grupos de traballo para elaboración de materias relacionadas cos plans de convivencia-, presentárase un proxecto sobre o traballo que se vaia realizar durante o período da licenza en que se concretará, de xeito especial, como serán levadas a cabo as fases de posta en práctica e avaliación. Neste proxecto, farase constar:

a) Título do proxecto.

b) Persoas participantes. Datos persoais e profesionais. Só un dos compoñentes constará na solicitude do anexo II e será a persoa de referencia para a Administración educativa. Non obstante, como parte da documentación que se vai entregar, será imprescindible facer constar os datos persoais e profesionais correspondentes ao segundo membro do grupo de traballo.

c) Deseño do traballo que se vai realizar:

-Xustificación baseada no contexto.

-Obxectivos.

-Contidos.

-Metodoloxía.

-Temporalización.

-Recursos.

-Organización de responsabilidades e tarefas para a posta en marcha.

-Síntese do proceso de avaliación.

d) Mención explícita á relación co traballo de aula.

e) Bibliografía e/ou referencias anteriores á temática do traballo.

Os traballos ou investigacións que supoñan unha actuación en centros docentes ou noutras institucións públicas ou privadas xuntarán certificado de conformidade da dirección do/s centro/s co visto e prace da Inspección educativa, ou autorización das persoas responsables das institucións, se é o caso.

O proxecto terá unha extensión máxima de 20 páxinas en papel tamaño DIN-A4, a dobre espazo e cunha letra de 12 puntos.

Deberase especificar claramente o cuadrimestre que se prefire; de non facelo adxudicaráselle automaticamente o primeiro.

7. Perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior.

7.1. Certificación en que se faga constar o idioma que está a impartir o solicitante expedida polo director ou polo secretario do centro educativo.

7.2. O proxecto consistirá na exposición do plan de perfeccionamento que pretende emprender con base na lingua estranxeira que imparte, con expresión de, polo menos:

a) País onde se levará a cabo. Enténdese que o país escollido deberá ter como lingua oficial aquela que imparte o solicitante.

b) Centro ou institución onde recibirá a formación, indicando o enderezo.

c) Denominación da formación que vai recibir, nivel académico e a súa duración expresada en días e cómputo total de horas.

d) Calquera outros aspectos que se consideren salientables para unha mellor valoración do plano.

#### ANEXO V

##### Modelo de informe

##### Curso 2007-2008

Servizo de Inspección da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Don/Dona .....  
Corpo.....  
NRP .....DNI .....  
Sede de destino.....Teléfono.....  
Localidade.....Provincia.....

a) Organización da súa actividade docente:

b) Participación no funcionamento do centro:

c) Participación en programas educativos de innovación:

Total da valoración outorgada (de 0 a 1 puntos):

En....., .....de ..... de 2007.

O/a inspector/a

Visto e prace

O delegado provincial

#### ANEXO VI

Modelo de informe para inspectores e inspectoras

Curso 2007-2008

Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Don/Dona .....  
Corpo.....  
NRP .....DNI .....

Sede de destino .....Teléfono .....

Localidade .....Provincia.....

a) Función de avaliación:

b) Función de asesoramento e información:

c) Función de control:

d) Colaboración na formación permanente do profesorado:

Total da valoración outorgada (de 0 a 1 puntos):

En....., .....de ..... de 2007.

O subdirector xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo

Visto e praxe

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

### ANEXO VII

#### Modelo de informe Curso 2007-2008

Director/a da tese de doutoramento.

Don/a., director/a da tese de doutoramento., presentada por Don/a ....., informa do seguinte:

a) O traballo de investigación comezou con data de .....

b) Nestes momentos o traballo atópase na fase final da súa elaboración.

c) A presentación da tese para a súa defensa terá lugar, previsiblemente, antes do (1) ..... de... de 2008.

E para que conste, para os efectos de solicitude dunha licenza por estudos, asino esta certificación en ....., ..... de ..... de 2007.

(Sinatura)

(1) 31 de agosto de 2008, para o profesorado de educación infantil e primaria;

14 de setembro de 2008, para o profesorado de ensino secundario, mestres que impartan docencia no primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria, ensino de réxime especial e inspectores.

*Resolución do 21 de febrero de 2007, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula o desenvolvemento dos programas de garantía social en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2007-2008.*

A Orde do 5 de maio de 1997 (*Diario Oficial de Galicia* do 29 de maio) regula os programas de garantía social na Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de facilitar a reinserción no sistema educativo da xente nova ou ben posibilitar o principio constitucional de acceso a un posto de traballo nas mellores condicións posibles para aqueles que decidan incorporarse á vida activa.

O Plan galego de formación profesional refírese aos programas de garantía social no seu punto 6.2.4 ao propor un plan de reforzo da implantación destes programas.

Deste modo, coa oferta postobrigatoria e profesionalizadora que constitúen os programas de garantía social, o principio educativo de extensión do dereito á educación adquire un maior significado. O seu exercicio en condicións crecentes de calidade é un instrumento para evitar a desigualdade, xa que lle ofrece a este alumnado unha resposta específica que contribúe a potenciar a súa madurez, así como a lograr a autonomía necesaria para operar no seu medio e a adquirir as aprendizaxes básicas. É pois unha medida máis de compensación da situación de desvantaxe e de desigualdade de oportunidades que cómpre desenvolver co fin de evitar a discriminación derivada de factores sociais, culturais, económicos, étnicos ou doutra índole, que lle impide a un determinado alumnado acceder ao ensino en condicións de igualdade.

En virtude do punto décimo terceiro da citada Orde do 5 de maio de 1997, e coa finalidade de desenvolver aqueles aspectos que a completen e permitan levar a cabo os programas de garantía social durante o curso 2007-2008, esta dirección xeral

### RESOLVE:

Primeiro.-Destinatarios.

Poderán acceder aos programas de garantía social as persoas menores de 21 anos que, polo menos, cumpran 16 anos no ano natural en que inicien o programa e se atopen nalgunha das seguintes condicións:

a) Estaren escolarizadas no segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria e, tendo accedido a un programa de diversificación curricular, a xuízo do equipo educativo que os atende, non estar en condicións de acadar os obxectivos da etapa por esa vía. Excepcionalmente, tamén poderá acceder o alumnado ao que non lle fose posible cursar un programa de diversificación curricular e se atope, a xuízo do equipo educativo, en grave risco de abandono escolar.

O acceso aos programas de garantía social realizarase logo da avaliación psicopedagóxica, oídos os alumnos ou alumnas e os seus pais ou titores legais.

b) Estaren desescolarizados ou desescolarizadas e non posúen titulación académica superior a do graduado escolar ou, tendo acadada esa titulación, carecer do título de formación profesional de primeiro grao.

c) Teren unha oferta dunha empresa para un contrato de formación.

Aquelas empresas que desexen realizar un contrato de formación a persoas que reúnan os requisitos de acceso aos programas de garantía social recollidos

nesta resolución acordarán cos centros educativos que impartan estes programas o número de prazas para a área de formación básica e aquelas outras complementarias do programa.

Este alumnado poderase incorporar ao longo da realización destes programas.

#### Segundo.-Obxectivos.

Os programas de garantía social nas súas distintas modalidades orientaranse á consecución dos obxectivos indicados no punto segundo da Orde do 5 de maio de 1997.

O alumnado que siga os programas de garantía social poderá compatibilizalos coa obtención do título de educación secundaria polo réxime de adultos, cando a compatibilidade de horario o permita.

Así mesmo, poderá realizar as probas libres para a obtención do título de educación secundaria obrigatoria, que convoca a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre e cando reúna os requisitos da convocatoria.

O alumnado que supere un programa de garantía social, aínda que non cumpra o requisito de idade, poderá presentarse ás probas de acceso a ciclos formativos de grao medio que convoca a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para posibilitar a súa continuación no sistema educativo e a adquisición dunha maior cualificación profesional.

#### Terceiro.-Constitución de grupos.

Os programas de garantía social desenvolveranse en grupos cun mínimo de 10 alumnos ou alumnas e un máximo de 15. En todos os programas poderá participar alumnado con necesidades educativas especiais, e non se poderán incorporar máis de tres alumnos ou alumnas destas características por grupo; de ser así, o número máximo de alumnos ou alumnas que constituirán o grupo reducirase en igual número ao de alumnado integrado. Non obstante, cando existan como mínimo oito alumnos ou alumnas con necesidades educativas especiais que, polas súas características, poidan ter dificultades para se integraren nun programa de garantía social, poderá constituírse un grupo exclusivamente para este colectivo.

#### Cuarto.-Modalidades de programas.

Os centros educativos públicos poderán acollerse aos programas de garantía social que figuran no anexo I e que responden ás seguintes modalidades:

-Programas de formación educativa e profesional: programas que se desenvolverán integramente nun centro educativo no que se impartan ensinanzas de educación de secundaria, de educación de adultos, de artes plásticas e deseño, e de educación especial.

-Programas de iniciación profesional: programas en que a área de formación básica se desenvolva nun centro educativo dos indicados no apartado anterior e a de formación profesional específica en colaboración con entidades da Administración local, con

institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, ou con empresas.

Quinto.-Programa de formación educativa e profesional.

1. Obxectivos da modalidade: ademais dos obxectivos recollidos no punto segundo da Orde do 5 de maio de 1997, a modalidade de formación educativa e profesional considera de forma especial a formación para continuar estudos a través da proba de acceso aos ciclos formativos de grao medio de formación profesional ou para a obtención do título de graduado en ensino secundario obrigatorio.

2. Estrutura e distribución horaria: nesta modalidade, as áreas formativas e a súa distribución horaria para unha semana son as seguintes:

2.1. Área de formación profesional específica: 18 horas semanais.

2.2. Área de formación e orientación laboral: 2 horas semanais.

2.3. Área de formación básica: 8 horas semanais.

2.4. Tutoría: 1 hora semanal.

2.5. Actividades complementarias: 1 hora semanal.

Non obstante, as delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través do Servizo de Inspección Educativa, poderán autorizar horarios distintos do anterior, sempre que existan razóns que xustifiquen esta modificación.

3. Formación en centros de traballo: complementando a formación impartida no centro educativo e para facilitar a súa inserción laboral, o alumnado poderá facer prácticas en centros de traballo relacionados co perfil profesional do programa. De ser así, o número de horas destinadas a esta formación computarase na área de formación profesional específica. Neste caso a duración máxima será de 150 horas e será realizada ao final do programa.

#### Sexto.-Programa de iniciación profesional.

1. Obxectivos da modalidade: ademais dos obxectivos recollidos no punto segundo da Orde do 5 de maio de 1997, os programas de iniciación profesional considerarán de forma especial a orientación para a inserción laboral das persoas, en colaboración con empresarios e axentes sociais en xeral e en conexión con plans de emprego e inserción laboral.

2. Estrutura e distribución horaria: a estrutura desta modalidade de programas implica o desenvolvemento en tres bloques que se indican a seguir. Os centros poderanse acoller á estrutura horaria que figura nos programas de formación educativa e profesional, ou ben á seguinte:

-Bloque 1. Formación no centro educativo: esta parte terá unha finalidade fundamentalmente motivadora e orientadora e será impartida integramente no centro educativo. Estará estruturada en áreas, cunha distribución horaria que se axustará ao que se indica a seguir para cada unha delas.

2.1. Área de iniciación técnico-profesional: 150 horas (5 horas semanais).

-Formación económica e laboral: 60 horas (2 horas semanais).

-Aproximación ao mundo das profesións e ao contorno produtivo: 60 horas (2 horas semanais).

-Introdución á informática do usuario: 30 horas (1 hora semanal).

2.2. Área de formación e orientación laboral: 60 horas.

2.3. Área de formación básica: 70 horas.

2.4. Titoría: 60 horas.

2.5. Actividades complementarias: 20 horas.

-Bloque 2. Formación tecnolóxico-práctica: desenvolverase como módulo de formación profesional ocupacional relacionado co perfil do programa, en colaboración con entidades da Administración local ou institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, ou en empresas coas que previamente se asinen convenios de colaboración. Este bloque terá unha duración de 500 horas.

-Bloque 3. Formación en centros de traballo: complementando a formación práctica do bloque anterior (formación tecnolóxico-práctica) e para facilitar a súa inserción laboral, o alumnado poderá facer prácticas en centros de traballo relacionados co perfil profesional do programa. O número de horas destinadas a este bloque será contabilizado dentro das horas do bloque de formación práctica.

Non obstante, as delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través do Servizo de Inspección Educativa, poderán autorizar horarios distintos dos citados, sempre que existan razóns que xustifiquen esta modificación.

Sétimo.-Metodoloxía.

A metodoloxía nos programas de garantía social basearase nos principios de:

-Individualización, a través de estratexias diversas que posibiliten unha mellor aprendizaxe dos contidos da área de formación básica. Para iso é imprescindible identificar o nivel de coñecementos previos do alumnado, coa finalidade de deseñar e aplicar as actividades máis axeitadas que faciliten a aprendizaxe, respectando sempre os diferentes ritmos de traballo e tendo en conta que as actividades deben seguir un proceso gradual e secuenciado. Favorecerase que o alumnado empregue as súas propias estratexias para aumentar o seu nivel de autoestima.

-Interdisciplinariade, coa formulación que se propón como principio na área de formación básica para o alumnado dos programas de garantía social preténdese:

-Desenvolver as capacidades básicas a través do emprego de técnicas de traballo.

-Adquirir contidos de formación básica, evitando así o parcelamento dos seus compoñentes, apoiándose no medio real e conectando as actividades no taller.

En xeral, salvo autorización expresa do Servizo de Inspección Educativa, a área de formación básica non se poderá fragmentar en máis de dous ámbitos (ámbito socio-lingüístico e ámbito científico-matemático), polo que deberá ser impartida por un máximo de dous profesores.

As actividades complementarias serán actividades de tipo cultural, deportivo ou relacionadas co contorno socio-produtivo da zona.

Oitavo-Avaliación.

A avaliación do alumnado que participe en programas de garantía social, en calquera das súas modalidades, será continua, individualizada e integradora, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se produzan, investigar as súas causas e adoptar medidas correctoras oportunas. Para tal fin, o profesorado fará o seguimento e a avaliación da área que imparta, referida a cada un dos alumnos ou alumnas. Terá como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación sinalados nas programacións didácticas, así como o grao de madureza acadado, e requirirá a asistencia regular do alumno ou da alumna ás clases e ás actividades programadas para as distintas áreas.

Ao longo do proceso formativo débense considerar os seguintes tipos de avaliación:

-Avaliación inicial: realizarase ao comezo do curso para coñecer o nivel con que accede o alumnado e posibilitar a individualización do proceso de ensino-aprendizaxe, explicitando as adaptacións e os apoios que precise cada alumno ou alumna. Os seus resultados quedarán recollidos no expediente académico.

-Avaliación procesual ou formativa: cómpre que esta avaliación, especialmente ao principio do proceso formativo, valore máis a evolución persoal do alumnado coa aprendizaxe de contidos instrutivos.

-Avaliación final: representa o resultado do seguimento e da avaliación de todo o proceso formativo e dará lugar ás cualificacións das áreas formativas destas ensinanzas.

As cualificacións expresaranse por áreas e globalmente mediante unha escala numérica de un a dez, sen decimais. Son positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco. Nos casos das áreas de formación tecnolóxico-práctica e de formación en centros de traballo, a cualificación expresarase en termos de apto ou non apto. A cualificación desta áreas prácticas será realizada polo profesorado que efectúe o seu seguimento.

As actividades complementarias debido ás súas peculiaridades non serán avaliábeles.

Na avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais terase en conta a dita circunstancia, tomando como referencia básica os criterios establecidos na adaptación curricular correspondente. De tratarse dunha adaptación curricular significativa, incorporárase ao seu expediente unha copia da resolución do órgano responsable que a autorice.

Polo menos, celebrarase unha sesión de avaliación parcial cada trimestre lectivo, o que se fará constar na acta correspondente, segundo o modelo do anexo II.

Os centros educativos realizarán a avaliación do alumnado durante o mes de maio, nas datas que permitan a todo aquel alumnado susceptible de presentarse ás probas de acceso aos ciclos de grao medio a súa preinscrición. Para este alumnado os centros educativos seguirán ofertando a formación básica nos horarios programados, ata a celebración das probas. Os alumnos e alumnas que non estean na situación anterior, a aínda que estean avaliados, continuarán o desenvolvemento do programa nas datas previstas inicialmente. O punto anterior quedará recollido no calendario especificado no proxecto curricular do centro.

A superación dun programa de garantía social requirirá a avaliación positiva en todas e cada unha das áreas que o compoñen.

Noveno.-Certificacións, acreditacións e orientación.

1. Ao remate dun programa de garantía social autorizado ao abeiro desta resolución, o alumnado recibirá unha certificación acreditativa del, na que se farán constar as áreas e un resumo dos contidos que as integran, as cualificacións obtidas e o número de horas destinadas a cada unha delas. Este certificado será expedido polo secretario ou secretaria do centro, co visto e prace do director ou da directora (modelo no anexo III).

2. A certificación deberá ir acompañada dunha orientación sobre o futuro académico e profesional do alumno ou alumna, co obxecto de asesoralo ou asesorala sobre a súa incorporación ao mundo do traballo para o exercicio profesional ou para proseguir ensinanzas, a través do acceso aos ciclos formativos de grao medio. A dita orientación debe preservar o dereito do alumno ou alumna á confidencialidade e non terá carácter prescriptivo.

3. A superación dun programa de garantía social halles permitir ás persoas interesadas concorreren á proba de acceso a ciclos formativos de grao medio.

Décimo.-Formación en centros de traballo (FCT).

O desenvolvemento da FCT realizarase tendo en conta as especificacións sobre os programas de garantía social recollidas na normativa que dita instrucións para o desenvolvemento de ciclos formativos.

A xestión dos documentos e datos relativos ao desenvolvemento do módulo de FCT, farase mediante a aplicación informática da FCT, na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fet>.

Décimo primeiro.-Dereitos e deberes.

Para o alumnado matriculado nos programas de garantía social é de aplicación a normativa pola que se establecen os dereitos e os deberes do alumnado e as normas de convivencia nos institutos de ensino secundario.

Décimo segundo.-Convocatorias.

O alumnado que reúna os requisitos poderá matricularse por unha soa vez nun programa de garantía social. Por norma xeral, o número de convocatorias nun programa de garantía social é dunha. Excepcionalmente, o alumnado que, por enfermidade ou outra causa persoal, familiar ou social grave, que ao finalizar o programa non consiga superar os obxectivos, poderá permanecer por un período máximo dun ano nun programa de garantía social desta ou outra modalidade.

A escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais nos programas de garantía social poderase aumentar excepcionalmente nun ano escolar respecto do establecido con carácter xeral en centros ordinarios, conforme a Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado non universitario con necesidades educativas especiais.

En calquera dos casos a autorización virá dada expresamente pola Dirección Xeral de Formación profesional e Ensinanzas Especiais, logo de informe da Inspección Educativa.

Décimo terceiro.-Inscrición e matrícula.

Para os centros públicos que teñan autorizados programas de garantía social para o curso 2007-2008 establécese o período de inscrición ao longo do mes de xullo, e de matrícula do 1 ao 14 de setembro.

A formalización da matrícula nos centros sostidos con fondos públicos, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, quedará condicionada a que haxa un número mínimo de 10 alumnos ou alumnas admitidos ou admitidas para cada programa de garantía social autorizado, sen prexuízo do recollido no punto terceiro desta resolución en relación ao alumnado con necesidades educativas especiais. A impartición destas ensinanzas cun número menor de alumnado exixirá a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

Décimo cuarto. Solicitudes.

Os centros educativos que soliciten impartir un novo programa de garantía social, ou que propoña cambios respecto da oferta xa autorizada, remitirán á inspección educativa un informe no que se fagan constar os perfís profesionais solicitados, as empresas e os alumnos e alumnas susceptibles de cursalos

e as programacións asociadas, incluíndo o calendario a que fai referencia o punto oitavo desta resolución. A data límite de recepción será do día 30 de abril de 2007. A resolución de autorización publicárase no DOG.

#### Décimo quinto.-Seguimento.

As delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través dos servizos de Inspección Educativa, realizarán o apoio e o seguimento precisos para a posta en marcha e o desenvolvemento dos programas de garantía social autorizados, considerando as memorias indicadas no punto sétimo e velando pola boa marcha do proceso educativo.

Décimo sexto.-Esta presente resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2007.

Antonio Vázquez Vázquez  
Director xeral de Formación Profesional  
e Ensinanzas Especiais

### ANEXO I

#### Catálogo de programas en relación coas familias profesionais

| Familia profesional              | Perfil                                                | Código Mod. A/FEP | Código Mod. B/PIP |
|----------------------------------|-------------------------------------------------------|-------------------|-------------------|
| Actividades agrarias             | Operario de actividades forestais.                    | GF01001           | GF01B01           |
|                                  | Operario de cultivos hortícolas.                      | GF01002           | GF01B02           |
|                                  | Operario de explotacións agropecuarias.               | GF01003           | GF01003           |
|                                  | Operario de viveiros e xardíns.                       | GF01004           | GF01B04           |
|                                  | Auxiliar de floraría.                                 | GF01005           | GF01B05           |
| Actividades marítimo-pesqueiras. | Operario acuicultor.                                  | GF03001           | GF03B01           |
|                                  | Navegación e pesca costeira.                          | GF03002           | GF03B02           |
| Administración.                  | Servizos auxiliares de oficina.                       | GF04001           | GF04B01           |
| Artes gráficas.                  | Operario de imprenta rápida e manipulados.            | GF05001           | GF05B01           |
|                                  | Auxiliar de infografía.                               | GF05002           | GF05B02           |
| Comercio e marketing.            | Dependente de comercio.                               | GF06001           | GF06B01           |
| Comunicación, imaxe e son.       | Auxiliar de imaxe.                                    | GF07001           | GF07B01           |
| Edificación e obra civil.        | Operario de revestimentos lixeiros.                   | GF08001           | GF08B01           |
|                                  | Operario de albanería.                                | GF08002           | GF08B02           |
|                                  | Operario de carpintería de obra.                      | GF08003           | GF08B03           |
|                                  | Pintor-empapelador.                                   | GF08004           | GF08B04           |
|                                  | Xeseiro-escaiolista.                                  | GF08005           | GF08B05           |
|                                  | Operario de pavimentación e colocación de azulexo.    | GF08006           | GF08B06           |
|                                  | Operario de cantaría.                                 | GF08007           | GF08B07           |
|                                  | Auxiliar de pintura e decoración.                     | GF08008           | GF08B08           |
|                                  | Operario de cubrición de edificios.                   | GF08009           | GF08B09           |
| Electricidade e electrónica.     | Instalador electricista.                              | GF09001           | GF09B01           |
|                                  | Auxiliar de electrónica.                              | GF09002           | GF09B02           |
|                                  | Operario de instalacións eléctricas de baixa tensión. | GF09003           | GF09B03           |
|                                  | Operario reparador de electrodomésticos.              | GF03004           | GF03B04           |

| Familia profesional                       | Perfil                                                                             | Código Mod. A/FEP | Código Mod. B/PIP |
|-------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|-------------------|
| Fabricación mecánica.                     | Ferreiro e forxador agrícola.                                                      | GF10001           | GF10B01           |
|                                           | Operario de construcións metálicas en aluminio.                                    | GF10002           | GF10B02           |
|                                           | Operario de máquinas e ferramentas.                                                | GF10003           | GF10B03           |
|                                           | Operario de soldadura e as construcións metálicas.                                 | GF10004           | GF10B04           |
|                                           | Operario de soldadura.                                                             | GF10005           | GF10B05           |
|                                           | Operario de caldeiraría.                                                           | GF10006           | GF10B06           |
| Hostalería e turismo.                     | Axudante de cociña e restauración.                                                 | GF11001           | GF11B01           |
|                                           | Axudante de cociña.                                                                | GF11002           | GF11B02           |
|                                           | Axudante de repostería e pastalaría.                                               | GF11003           | GF11B03           |
|                                           | Operario de panadería.                                                             | GF11006           | GF11B06           |
|                                           | Auxiliar de aloxamento, lenzaría e lavandería.                                     | GF11004           | GF11B04           |
|                                           | Axudante de servizos de restaurante e bar.                                         | GF11005           | GF11B05           |
| Imaxe persoal.                            | Auxiliar de perrucaría.                                                            | GF12001           | GF12B01           |
|                                           | Auxiliar de estética.                                                              | GF12002           | GF12B02           |
| Industrias alimentarias.                  | Operario de conserveira vexetal.                                                   | GF13001           | GF13B01           |
|                                           | Operario de industrias lácteas.                                                    | GF13002           | GF13B02           |
|                                           | Operario de carnicaría e chacinaría.                                               | GF13003           | GF13B03           |
|                                           | Operario de industrias conserveiras e semiconserveiras de marisco e peixe.         | GF13004           | GF13B04           |
|                                           | Operario de captación, elaboración e envasado de produtos silvestres e ecolóxicos. | GF13005           | GF13B05           |
| Madeira e moble.                          | Operario de fabricación e instalación de mobles modulares sinxelos.                | GF15001           | GF15B01           |
|                                           | Operario de carpintería de madeira maciza.                                         | GF15002           | GF15B02           |
|                                           | Operario de mecanizado de madeira.                                                 | GF15003           | GF15B03           |
|                                           | Operario de carpintería.                                                           | GF15004           | GF15B04           |
| Mantemento de vehículos autopropulsados.  | Axudante de mecánica xeral e electricidade do vehículo.                            | GF16001           | GF16B01           |
|                                           | Axudante de operacións de carrozaría do vehículo.                                  | GF16002           | GF16B02           |
|                                           | Auxiliar de mantemento de motocicletas.                                            | GF16005           | GF16B05           |
|                                           | Axudante de reparación de automóviles.                                             | GF16003           | GF16B03           |
|                                           | Axudante de reparación e mantemento de maquinaria agrícola.                        | GF16004           | GF16B04           |
| Mantemento e servizos á produción.        | Operario de refrixación e climatización.                                           | GF17001           | GF17B01           |
|                                           | Operario de mantemento básico de edificios.                                        | GF17002           | GF17B02           |
|                                           | Operario de fontanería.                                                            | GF17004           | GF17B04           |
|                                           | Operario de reparación e mantemento de maquinaria de téxtil e confección.          | GF17003           | GF17B03           |
| Sanidade.                                 | Auxiliar de puericultura.                                                          | GF19001           | GF19B01           |
| Servizos á comunidade e socioculturais.   | Auxiliar de axuda no domicilio e residencias asistidas.                            | GF20001           | GF20B01           |
| Téxtil, confección e pel.                 | Operario de téxtil e confección.                                                   | GF21001           | GF21B01           |
|                                           | Reparador de calzado e marroquinaría.                                              | GF21002           | GF21B02           |
|                                           | Operario maquinista de confección industrial.                                      | GF21003           | GF21B03           |
|                                           | Operario de tapizaría.                                                             | GF21004           | GF21B04           |
| Artes aplicadas á escultura.              | Forxador artístico.                                                                | GP01001           | GP01B01           |
| Artes plásticas aplicadas á indumentaria. | Auxiliar de creación de indumentaria.                                              | GP02001           | GP02B01           |
| Cerámica artística.                       | Operario de olaría.                                                                | GP05001           | GP05B01           |
| Esmaltes artísticos.                      | Operario de esmalte.                                                               | GP13001           | GP13B01           |
| Vidro artístico.                          | Operario de sopra de vidro.                                                        | GP10001           | GP10B01           |
| Vidro e cerámica.                         | Operario de olaría-cerámica.                                                       | GF22001           | GF22B01           |
| Xoiaría de arte.                          | Operario de técnicas básicas de xoiaría.                                           | GP09001           | GP09B01           |
|                                           | Operario de quincalla.                                                             | GP09002           | GP09B02           |

**ANEXO II**  
**ACTA DE AVALIACIÓN**

[illegible]

Esta acta comprende (1) ..... alumnos/as e remata con (2) .....

En ..... de ..... de .....

Sinatura do professorado

## Visto e prace

O/A director/a

(1) N° de alumnos ou alumnas

(2) Nome do último aluno ou alumna

## ANEXO III

D/D<sup>a</sup> .....

Secretario/a do centro .....

Localidade ..... Provincia de .....

**CERTIFICO:**

Que D/p<sup>a</sup> ..... con DNI ..... n.º de expediente ..... e natural de .....

Que D/D ..... con DNI ..... de expediente..... e natural de .....

provincia de ..... participou no programa de garantia social, modalidade de .....

no perfil profesional de ..... por un total de ..... horas, cos tempos e as

|                                 |   |   |   |   |
|---------------------------------|---|---|---|---|
| no permiti profesional de ..... | 1 | 2 | 3 | 4 |
| por un total de .....           | 1 | 2 | 3 | 4 |

[illegible]

E para que conste e teña efectos onde proceda, por instancia do interesado estendo esta certificación, selada co

E para que conste e tenha efectos onde proceda, por instancia do interessado estando esta certificacion, selada co  
 carimbo deste centro, en ..... de ..... de .....

cammino deste centro, en ..... 33 .....

## Visto e prace

century

|                |                  |
|----------------|------------------|
| O/A director/a | O/A secretario/a |
|----------------|------------------|

# CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Resolución do 2 de marzo de 2007 pola que se concede o Premio Galicia á Innovación Empresarial, correspondente aos Premios Galicia de Investigación 2006.*

Pola orde da Consellería de Innovación e Industria do 6 de novembro de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* n° 225, do 22 de novembro), convocouse o Premio Galicia á Innovación Empresarial, correspondente aos premios Galicia de Investigación 2006.

De acordo co establecido nas bases da convocatoria, a decisión adoptada polo xurado debe darse a coñecer mediante a correspondente publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

En consecuencia, e tendo en conta a proposta elaborada polo xurado, esta consellería

**RESOLVE:**

Primeiro.-Concederlle o Premio Galicia á Innovación Empresarial, correspondente aos Premios Galicia de Investigación 2006, á empresa *Española de Plataformas Marinas, S.L.-Extrumar*, pola súa decidida traxectoria de I+D, a orixinalidade do

proyecto de innovación presentado, o risco asumido pola empresa, tendo en conta as dificultades que o sector presenta para a innovación, así como o impacto socioeconómico que o proceso de innovación presentado pode ter no sector.

Segundo.-Conceder unha mención especial a favor da empresa *Sagres, S.L.* con base na súa aposta pola diversificación tecnolóxica nun sector estratéxico para Galicia como é o do téxtil, así como con base na súa traxectoria en procesos de innovación.

Terceiro.-Esta resolución pon fin á vía administrativa segundo o disposto no artigo 109 e) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

### Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2007.

P.D. (Orde 31-1-2006; DOG nº 24, do 3 de fevereiro)

Emilio Nogueira Moure

Enlino Nogueira Moure  
Secretario xeral da Consellería de Innovación  
e Industria

*Resolución do 2 de marzo de 2007 pola que se conceden o Premio Eugenio Montero Ríos de Investigación Social para investigadores sénior e o Premio Eugenio Montero Ríos de Investigación Social para investigadores mozos, correspondentes aos Premios Galicia de Investigación 2006.*

Pola orde da Consellería de Innovación e Industria do 6 de novembro de 2006 (*Diario Oficial de Galicia* nº 225, do 22 de novembro), convocáronse os premios Eugenio Montero Ríos de Investigación Social correspondentes aos Premios Galicia de Investigación 2006.

De acordo co establecido nas bases da convocatoria, a decisión adoptada polo xurado debe darse a coñecer mediante a correspondente publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

En consecuencia, e tendo en conta a proposta elaborada polo xurado, esta consellería

#### **RESOLVE:**

Primeiro.-Concederlle o Premio Eugenio Montero Ríos de Investigación Social para investigadores sénior a José Manuel Sabucedo Cameselle.

Segundo.-Concederlle o Premio Eugenio Montero Ríos de Investigación Social para investigadores mozos a María Luz Loureiro García.

Terceiro.-Esta resolución pon fin á vía administrativa segundo o disposto no artigo 109 e) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

#### *Disposición derradeira*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2007.

P.D. (Orde 31-1-2006; DOG nº 24, do 3 de febreiro)

Emilio Nogueira Moure  
Secretario xeral da Consellería  
de Innovación e Industria

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Orde do 15 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas destinadas á adquisición de animais de reposición de determinadas razas bovinas, ovinas e cabrúas autóctonas, e se convocan en 2007.*

A gandería baseada nas nosas razas autóctonas foi tradicionalmente, e é hoxe, unha produción de riqueza incalculable desde diversos puntos de vista, tanto económicos, como sociais e ambientais.

Ademais, non se pode esquecer que as razas autóctonas galegas supoñen un almacén xenético fundamental que é necesario conservar.

O mantemento deste gando é imprescindible para a conservación dos ecosistemas de pastos que, doutro xeito, se estragarían irremediabilmente.

Tamén é unha ferramenta utilísima para a fixación da poboación no medio rural mellorando as súas condicións de vida, incrementando a calidade a competitividade e o valor engadido dos produtos.

As actividades para subvencionar enmárcanse no disposto nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal 2007-2013 (2006/C 319/01), tendo en conta o Regulamento (CE) 1320/2006, polo que se establecen normas para a transición á axuda ao desenvolvemento rural establecida no Regulamento (CE) 1698/2006 do Consello.

Establécense axudas dirixidas a gandeiros da Comunidade Autónoma de Galicia titulares de explotacións de gando bovino, ovino e cabrún que adquiran en poxa pública femias de reposición ou machos reprodutores dalgunha das razas incluídas no anexo 1 do Real decreto 1734/2000, do 20 de outubro, modificado polo Real decreto 836/2002, do 2 de agosto, e que cumpran os requisitos enunciados no anexo 2 da anterior normativa.

En consecuencia, de acordo co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e, no uso das facultades que me confiren os artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

#### **DISPOÑO:**

##### **Artigo 1º.-Obxecto.**

O obxecto desta orde é convocar e regular as axudas para a adquisición de animais de reposición de determinadas razas bovinas, ovinas e cabrúas, femias de reposición ou machos reprodutores que, se adquiran en poxa pública durante o ano 2007 na Comunidade Autónoma de Galicia, e proceder á súa convocatoria para o ano 2007.

##### **Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.**

O ámbito de aplicación desta orde será o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

##### **Artigo 3º.-Finalidade.**

Os fins que se pretenden acadar con esta orde son os seguintes:

-O aumento da rendibilidade das explotacións gandeiras galegas, da súa viabilidade e do nivel de vida dos gandeiros.

-A modernización do sector gandeiro galego en materia de xenética, sanidade e produción animal.

-A mellora da eficacia dos sistemas produtivos agrarios e das calidades nas súas producións.

-A optimización na utilización das oportunidades e recursos dispoñibles.

##### **Artigo 4º.-Beneficiarios.**

Serán beneficiarios das axudas para a adquisición de animais os titulares das explotacións gandeiras que cumpran:

a) Adquirir na poxa un lote de, como mínimo, cinco femias de reposición para as especies ovina e cabrúa e tres xovencas de reposición para a especie bovina, ou un macho reprodutor.

b) Comprometerse a manter os animais adquiridos na súa explotación durante un período mínimo de tres anos, agás para as xovencas de reposición, que deberán manterse, como mínimo, durante cinco anos e someterse aos controis que efectúe a Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

c) Acreditar a viabilidade económica da explotación conforme o establecido no punto 17º do artigo 2 do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias.

d) Cumprir na súa explotación as normas mínimas autonómicas, estatais e comunitarias en materia sanitaria, de ambiente, hixiene e benestar dos animais.

e) O titular da explotación deberá posuír a capacidade e competencia profesionais axeitadas.

f) Non se concederán as axudas previstas por este decreto aos titulares de explotacións de vacún de carne cuxa carga gandeira supere as 1,8 UGM/ha (Unidade de Gando Maior/hectárea), exceptuándose desta limitación aquelas explotacións con dimensión igual ou inferior a 15 UGM.

2. O número de femias por lote previsto no parágrafo a do punto anterior non será de aplicación para as poxas de xovencas da raza rubia galega.

#### Artigo 5º.-Axudas.

Cuantificación da subvención: a contía total da subvención poderá acadar o 50% do custo do animal nas zonas desfavorecidas incluídas nas listas a que fai referencia o número 4º, do artigo 55 do Regulamento (CE) 1257/1999 do Consello, do 17 de maio, sobre a axuda ao desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola (FEOGA) e polo que se modifican e derrogan determinados regulamentos, e o 40% dese mesmo custo no resto das zonas, sen superar en ningún caso os seguintes importes:

-48,08 euros por femia reprodutora das especies ovina e cabrúa.

-210,35 euros por xovenca.

-90,1 euros por macho reprodutor das especies ovina ou cabrúa.

-300,50 euros por macho reprodutor da especie bovina.

Se o solicitante é titular dunha gandería inscrita no libro xenealóxico da raza adquirida na poxa, os importes máximos serán:

-36,06 euros por femia reprodutora das especies ovina e cabrúa.

-157,76 euros por xovenca.

-67,61 euros por macho reprodutor das especies ovina ou cabrúa.

-225,38 euros por macho reprodutor da especie bovina.

#### Artigo 6º.-Solicitudes e prazos de presentación.

1. As solicitudes presentaranse preferentemente nos rexistros dos órganos dependentes da Consellería do Medio Rural. Así mesmo, poderán presentarse nos rexistros de calquera órgano administrativo que

pertenza á Administración xeral do Estado, a calquera Administración das comunidades autónomas ou a algunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribiu o oportuno convenio, ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de envío por correo, farase de acordo co regulamentariamente previsto no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regula a prestación dos servizos postais, en desenvolvemento do establecido na Lei 24/1998, do 13 de xullo, do servizo postal universal e de liberalización dos servizos postais, que se presentará en sobre aberto, co obxecto de que na cabeceira da primeira folia do documento que se queira enviar se faga constar, con claridade, o nome da oficina e a data, o lugar, a hora e minuto da súa admisión.

Á solicitude de axuda, segundo o modelo do anexo I, deberá xuntarse a seguinte documentación:

-Acreditación da personalidade xurídica da entidade solicitante e os seus estatutos, se é o caso.

-Acreditación da representatividade do solicitante.

-Fotocopia cotexada do número ou código de identificación fiscal.

-Certificado orixinal da entidade financeira sobre a titularidade da conta en que se solicita o ingreso do importe da axuda.

-Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto ou, se é o caso, cubrir, debidamente asinada, a declaración que figura no anexo II.

-Fotocopia da páxina ou páxinas do libro de rexistro de explotación, en que figuren as inscricións correspondentes aos animais por que se solicitan as axudas, ou fotocopias dos documentos de identificación de bovinos emitidos co nome do novo propietario.

-Unha descrición completa da explotación do solicitante en que se van manter os animais obxecto de solicitude.

-Unha declaración do solicitante respecto do número de animais por que solicita a axuda e as condicións destes para optar a súa concesión. Comprometerse a manter os animais adquiridos na súa explotación durante un período mínimo de tres anos, anexo III.

-Certificación da *Asociación do Libro Xenealóxico* correspondente á raza dos animais adquiridos, que indique se o solicitante é ou non é o titular da gandería inscrita no citado libro.

-Documentación acreditativa da adquisición dos animais na poxa.

2. O prazo de presentación de solicitudes será durante os 40 días hábiles seguintes á adquisición dos animais.

3. A presentación da solicitude de concesión de axuda polo interesado implicará a autorización á Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia. Así mesmo, de acordo co establecido na disposición primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

4. Porén, quedan exentas de achegar os xustificantes do cumprimento das obrigas a que se refire o artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, as especificadas no artigo 41 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.

5. Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase o responsable para que no prazo de dez días hábiles, desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende a falla ou xunte os documentos preceptivos, con advertencia de que, se non o fixese, terase por desistido da súa solicitude, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

6. A Consellería do Medio Rural poderá solicitar dos peticionarios toda a información e xustificacións técnicas e económicas que considere necesarias, co obxecto de comprobar a realización das actuacións subvencionables e os custos derivados.

Artigo 7º.-Condicións das poxas e dos animais.

1. As poxas comprenderán un mínimo de 30 animais das especies ovina ou cabrúa e 15 animais para a especie bovina.

2. Os animais que participen nas poxas deberán cumprir, polo menos, os seguintes requisitos:

Estar inscritas no libro xenealóxico das razas mencionadas no anexo I do Real decreto 1734/2000, do 20 de outubro, modificado polo Real decreto 836/2002, do 2 de agosto, e que cumpran os requisitos enunciados no anexo II da anterior normativa.

a) Para as especies ovina ou cabrúa:

1. Proceder de explotacións: indemnes de bruceloses (M3), ou de explotacións con calificación sanitaria equivalente a (M2) e que cumpran os animais os seguintes requisitos:

1.1. Ser orixinarios dunha explotación que presentase un resultado favorable ás probas serolóxicas.

1.2. Presenten un resultado negativo favorable trinta días antes do traslado e vaia acompañado dun certificado do veterinario oficial que certifique o dito resultado.

2. Idades comprendidas entre tres e seis meses para as femias e entre catro e oito meses para os machos reprodutores.

3. Todos os reprodutores ovinos deberán estar identificados electronicamente e xenotipados para o xene PrP.

No caso de explotacións inscritas nos libros xenealóxicos das razas obxecto de subvención, os datos indicados a continuación deberán figurar na súa carta xenealóxica:

-No caso dos machos: só se admitirán os xenotipos ARR/ARR, ARR/AHQ, AHQ/AHQ, ARR/ARQ, ARR/ARH, ARQ/AHQ, AHQ/ARH.

-No caso das femias: ademais dos anteriores, admitiranse as que posúan os xenotipos ARH/ARH, ARQ/ARH.

b) Para a especie bovina:

1. Proceder de explotacións: oficialmente indemnes de tuberculose (T3), oficialmente indemnes de brucelose (B4) ou indemnes de brucelose (B3), indemnes de leucose e libres de peripneumonía contagiosa bovina. Ademais deberá practicárselles unha proba no transcurso dos últimos trinta días con resultado negativo ás enfermidades indicadas.

2. Idades comprendidas entre os oito e dezaseis meses para as xovencas e entre seis e catorce meses para os machos reprodutores.

c) Non presentar defectos descalificantes.

Artigo 8º.-Tramitación e resolución.

O órgano instrutor do procedemento será a Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria. O expediente será resolto polo conselleiro do Medio Rural, por proposta do director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

A consellería notificará a resolución, nun prazo de nove meses a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG. A falta de notificación no dito prazo poderase entender desestimatoria das peticións de axuda. Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá presentarse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación.

Artigo 9º.-Seguimento e control da concorrencia e acumulación de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

1. Xunto coa solicitude inicial, os peticionarios das axudas presentarán unha declaración de conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións ou entes públicos, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas ou o anexo II debidamente cuberto.

2. En calquera caso, coas xustificacións, e se houber modificación da declaración anterior, o petionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Artigo 10º.-Criterios de adxudicación e control da execución dos programas.

1. Terán prioridade as solicitudes dos titulares das explotacións gandeiras pertencentes a asociacións de defensa sanitaria gandeiras (ADSG). A contía das axudas será a indicada no artigo 5º desta orde. Cando o número de solicitudes con dereito a axudas exceda o crédito dispoñible destinado para tal fin, a Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria proporá reducir proporcionalmente as contías unitarias das axudas, co fin de non superar a devandita contía total.

2. O control da execución dos programas levarao a cabo o persoal da Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

Artigo 11º.-Modificación das axudas.

1. As subvencións a que se refire esta orde consideraranse subvencións máximas e poderán ser reducidas, por proposta da Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, cando exista concorrencia doutras axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

2. O pagamento da subvención realizarase con xustificación previa polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxecto ou adopción do comportamento para o cal se concedeu, nos termos establecidos nesta orde.

3. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 12º.-Reintegro da axuda e obriga de facilitar información.

O interesado ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e nos demais supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (Decreto legislativo 1/1999). Así mesmo, ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como as que lle solicite calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Artigo 13º.-Réxime de incompatibilidades.

As axudas recollidas nesta orde son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que se cumpran os límites establecidos na normativa aplicable e que, en ningún caso, se supere o custo total da actividade financiada.

Artigo 14º.-Financiamento.

1. As axudas que deriven da aplicación desta orde financiaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007:

11.03.713\_C771.2: 5.000 euros.

A concesión da axuda someterase á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

2. Así mesmo, os importes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia con que se financiarán estas axudas poderanse incrementar con fondos comunitarios, estatais ou autonómicos achegados para o efecto.

Estas axudas son cofinanciadas polo Feoga-Orientación nun 75%.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 78 e 79 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas de ser o caso.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2007.

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro de Medio Rural



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

**ANEXO I**



**MINISTERIO DE  
AGRICULTURA, PESCA  
E ALIMENTACIÓN**

**UNIÓN  
EUROPEA  
—  
FEOGA**



|                                                                                                                                                                |                                          |                                |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------|--------------------------------|
| PROCEDIMIENTO<br><b>AXUDAS DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE ANIMAIS DE REPOSICIÓN<br/>DE DETERMINADAS RAZAS BOVINAS, OVINAS E CABRÚAS<br/>AUTÓCTONAS DE GALICIA</b> | CÓDIGO DO PROCEDIMENTO<br><b>MR53 7A</b> | DOCUMENTO<br><b>SOLICITUDE</b> |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------|--------------------------------|

**DATOS DO/DA SOLICITANTE**

|               |          |           |                    |     |
|---------------|----------|-----------|--------------------|-----|
| APELIDOS      |          | NOME      |                    | DNI |
|               |          |           |                    |     |
| ENDEREZO      |          | PROVINCIA | CONCELLO           |     |
|               |          |           |                    |     |
| CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | FAX       | CORREO ELECTRÓNICO |     |
|               |          |           |                    |     |

**E na súa representación:**

|               |          |           |                    |     |
|---------------|----------|-----------|--------------------|-----|
| APELIDOS      |          | NOME      |                    | DNI |
|               |          |           |                    |     |
| ENDEREZO      |          | PROVINCIA | CONCELLO           |     |
|               |          |           |                    |     |
| CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | FAX       | CORREO ELECTRÓNICO |     |
|               |          |           |                    |     |

**DATOS BANCARIOS**

|                 |                    |                 |                          |
|-----------------|--------------------|-----------------|--------------------------|
| CÓDIGO DO BANCO | CÓDIGO DA SUCURSAL | DÍXITOS CONTROL | CÓDIGO DA CONTA CORRENTE |
|                 |                    |                 |                          |
| BANCO           |                    | OFICINA         |                          |
|                 |                    |                 |                          |

RAZA DOS ANIMAIS DO PROGRAMA DE CRÍA

|  |
|--|
|  |
|--|

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA**

- ☐ FOTOCOPIA COTEXADA DO DNI OU DO CÓDIGO DE IDENTIFICACIÓN FISCAL.
- ☐ CERTIFICADO ORIXINAL DA ENTIDADE FINANCIERA SOBRE A TITULARIDADE DA CONTA EN QUE SE SOLICITA O INGRESO DO IMPORTE DA AXUDA.
- ☐ DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES OU CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS, ENTES OU SOCIEDADES, ASÍ COMO DOUTROS INGRESOS OU RECURSOS QUE FINANCIEN O PROXECTO, OU, SE É O CASO, CUBRIR, DEBIDAMENTE ASINADA, A DECLARACIÓN QUE FIGURA NO ANEXO II.
- ☐ ACREDITACIÓN DA PERSOALIDADE XURÍDICA DA ENTIDADE SOLICITANTE E OS SEUS ESTATUTOS, SE É O CASO.
- ☐ ACREDITACIÓN DA REPRESENTATIVIDADE DO SOLICITANTE, SE É O CASO.
- ☐ FOTOCOPIA DA PÁXINA OU PÁXINAS DO LIBRO DE REGISTRO DE EXPLOTACIÓN, EN QUE FIGUREN AS INSCRICIÓN CORRESPONDENTES AOS ANIMAIS POLOS QUE SE SOLICITAN AS AXUDAS, OU FOTOCOPIAS DOS DOCUMENTOS DE IDENTIFICACIÓN DE BOVINOS EMITIDOS CO NOME DO NOVO PROPIETARIO.
- ☐ DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA ADQUISICIÓN DOS ANIMAIS NA POXA.
- ☐ CERTIFICACIÓN DA ASOCIACIÓN DO LIBRO XENEALÓXICO CORRESPONDENTE Á RAZA DOS ANIMAIS ADQUIRIDOS, QUE INDIQUE SE O SOLICITANTE É OU NON TITULAR DA GANDARÍA INSCRITA NO CITADO LIBRO.
- ☐ UNHA DESCRICIÓN COMPLETA DA EXPLOTACIÓN DO SOLICITANTE EN QUE SE VAN MANTER OS ANIMAIS OBXECTO DA SOLICITUDE.
- ☐ UNHA DECLARACIÓN DO SOLICITANTE RESPECTO DO NÚMERO DE ANIMAIS POLOS QUE SOLICITA A AXUDA E AS CONDICIÓN DESTES PARA OPTAR Á SÚA CONCESIÓN. COMPROMETERSE A MANTER OS ANIMAIS ADQUIRIDOS NA SÚA EXPLOTACIÓN DURANTE UN PERÍODO MÍNIMO DE TRES ANOS, SEGUNDO O ANEXO III.
- ☐ DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA PERTENZA A UNHA AD SG.

O/a abaixo asinante declara que ten coñecemento da normativa reguladora desta axuda e comprométese a cumprir co programa aprobado pola consellería e elaborado pola asociación de gandeiros da raza considerada. Así mesmo, comprometerase a cumprir na súa explotación coas normas mínimas estatais e comunitarias en materia sanitaria, de identificación, de alimentación, de medio natural, hixiene e benestar dos animais. E polo tanto solicita que lle sexa concedida a axuda establecida na Orde do \_\_\_\_\_ da Consellería do Medio Rural, pola que se establecen axudas destinadas a adquisición de animais de reposición de determinadas razas bovinas, ovinas e cabrúas autóctonas de Galicia no marco do Programa de mellora gandeira de Galicia.

**EXPÓN:**

Que autoriza a Consellería do Medio Rural, para incluír e facer público, nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 15 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas destinadas á adquisición de animais de reposición de determinadas razas bovinas, ovinas e cabrúas autóctonas, e se convocan en 2007.

SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

**(Para cubrir pola Administración)**

|                     |  |
|---------------------|--|
| RECIBIDO            |  |
| REVISADO E CONFORME |  |

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

*ANEXO II*

|                                                                                                                                                                                                                                                                                    |                                          |                                                   |                                          |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------|---------------------------------------------------|------------------------------------------|
| D/Dña.                                                                                                                                                                                                                                                                             | <input style="width: 95%;" type="text"/> | , en nome propio ou en representación da entidade |                                          |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                    | <input style="width: 95%;" type="text"/> | con DNI ou CIF da entidade                        | <input style="width: 95%;" type="text"/> |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                    | <input style="width: 95%;" type="text"/> |                                                   |                                          |
| <b>DECLARO:</b>                                                                                                                                                                                                                                                                    |                                          |                                                   |                                          |
| <input type="checkbox"/> Que non solicitei e non se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como non existir outros ingresos ou recursos que financien o proxecto. |                                          |                                                   |                                          |
| <input type="checkbox"/> Que solicitei e se me concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financien o proxecto, a saber:            |                                          |                                                   |                                          |
|                                                                                                                                                                                                                                                                                    |                                          |                                                   |                                          |
| , de de 200                                                                                                                                                                                                                                                                        |                                          |                                                   |                                          |
| Asdo.:                                                                                                                                                                                                                                                                             |                                          |                                                   |                                          |

*ANEXO III*

|                                                                                                                                                                                             |                                          |                                                   |                                          |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------|---------------------------------------------------|------------------------------------------|
| D/Dña.                                                                                                                                                                                      | <input style="width: 95%;" type="text"/> | , en nome propio ou en representación da entidade |                                          |
|                                                                                                                                                                                             | <input style="width: 95%;" type="text"/> | con DNI ou CIF da entidade                        | <input style="width: 95%;" type="text"/> |
|                                                                                                                                                                                             | <input style="width: 95%;" type="text"/> |                                                   |                                          |
| <b>DECLARO:</b>                                                                                                                                                                             |                                          |                                                   |                                          |
| <input type="checkbox"/> Que o número de animais polo que solicito a subvención é de <input style="width: 50px;" type="text"/> e que cumpren as condicións para optar á concesión da axuda. |                                          |                                                   |                                          |
| <input type="checkbox"/> Que me comprometo a manter os animais na miña explotación durante un período mínimo de tres anos.                                                                  |                                          |                                                   |                                          |
|                                                                                                                                                                                             |                                          |                                                   |                                          |
| , de de 200                                                                                                                                                                                 |                                          |                                                   |                                          |
| Asdo.:                                                                                                                                                                                      |                                          |                                                   |                                          |

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

*Orde do 23 de febreiro de 2007 pola que se fixa o prezo de venda ao público da publicación: Desfibrilación semiautomática externa. Manual del alumno.*

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51 sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo do informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato e despois de emitido o informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería

**DISPÓN:**

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ao público da publicación editada pola *Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061* e que se relaciona no anexo.

2. Este prezo entenderase, de ser o caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2007.

Mª José Rubio Vidal  
Conselleira de Sanidade

**ANEXO I**

\* *Desfibrilación semiautomática externa. Manuel del alumno*: 17 euros.

**CONSELLERÍA DE TRABALLO**

*Orde do 7 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo e se procede á súa convocatoria para o ano 2007.*

A Comunidade Autónoma de Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7º do Estatuto de autonomía de Galicia.

3.2. Asistencia técnica consistente na elaboración de estudos de viabilidade, de organización, de comercialización, auditorías e outros informes económicos, así como no asesoramento para a elaboración dos estatutos sociais, formalización e inscrición da escritura pública e demais trámites derivados do proceso de constitución da cooperativa ata un máximo de 2.000 euros.

A asistencia técnica poderá ser prestada por persoas físicas, asociacións de cooperativas, e outras entida-

des, que acrediten a súa solvencia profesional por medio de titulación académica oficial suficiente para a prestación do servizo. No caso de persoas xurídicas, o/a posuidor/a da titulación deberá acreditar o seu vínculo coa entidade.

3.3. Cando se trate de promotores/as de proxectos empresariais cooperativos procedentes de procesos de reconversión, reestruturación ou peche de empresas, tamén poden ser obxecto de subvención ata o 75% dos gastos en que incorran para a súa adaptación ás características do novo proxecto empresarial, derivados da mobilidade xeográfica ou funcional, da incorporación a novos procesos e tecnoloxías, ou do cambio de estrutura xurídica empresarial, ata un máximo de 2.000 euros por promotor ou promotora.

Para acceder a esta modalidade, deberá acreditarse que os/as promotores/as están desempregados/as por algunha das causas previstas nos artigos 49.1º g) 50, 51 e 52 b) e c) do Estatuto dos traballadores, ou que procedan de empresas inmersas nalgún outro proceso de reestruturación ou reconversión.

3.4. Axuda excepcional para o lanzamento de actividade de cooperativas de traballo asociado ou que asocien traballadores/as. O importe desta axuda que se concederá por unha soa vez a entidades de nova creación, consistirá nunha subvención de ata o 50% dos gastos necesarios para o inicio da actividade, cun máximo de ata 3.000 euros por cada socio ou socio traballador/a que, no momento da súa alta na Seguridade Social, fose desempregado/a con inscrición como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego.

Entenderase por entidade de nova creación aquela que inicie a súa actividade con posterioridade ao 30 de setembro de 2006, considerando como data de inicio a de alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, a de alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda. Serán subvencionables, a través desta axuda, os gastos pola compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos, arrendamento do local e maquinaria, publicidade, subministracións, sempre que se realicen no primeiro ano desde o inicio da actividade.

Base cuarta.-Programa IV: fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a.

## 1. Finalidade

Este programa ten como obxectivo o fomento do acceso á condición de socios e socias traballadores/as de cooperativas, como xeito de promocionar o cooperativismo facilitando a participación e plena integración na empresa, mediante a concesión de axudas económicas destinadas a financiar, parcialmente, a achega ao capital social que debe desembolsarse para a incorporación como socia ou socio.

## 2. Beneficiarios/as.

Persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego, que accedan á condición de socio/a dunha cooperativa de traballo asociado e persoas asalariadas das sociedades cooperativas que accedan á condición de socio/a tra-

ballador/a. En ambos os casos cando a incorporación se produza no período comprendido entre o 16 de setembro de 2006 e o 15 de setembro de 2007 e sempre que non percibisen axuda para incorporación como socio/a traballador/a nos catro anos inmediatamente anteriores.

Será necesario acreditar o cumprimento das previsións da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, respecto aos topes máximos de traballadores/as por conta allea, así como establecer un plan específico que contemple medidas que aseguren a progresiva incorporación dos/as asalariados/as á condición de socios/as, se é o caso.

### 3. Contía das axudas.

A contía das axudas poderá ascender ata 4.000 euros, sen que en ningún caso poda ser superior á contía que corresponda subscribir en concepto de achega de capital social e cota de ingreso, pola incorporación como socio ou socia traballador/a. A contía máxima da axuda, no momento do seu pagamento, non poderá ser superior aos importes efectivamente desembolsados en concepto de achega ao capital social e cota de ingreso.

O importe das axudas será recoñecido como achegas obrigatorias desembolsadas da nova socia ou do novo socio ao capital social e non poderá ser obxecto de reembolso nin transmisión por actos inter vivos, durante un período mínimo de cinco anos. Non obstante, o socio ou socia que cause baixa obrigatoria poderá transmitir a súa achega a favor da persoa que se incorpore para a súa substitución nas mesmas condicións e ata o final do referido período, como mínimo. Igualmente poderá ser recoñecido como cota de ingreso, incorporándose ao Fondo de reserva obrigatorio da entidade.

Base quinta.-Programa V.-: actividades de promoción do cooperativismo e adaptación ás tecnoloxías da información e as comunicacións.

#### 1. Finalidade.

Este programa ten como finalidade apoiar o desenvolvemento de actividades para o fomento do cooperativismo e a incorporación das cooperativas ás tecnoloxías da información e as comunicacións, subvencionando parcialmente os gastos necesarios para a súa realización e para o desenvolvemento dos procesos de adaptación necesarios.

#### 2. Beneficiarios/as.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as sociedades cooperativas, legalmente constituídas e inscritas nos rexistros de cooperativas dependentes da Xunta de Galicia, que realicen as devanditas actividades desde o 1 de xaneiro ata o 15 de novembro do ano 2007.

#### 3. Modalidades e contía das axudas.

3.1. Na modalidade de fomento do cooperativismo, as actividades obxecto de subvención poderán consistir na organización de cursos, xornadas, conferencias e simposios; na elaboración, publicación e difu-

sión de estudos, informes, traballos de investigación, manuais e folletos divulgativos; na elaboración de proxectos de intercooperación e integración; na asistencia a feiras, mostras e congresos, así como calquera outra acción promocional que fomente o cooperativismo.

A contía das axudas previstas neste programa non poderá superar o 75% dos gastos necesarios para a súa realización, ata un máximo de 20.000 euros por beneficiario/a. Establécense, así mesmo, os seguintes límites subvencionables para as actividades que se indican a continuación:

-Actividades divulgativas ou formativas de duración inferior a 10 horas: ata 2.000 €.

-Actividades divulgativas ou formativas de duración superior a 10 horas: ata 3.000 €

-Asistencia a feiras e mostras: ata 5.000 €.

3.2. Na modalidade de adaptación ás tecnoloxías da información e as comunicacións, poderán ser obxecto de subvención os programas que recollan algunha das seguintes actuacións:

-Elaboración da paxina web da entidade cooperativa e a súa incorporación a redes informáticas, ata un máximo de 3.000 €.

-Implantación de sistemas telemáticos para a xestión empresarial e comercio electrónico, ata un máximo de 6.000 €.

En todo caso, a contía das axudas previstas nesta modalidade non poderá superar o 75% dos gastos necesarios para a súa realización, ata un máximo de 6.000 euros por beneficiario/a.

#### 4. Criterios de avaliación.

A concesión e contía das axudas, que se realizará en réxime de concorrencia competitiva, estará en función dos seguintes criterios:

1º) Pola adecuación aos obxectivos e liñas de actuación do Plan estratéxico para o cooperativismo, ata un máximo de 30 puntos. No caso da modalidade 3.2 esta puntuación outorgarase en función do carácter integral do proxecto presentado que fomente a inmersión da cooperativa nas tecnoloxías da información e as comunicacións.

2º) Por propostas innovadoras ou que pola súa singularidade acheguen novos enfoques e perspectivas ao cooperativismo ou á súa promoción, ata un máximo de 25 puntos. No caso da modalidade 3.2 esta puntuación outorgarase polo establecemento de canles áxiles e estables de comunicación interna cos socios e socias da cooperativa.

3º) Pola solvencia da entidade solicitante para levar a cabo a actividade, acreditada mediante memoria específica, e o cumprimento dos compromisos derivados de actividades subvencionadas anteriormente, de ser o caso, ata un máximo de 20 puntos.

4º) Pola, adecuación dos medios previstos e viabilidade do proxecto presentado, ata un máximo de 15 puntos.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO

## ANEXO II

**UNIÓN EUROPEA**  
Fondo Social Europeo  
Fondo Europeo de  
Desenvolvemento Rexional



EXPEDIENTE

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                                                                                                                                 |                                    |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------|
| PROCEDEMENTO<br><b>AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO EN EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL E DE PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO</b><br><b>PROGRAMA I: FOMENTO DO EMPREGO EN COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS</b><br><b>PROGRAMA II: MELLORA DA COMPETITIVIDADE EN COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS</b><br><b>PROGRAMA III: IMPULSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS COOPERATIVOS</b><br><b>PROGRAMA IV: FOMENTO DO ACCESO Á CONDICIÓ DE SOCIO E SOCIA TRABALLADOR/A</b><br><b>PROGRAMA V: ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO E ADAPTACIÓN ÁS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E AS COMUNICACIÓNS</b> | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO<br><br><b>TR802G</b><br><br><b>TR802K</b><br><br><b>TR807D</b><br><br><b>TR802J</b><br><br><b>TR802I</b> | DOCUMENTO<br><br><b>SOLICITUDE</b> |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------|

## DATOS DO/A SOLICITANTE

|                                                                               |                        |                                                   |          |           |  |
|-------------------------------------------------------------------------------|------------------------|---------------------------------------------------|----------|-----------|--|
| NOME OU RAZÓN SOCIAL                                                          |                        |                                                   |          | CIF / NIF |  |
| ENDEREZO SOCIAL                                                               |                        |                                                   |          |           |  |
| LOCALIDADE / CONCELLO                                                         | PROVINCIA              | CÓDIGO POSTAL                                     | TELÉFONO | FAX       |  |
| CORREO ELECTRONICO                                                            | CNAE                   | SOCIOS/AS TRABALLADORES/AS<br>HOMES      MULLERES |          |           |  |
| ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRICIÓ)                                              |                        |                                                   |          |           |  |
| DATA DE CONSTITUCIÓN                                                          | Nº INSCRICIÓ REXISTRAL | Nº INSCRICIÓ NA SS.SS                             |          |           |  |
| CENTRO DE TRABALLO (ENDEREZO, LOCALIDADE, CONCELLO, PROVINCIA, CP E TELÉFONO) |                        |                                                   |          |           |  |

## E na súa representación:

|          |                |               |           |
|----------|----------------|---------------|-----------|
| APELIDOS | NOME           | DNI           | TELÉFONO  |
| ENDEREZO |                | CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA |
| CONCELLO | EN CALIDADE DE |               |           |

## ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓ

|                     |           |               |          |
|---------------------|-----------|---------------|----------|
| ENDEREZO            |           |               |          |
| LOCALIDADE/CONCELLO | PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO |

## LEXISLACIÓ APLICABLE

*Orde do 7 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoció do cooperativismo e se procede á súa convocatoria para o ano 2007.*

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

En

☐ Delegado/a provincial da Consellería de Traballo de  
☐ Director/a xeral de Relacións Laborais  
 Indicar cun X o órgano a que se dirixe a solicitude

## (Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE  
EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

**ANEXO II**  
(continuación)

O/a solicitante ou representante,

**DECLARA QUE:**

- a) Todos os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- b) Non se incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 9º da orde de convocatoria.
- c) Indicar o que corresponda:
  - ☐ Non ter solicitada nin percibida ningunha outra axuda dunha Administración ou entidade pública.
  - ☐ Ter percibida ou solicitado as axudas que se indican na relación que se xunta (no modelo que figura como anexo VIII).
  - ☐ Non ter percibida axuda para a adquisición da condición de socio/a traballador/a nos catro anos inmediatamente anteriores á data de incorporación na cooperativa. (1)
- d) Comunicaranlle ao órgano que conceda a axuda calquera modificación das condicións tidas en conta no momento da concesión, así como dos compromisos e obrigas asumidas polo/a beneficiario/a e, se é o caso, a obtención de subvencións ou axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- e) Sométese ás actuacións de control, comprobación ou inspección que efectuará a Consellería de Traballo e ás de control financeiro que lle correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea.
- f) Non se incorre nas circunstancias previstas no artigo 13.2º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- g) Autoriza á obtención dos certificados establecidos no artigo 5º desta orde.
- h) Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo para incluír e facer públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas. (Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como órgano responsable dos ficheiros rúa Domingo Fontán, 9-15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal).
- i) Autoriza expresamente á Consellería de Traballo para que de acordo co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 13º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, con expresión do beneficiario, a contía e a súa finalidade.

**e SOLICITA:**

Nos termos descritos na documentación que se xunta, relacionada no anexo III, as subvencións indicadas na parte superior.

En \_\_\_\_\_,

(Sinatura do/a solicitante ou representante da entidade)

\_\_\_\_\_

(1) Unicamente para solicitudes do programa IV

**ANEXO III**

Documentación xeral e específica

1. Documentación xeral para todos os programas.

a) Fotocopia compulsada da tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal da ou do solicitante.

b) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade da persoa representante legal, de ser o caso.

c) Alta no IAE ou, de ser o caso, alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda. No suposto de que se solicite subvención financeira e/ou subvención directa para a adquisición de inmovilizado material e inmaterial con

anterioridade ao inicio da actividade, deberá achegarse na fase de xustificación do pagamento.

d) No suposto de cooperativas ou sociedades laborais de nova creación deberá presentarse unha memoria técnica e económica do proxecto empresarial ou o plan de empresa, que deberá conter os datos de identificación e descrición do proxecto, os aspectos técnicos de produción e comercialización, a previsión de postos de traballo que se van crear, un breve currículo das persoas promotoras, así como unha descrición detallada dos aspectos económicos, técnicos e financeiros que permitan avaliar a viabilidade do proxecto. A memoria deberá axustarse aos modelos tipo que facilite a Consellería de Traballo.

e) Certificación da entidade bancaria acreditativa de que quen solicita é titular da conta que indica na ficha de solicitude da transferencia bancaria (segundo o modelo do anexo IX).

f) Declaración comprensiva do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade das administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras subvencións (segundo o modelo do anexo VIII). Na mesma declaración deberán indicarse todas as axudas de mínimos recibidas durante os tres anos anteriores á data da solicitude, así como das solicitadas e que se atopen pendentes de resolver.

As entidades que soliciten máis dun programa dos previstos nesta orde, unicamente deberán xuntar un exemplar da documentación xenérica coa primeira das solicitudes presentadas, facendo constar tal circunstancia nas posteriores. En todo caso, todas as solicitudes deberán presentarse acompañadas da documentación específica para o programa respectivo.

## 2. Documentación específica.

Programa I.-Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.

Documentación específica para a axuda pola incorporación de socios e socias traballadores/as ou de traballo.

a) DNI, documentos acreditativos dos períodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego, así como do tempo de permanencia no paro segundo os datos do informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social dos socios e socias traballadores/as ou de traballo por quen se solicita subvención, agás cando o traballador ou traballadora vinculado/a á empresa cun contrato laboral de carácter temporal se incorpore como socio ou socia traballador/a ou de traballo, que non deberán presentar as devanditas certificacións.

b) Documentos acreditativos da concorrencia das circunstancias recollidas no número 2 da base terceira, se é o caso. A comprobación da condición de persoa afectada por diversidade funcional realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que fose recoñecida por outra administración distinta da propia da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, de acordo co disposto no artigo 1.2º da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, no suposto de pensionistas da Seguridade Social por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez acreditarase mediante certificación do Instituto Nacional da Seguridade Social da condición de pensionista na data da incorporación. No suposto de pensionistas de clases pasivas mediante certificación da condición de pensionista por xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo

ou inutilidade por clases pasivas do Ministerio de Economía y Hacienda ou do órgano de procedencia do funcionario/a na data de incorporación.

c) Certificado de alta e permanencia como socio ou socia traballador/a ou de traballo emitido pola cooperativa ou sociedade laboral e documentos de alta na Seguridade Social. No certificado de incorporación deberá constar expresamente a declaración de que o traballador ou traballadora que se incorpora como socio ou socia non tivo nos dous últimos anos na entidade tal condición (segundo o modelo do anexo IV).

d) Certificación da relación nominal dos socios ou socias traballadores/as ou de traballo e do persoal asalariado fixo no ano inmediatamente anterior á data da nova incorporación, con indicación das altas e baixas no dito período (segundo o modelo do anexo V).

e) No suposto de traballadores ou traballadoras vinculados/as á empresa por contrato laboral de carácter temporal, copia do contrato de traballo, documento de alta inicial na Seguridade Social, así como xustificante da comunicación á Seguridade Social dos cambios producidos.

f) Cando se trate da incorporación dun socio ou socia que vaia realizar unha xornada a tempo parcial, unha copia do contrato de traballo no caso de sociedades laborais. De tratarse de cooperativas, certificado en que conste a duración da xornada que ten fixada a persoa que se incorpora.

Programa II.-Mellora da competitividade en cooperativas e sociedades laborais.

1. Documentación específica para a subvención financeira e para a subvención directa para a adquisición de inmovilizado material ou inmaterial:

a) Memoria económica do proxecto que inclúa o orzamento de investimento e o plan de financiamento en relación coa finalidade ou obxecto da axuda e xustificación da súa necesidade e na cal deberán constar necesariamente, entre outros, os seguintes extremos: sector de actividade económica, número de empregos creados, número de empregos mantidos, tipo de proxecto e se está relacionado coa sociedade de información así como se o proxecto necesita declaración de impacto ambiental.

b) Compromiso da entidade financeira sobre a concesión do préstamo no cal figuren as súas características e se faga constar que a operación se acolle ao convenio subscrito para tal fin (segundo modelo do anexo VII) ou, de ser o caso, o contrato de préstamo.

c) Certificación da relación nominal de socios ou socias traballadores/as ou de traballo, con indicación daquelas persoas que hai que ter en conta para o cálculo da subvención e copia do DNI destas (segundo modelo do anexo VI).

d) Facturas pro forma ou orzamentos dos activos do inmovilizado material e inmaterial e, cando proceda, xustificacións das ofertas solicitadas e memoria da proposta seleccionada.

2. Documentación específica para a axuda para a contratación de directores/as ou xerentes:

a) O *curriculum vitae* da persoa que se vaia contratar.

b) Memoria xustificativa da necesidade da contratación do persoal cualificado e da dificultade para facer fronte ao seu pagamento cos seus propios medios e con indicación, desagregada por conceptos, do custo total da contratación.

c) No suposto de non ser unha sociedade de nova creación, balance de situación e conta de resultados dos dous últimos exercicios.

Programa III.-Impulso de proxectos empresariais cooperativos.

a) Memoria da actividade para a cal se solicita a subvención na cal consten as liñas xerais do proxecto, o resto de actividades previstas para a súa posta en marcha, a relación de promotores ou promotoras e o investimento previsto.

b) Factura ou orzamento individualizado correspondente a cada concepto subvencionable, e cuantificado economicamente en todas as súas epígrafes, acompañado da documentación que acredite a habilitación legal e a debida cualificación para a prestación do servizo, nos termos previstos no número tres da base terceira.

c) No suposto de promotoras ou promotores que aínda non constituísen a sociedade cooperativa, acta de designación da persoa solicitante como beneficiaria debidamente asinada polas persoas promotoras, acompañada de fotocopia compulsada dos documentos de identidade de todas elas.

d) Para as persoas promotoras procedentes de empresas en proceso de reconversión, reestruturación ou peche que soliciten a subvención para a adaptación, debe acreditarse a súa procedencia nos termos previstos no número tres da base terceira, e presentar os documentos orixinais ou copias autenticadas acreditativos dos gastos realizados, xunto coa memoria explicativa do seu carácter imprescindible.

e) Documentación específica para a axuda excepcional de inicio da actividade:

a. Certificación da relación nominal de socios e socias traballadores/as e copia do DNI de cada un deles/as, con indicación daquelas persoas polas cales se solicita subvención (segundo modelo do anexo VI).

b. Documentos acreditativos dos períodos de inscrición como demandantes de emprego na oficina

pública de emprego, dos socios e socias traballadores/as por quen se solicita a subvención.

c. Certificado de alta e permanencia como socio ou socia traballador/a emitido pola cooperativa de traballo asociado ou sociedade laboral e documentos de alta na Seguridade Social.

d. Orzamento total dos gastos necesarios para o inicio da actividade, con indicación daqueles a que se vai destinar a subvención, así como das fontes de financiamento, xunto coas facturas, facturas pro forma, orzamentos ou declaración da previsión de gastos.

Programa IV.-Fomento do acceso á condición de socio/a traballador/a.

a) Documentos acreditativos dos períodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego, así como do tempo de permanencia no paro segundo os datos do informe da vida laboral na Tesouraría Xeral da Seguridade Social, de ser o caso.

b) Certificación da incorporación á cooperativa de traballo asociado e documentos de alta na Seguridade Social.

c) Certificación emitida pola cooperativa de traballo asociado do importe das achegas subscritas para adquirir a condición de socio ou socia traballador/a.

d) Certificación do número de persoas asalariadas da cooperativa que acredite o cumprimento das previsións sobre número máximo de persoas asalariadas e, de ser o caso, plan específico de incorporación de persoal asalariado.

e) Certificación do acordo da asemblea xeral da cooperativa relativo á aprobación da contía das achegas obrigatorias dos/as novos/as socios/as e da conta de ingreso, se é o caso.

f) Certificación do acordo do consello reitor da cooperativa relativo á admisión como socios/as e a inexistencia de impugnacións ao respecto.

Programa V.-Actividades de promoción do cooperativismo e adaptación ás tecnoloxías da información e as comunicacións.

a) Memoria das actividades da entidade solicitante con especial referencia ás de fomento do cooperativismo.

b) Proposta das actividades para as cales se solicita a subvención especificando a súa finalidade, os/as destinatarios/as e os medios previstos para a súa realización, así como informe relativo á capacidade profesional das persoas intervinientes e un orzamento detallado, cuantificado economicamente en todos os seus puntos, que concrete a achega que realizará a entidade solicitante no seu financiamento.

ANEXO IV

CERTIFICACIÓN DA RELACIÓN NOMINAL DOS/AS NOVOS/AS SOCIOS/AS TRABALLADORES/AS OU DE TRABALLO POLOS CALES SE SOLICITA SUBVENCIÓN

EXPEDIENTE

Axuda pola incorporación de socios/as traballadores/as ou de traballo

Nome da entidade solicitante:

RELACIÓN DE SOCIOS/AS

| APELIDOS E NOME | DNI | DATA DE NACEMENTO | SEXO | TEMPO EN DESEMPREGO | COLECTIVO (BASE PRIMEIRA Nº 2) | XORNADA DE TRABALLO <sup>(1)</sup> |
|-----------------|-----|-------------------|------|---------------------|--------------------------------|------------------------------------|
|                 |     |                   |      |                     |                                |                                    |
|                 |     |                   |      |                     |                                |                                    |
|                 |     |                   |      |                     |                                |                                    |
|                 |     |                   |      |                     |                                |                                    |
|                 |     |                   |      |                     |                                |                                    |
|                 |     |                   |      |                     |                                |                                    |
|                 |     |                   |      |                     |                                |                                    |
|                 |     |                   |      |                     |                                |                                    |
|                 |     |                   |      |                     |                                |                                    |

<sup>(1)</sup> Indicar se é a tempo completo (TC) ou a tempo parcial, neste caso indicar duración da xornada en porcentaxe.

O/A representante da entidade declara que ningún dos/as traballadores/as polos cales se solicita subvención foi socio/a traballador/a ou de traballo nesta entidade nos dous anos anteriores á data da súa incorporación

En

(Sinatura do/a representante da entidade)

## ANEXO V

**CERTIFICACIÓN DA RELACIÓN NOMINAL DE SOCIOS/AS TRABALLADORES/AS OU DE TRABALLO E PERSOAL ASALARIADO FIXO NOS 12 MESES ANTERIORES A INCORPORACIÓN DOS/AS NOVOS/AS SOCIOS/AS**

## EXPEDIENTE

**Axuda pola incorporación de socios/as traballadores/as ou de traballo**

**Nome da entidade solicitante:**

**Nome do/a trabalhador/a**

**polo/a que se solicita subvención:**

**Data de incorporación (data de alta na Seguridade Social):**

**RELACIÓN DE SOCIOS/AS E PERSOAL ASALARIADO**[illegible]

\* Deberá cubrirse un anexo por cada socio/a traballador/a ou de traballo polo cal se solicita subvención.

O/A representante da entidade declara que no día inmediatamente anterior á incorporación do/a novo/a socio/a traballador/a ou de traballo o número total de socios/as ascende a [ ] ; e que a incorporación segundo os datos reflectidos neste anexo supón incremento tanto de emprego como do número de socios/as traballadores/as ou de traballo da entidade, respecto á media dos últimos 12 meses anteriores á incorporación do/a novo/a socio/a polo cal se solicita a axuda.

En

(Sinatura do/a representante da entidade)

ANEXO VI

CERTIFICACIÓN DA RELACIÓN NOMINAL DE SOCIOS/AS TRABALLADORES OU DE TRABALLO

EXPEDIENTE

Tipo de axuda:

☐ Subvención financeira.

☐ Subvención directa para a adquisición de inmaterializado material ou inmaterial.

Nome da entidade solicitante:

RELACIÓN DE SOCIOS/AS

| APELIDOS E NOME | DNI | DATA DE INCORPORACIÓN Á COOPERATIVA OU SOCIEDADE LABORAL | SOLICITA SUBVENCIÓN <sup>(1)</sup> |
|-----------------|-----|----------------------------------------------------------|------------------------------------|
|                 |     |                                                          | <input type="checkbox"/>           |
|                 |     |                                                          | <input type="checkbox"/>           |
|                 |     |                                                          | <input type="checkbox"/>           |
|                 |     |                                                          | <input type="checkbox"/>           |
|                 |     |                                                          | <input type="checkbox"/>           |
|                 |     |                                                          | <input type="checkbox"/>           |
|                 |     |                                                          | <input type="checkbox"/>           |
|                 |     |                                                          | <input type="checkbox"/>           |

1)

Indicar cun X os/as traballadores/as polos cales se solicita subvención.

O/A representante da entidade declara que os/as novos/as socios/as traballadores/as ou de traballo polos/as cales se solicita subvención non foron tidos/as en conta con anterioridade para a percepción destas axudas.

En

(Sinatura do/a representante da entidade)

## ANEXO VII

**COMPROMISO DA ENTIDADE FINANCEIRA DE CONCESIÓN DO PRÉSTAMO  
(DOCUMENTO QUE DEBE PRESENTAR O/A SOLICITANTE XUNTO COA SOLICITUDE)**

EXPEDIENTE

**DATOS DA ENTIDADE FINANCEIRA**

|                      |                      |                      |                      |
|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| ENTIDADE FINANCEIRA  |                      |                      |                      |
| <input type="text"/> |                      |                      |                      |
| SUCURSAL, RÚA        |                      |                      |                      |
| <input type="text"/> |                      |                      |                      |
| CÓDIGO POSTAL        | LOCALIDADE/CONCELLO  | PROVINCIA            | TELÉFONO             |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

**DATOS DA PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA TITULAR DO PRÉSTAMO**

|                                        |                      |                      |                      |
|----------------------------------------|----------------------|----------------------|----------------------|
| APELIDOS E NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL |                      |                      |                      |
| <input type="text"/>                   |                      |                      |                      |
| ENDEREZO                               |                      |                      |                      |
| <input type="text"/>                   |                      |                      |                      |
| CÓDIGO POSTAL                          | LOCALIDADE/CONCELLO  | PROVINCIA            | TELÉFONO             |
| <input type="text"/>                   | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

**CARACTERÍSTICAS DO PRÉSTAMO**

|                      |                       |                      |
|----------------------|-----------------------|----------------------|
| CÓDIGO POSTAL        | PRAZO DE AMORTIZACIÓN | CARENCIA             |
| <input type="text"/> | <input type="text"/>  | <input type="text"/> |
| TIPO DE XURO         |                       |                      |
| <input type="text"/> |                       |                      |

Comprométese á concesión do préstamo detallado neste escrito, conforme o convenio subscrito coa Consellería de Traballo, polo que solicita que a citada operación sexa cualificada como subvencionable,

En

(Sinatura do/a representante e selo da entidade financeira)

## ANEXO VIII

## DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

D/Dª

con DNI nº

en nome e representación da entidade

con NIF/CIF nº

en calidade de

## DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

## AXUDAS CONCEDIDAS:

| ANO | ORGANISMO | IMPORTE | TIPO DE AXUDA | DISPOSICIÓN REGULADORA | AXUDA EN RÉXIME DE MINIMIS <sup>(1)</sup>                |
|-----|-----------|---------|---------------|------------------------|----------------------------------------------------------|
|     |           | 0,00 €  |               |                        | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
|     |           | 0,00 €  |               |                        | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
|     |           | 0,00 €  |               |                        | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
|     |           | 0,00 €  |               |                        | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
|     |           | 0,00 €  |               |                        | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
|     |           | 0,00 €  |               |                        | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
|     |           | 0,00 €  |               |                        | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |

<sup>(1)</sup> Indicar cun X o que proceda.

## AXUDAS SOLICITADAS:

| ANO | ORGANISMO | IMPORTE | TIPO DE AXUDA | DISPOSICIÓN REGULADORA | AXUDA EN RÉXIME DE MINIMIS <sup>(1)</sup>                |
|-----|-----------|---------|---------------|------------------------|----------------------------------------------------------|
|     |           | 0,00 €  |               |                        | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
|     |           | 0,00 €  |               |                        | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
|     |           | 0,00 €  |               |                        | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
|     |           | 0,00 €  |               |                        | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
|     |           | 0,00 €  |               |                        | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
|     |           | 0,00 €  |               |                        | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |
|     |           | 0,00 €  |               |                        | <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON |

<sup>(1)</sup> Indicar cun X lo que proceda.

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E, para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

En

,

(Sinatura e selo da entidade)

## ANEXO IX

## FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |                         |                    |                          |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------|--------------------|--------------------------|
| EXPEDIENTE                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                         |                    |                          |
| CÓDIGO DO PROCEDEMENTO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |                         |                    |                          |
| TITULAR DA CONTA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |                         | DNI/NIF            |                          |
| ENDEREZO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |                         |                    |                          |
| PROVINCIA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        | CONCELLO                | CÓDIGO POSTAL      | TELÉFONO                 |
| DATOS BANCARIOS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |                         |                    |                          |
| CÓDIGO DO BANCO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | CÓDIGO DA SUCURSAL      | DÍXITOS DE CONTROL | CÓDIGO DA CONTA CORRENTE |
| NOME                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             | ENDEREZO (RÚA E NÚMERO) |                    |                          |
| PROVINCIA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        | CONCELLO                | CÓDIGO POSTAL      |                          |
| <b>CERTIFICO:</b><br>Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.<br><br><div style="display: flex; justify-content: space-between;"> <div>           En _____<br/><br/>           SINATURA DO/A SOLICITANTE         </div> <div>           _____<br/><br/>           SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA         </div> </div> |                         |                    |                          |

**ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*Resolución do 7 de marzo de 2007 pola que se convocan varios cursos de formación continua para o persoal da Xunta de Galicia.*

Aprobado o programa de actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2007 polo Consello Reitor, de conformidade co artigo 6.2º da Lei 4/1987, do 27 de maio, modificada pola Lei 10/1989, do 10 xullo,

**RESOLVO:**

Primeiro.

Iniciar as actuacións correspondentes á execución das actividades de formación continua da Escola Galega de Administración Pública (en diante EGAP) para o ano 2007. Esta execución axustarase á súa dispoñibilidade orzamentaria.

Segundo.

Convocar os cursos de formación continua para o ano 2007 cuxas bases, características e contido son detallados nos anexos desta resolución.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2007.

Antonio Izquierdo Escribano  
Director da Escola Galega de Administración Pública

**ANEXO I**
**Bases**
**1ª. Requisitos dos participantes.**

Poderán participar nas accións formativas convocadas por esta resolución os empregados públicos e as empregadas públicas destinados na Administración da Xunta de Galicia que se encontran en situación de servizo activo ou excedencia polo coitado dun fillo ou dun familiar e que reúnan os requisitos establecidos para cada un dos casos no anexo II. Está exceptuado o persoal docente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o persoal sanitario, sempre que non desempeñen postos na Administración xeral, que disporá das súas propias e exclusivas convocatorias.

Toda persoa solicitante que ao inicio do curso se atope en situación de baixa laboral por incapacidade temporal quedará automaticamente excluída da listaxe do persoal seleccionado.

2ª. Acceso ás actividades, datas e lugares de realización.

Poderá participar o persoal que cumpra os requisitos específicos e as preferencias exixidas para cada curso nos anexos II e III. A participación nos cursos que teñan lugar en horario de traballo quedará condicionada á autorización das persoas responsables dos centros directivos.

Os cursos realizaranse coa duración e condicións que para cada un deles se indican no anexo II. A información será actualizada na páxina web da EGAP, <http://www.egap.xunta.es>.

### 3ª. Solicitudes.

a) O persoal que desexe participar nalgún dos cursos convocados nesta resolución deberá cubrir o formulario de matrícula telemática na páxina web da EGAP <http://egap.xunta.es>, de acordo co disposto na base 4ª desta resolución.

b) O número máximo de cursos en que se pode pedir participar nesta convocatoria límitase a cinco. No tocante aos cursos que contén con varias edicións, só poderá solicitarse participar nunha delas.

c) A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado, así como á imposibilidade de participar en ningún outro curso neste ano.

d) Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non teñan cubertos correctamente os datos necesarios para realizar o proceso selectivo do alumnado, non se axusten ás vías de solicitude oficialmente establecidas ou sexan presentadas fóra de prazo.

e) As persoas solicitantes de cursos de telefonación deberán dispor dun equipo informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

- Ordenador con conexión á internet.

- Calquera navegador web co *plugin* de *flash*.

- Conta de correo electrónico especificada na solicitude.

|----------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CODIGO                                                   | DENOMINACIÓN                                                                                             | CRITERIOS ESPECÍFICOS DE SELECCIÓN                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| DAO                                                      | FERRAMENTAS TELEMÁTICAS PARA AXILIZAR A NOTIFICACION POSTAL                                              | APLICARÁNSE OS CRITERIOS DA RESOLUCIÓN DO 30 DE XANEIRO DE 2007 POLA CAL SE FAN PÚBLICOS OS CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES DOCENTES DA EGAP. TERA PREFERENCIA O PERSOAL DA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| DAÑ                                                      | ELIMINACIÓN DE CERTIFICADOS EN PAPEL DOUTRAS AAPP. CONSULTA TELEMÁTICA DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA S.S. | APLICARÁNSE OS CRITERIOS DA RESOLUCIÓN DO 30 DE XANEIRO DE 2007 POLA CAL SE FAN PÚBLICOS OS CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES DOCENTES DA EGAP. TERA PREFERENCIA O PERSOAL DA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL                               |                                                                                                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| CODIGO                                                   | DENOMINACIÓN                                                                                             | CRITERIOS ESPECÍFICOS DE SELECCIÓN                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| EBI                                                      | INTRODUCCIÓN A UTILIZACIÓN DE EQUIPOS GPS-NAVEGADORES                                                    | TERA PREFERENCIA O PERSOAL CON CONECAMENTO DE TOPOGRAFÍA, AGRIMENSURA E MATEMÁTICAS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| EBJ                                                      | XESTIÓN DE PROXECTOS I+D                                                                                 | PERSOAL DA XUNTA DE GALICIA RELACIONADO NO SEU TRABALLO CON PROXECTOS I+D                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| EBH                                                      | XESTIÓN DE PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS                                                     | TERA PREFERENCIA O PERSOAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL VINCULADO A XESTIÓN DE PROXECTOS FINANCIADOS CON FONDOS EUROPEOS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      |
| EBE                                                      | O ORGANISMO PAGADOR DOS FONDOS EUROPEOS AGRARIOS EN GALICIA                                              | TERA PRIORIDADE O PERSOAL QUE INTERVEN EN XESTIÓN DOS PAGAMENTOS DOS FONDOS EUROPEOS AGRICOLAS E O PERSOAL QUE XESTIONE LÍNAS DE AXUDA FEAGA/FEDER                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| EBK                                                      | ACTUALIZACIÓN DA ACTIVIDADE INSPECTORA EN MATERIA DE SEGURIDADE                                          | VETERINARIOS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, EN FUNCIÓN DA Súa DEDICACIÓN, QUE REALICEN LABORES DE COORDINACIÓN E/OU INSPECCIÓN NA MATERIA OBXECTO DO CURSO. OUTRA DEDICACIÓN A MATERIA OBXECTO DO CURSO. EN FUNCIÓN DA Súa RELACIÓN LABORAL, FUNCIONARIOS, LABORAIS FIXOS E INDEFINIDOS, PERSOAL INTERINO OU LABORAIS TEMPORAIS. VETERINARIOS DOUTRAS CONSELLERÍAS, CO MESMO CRITERIO. TITULADOS SUPERIORES E MEDIOS DA XUNTA DE GALICIA                                                                                                                                                                                       |
| EBN                                                      | TRAZABILIDADE NO SECTOR AGROALIMENTARIO                                                                  | AGRONOMOS E AGRICOLAS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL: RELACIÓN ENTRE AS TAREFAS QUE REALIZA O SOLICITANTE NO DESEMPEÑO DO SEU POSTO DE TRABALLO E A MATERIA OBXECTO DO CURSO. EN FUNCIÓN DA Súa RELACIÓN LABORAL: FUNCIONARIOS, LABORAIS FIXOS E INDEFINIDOS, PERSOAL INTERINO OU LABORAIS TEMPORAIS. ANTIGUIDADE NA ADMINISTRACIÓN AUTÓNOMICA                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| EBM                                                      | REFORMA DAS PAC. PAGAMENTO ÚNICO E CONDICIONALIDADE                                                      | TERAN PRIORIDADE OSÍAS TÉCNICOS E VETERINARIOS DAS OAC (OFICINAS AGRARIAS COMARCAS)                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| EBL                                                      | BENESTAR DOS ANIMAIS NO TRANSPORTE E NORMATIVA SOBRE MOVEMENTO PECUARIO                                  | VETERINARIOS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL (FUNCIONARIOS, INTERINOS, OU LABORAIS) QUE PRESTEN OS SEUS SERVIZOS PARA ESTA CONSELLERÍA A REALIZACIÓN DE LABORES DE COORDINACIÓN E/OU INSPECCIÓN OU DOCENCIA NA MATERIA OBXECTO DO CURSO. A CONDICIÓN DE FUNCIONARIO SOBRE A DE INTERINO E DESTA SOBRE O LABORAL. VALORARASE A ANTIGUIDADE NO POSTO DE TRABALLO E QUE OS SERVIZOS QUEDEAN ATENDIDOS. NO CASO DE EMPATE, RESOLVERA O XEFE PROVINCIAL DE GANDERÍA, DE ACORDO COA DEDICACIÓN DO ASPIRANTE A MATERIA OBXECTO DO CURSO.                                                                                                |
| EBG                                                      | CURSO DE ESPECTROSCOPÍA DA ABSORCIÓN ATÓMICA, AA                                                         | PREFERENCIA PARA OS USUARIOS DOS ESPECTROMETROS DE ABSORCIÓN ATÓMICA E PARA TODOS OS RESPONSABLES TÉCNICOS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE |                                                                                                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| CODIGO                                                   | DENOMINACIÓN                                                                                             | CRITERIOS ESPECÍFICOS DE SELECCIÓN                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| KBF                                                      | CONTROL E SEGUIMENTO DE ATAQUES DE LOBOS E DANOS PRODUCIDOS POLOS XABARIS                                | TERAN PREFERENCIA OSÍAS FUNCIONARIOS/AS EN SERVIZO ACTIVO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E QUE PERTENZAN A ESCALA DE AXENTES FORESTAIS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| KBH                                                      | USO DE TERMINAIS GPS E APLICACIÓN PRÁCTICA EN TRABALLOS DE CAMPO                                         | TERAN PREFERENCIA OSÍAS FUNCIONARIOS/AS EN SERVIZO ACTIVO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E QUE PERTENZAN A ESCALA DE AXENTES FORESTAIS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
| KBI                                                      | MANEXO E PRIMEIROS AUXILIOS DE FAUNA                                                                     | TERA PREFERENCIA O PERSOAL ADSCRITO AOS CATRO CENTROS DE RECUPERACIÓN DE FAUNA SALVAXE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE (VIXILANTES DE RECURSOS NATURAIS, PEONS E CAPATAZES DE ESTABLECIMENTO), AS PRAZAS SOBREPAS CUBRIRÁNSE CON AXENTES FORESTAIS E VIXILANTES DE RECURSOS NATURAIS IMPLICADOS NAS TAREFAS DE CAPTURA E TRASLADO DE FAUNA. EN CASO DE PRESENTARSE MAIS SOLICITUDES DESTA GRUPO QUE PRAZAS RESTANTES, SEGUIRASE O DISPOSTO POLA ANTIGUIDADE. SE COS CRITERIOS ANTERIORES NON SE COMPLETARAN AS PRAZAS, PODERASE ELIXIR ENTRE OS TÉCNICOS/AS OU AXENTES DEDICADOS A OUTRAS LABORES DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA |
| CONSELLERÍA DE TRABALLO                                  |                                                                                                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| CODIGO                                                   | DENOMINACIÓN                                                                                             | CRITERIOS ESPECÍFICOS DE SELECCIÓN                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| TAA                                                      | POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO: INCENTIVOS A PROMOCIÓN DO EMPREGO                                          | TERA PREFERENCIA O PERSOAL DA XUNTA DE GALICIA QUE FORME PARTE DE UNIDADES XESTORAS DE INCENTIVOS A CONTRATACIÓN E A MELLORA DA EMPREGABILIDADE E DE UNIDADES RELACIONADAS COA XESTIÓN DAS POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |
| TAE                                                      | A INTERMEDIACIÓN LABORAL EN GALICIA                                                                      | A SELECCIÓN REALIZARASE TENDO EN CONTA O LUGAR DO POSTO DE TRABALLO DO SOLICITANTE. OS SOLICITANTES DAS OFICINAS DE EMPREGO E DAS DELEGACIÓNS PROVINCIAIS REALIZARÁN O CURSO ÚNICAMENTE NA EDICIÓN CORRESPONDENTE A Súa PROVINCIA. QUEDANDO RESERVADA A EDICIÓN DE SANTIAGO DE C. AOS SOLICITANTES QUE PRESTEN OS SEUS SERVIZOS DIRECTAMENTE NOS SERVIZOS CENTRAIS DA D.X. DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN. TERASE EN CONTA NA SELECCIÓN TER FEITO O CURSO "O NOVO APLICATIVO INFORMÁTICO DO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA"                                                                                                  |
| TAF                                                      | SISTEMAS DE BUSINESS INTELLIGENCE                                                                        | PERSOAL DA ESCALA INFORMÁTICA OU ESTATÍSTICA DESTINADO EN ENTIDADES SEGUINDO A SEGUINTE PRIORIDADE: QUE TEÑA SISTEMAS DE BI EN PRODUCCIÓN. TEÑA REALIZADO UN PLAN DIRECTOR EN BI. TEÑA PENSADO FACER UN PLAN                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| TAG                                                      | SIFO-PAGAMENTO DE CURSOS                                                                                 | PRIORIZARASE AO PERSOAL DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN OCUPACIONAL E CONTINUA, DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN DAS DELEGACIÓNS PROVINCIAIS DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E O PERSOAL DAS OFICINAS DE EMPREGO QUE NOS SEUS POSTOS DE TRABALLO UTILICE A FERRAMENTA SISTEMA INFORMÁTICO DE FORMACIÓN OCUPACIONAL                                                                                                                                                                                                                                                                                                         |
| TAH                                                      | SIFO-PROGRAMACIÓN DE CURSOS                                                                              | PRIORIZARASE O PERSOAL DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN OCUPACIONAL E CONTINUA, DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN DAS DELEGACIÓNS PROVINCIAIS DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E O PERSOAL DAS OFICINAS DE EMPREGO QUE NO SEU POSTO DE TRABALLO UTILICE A FERRAMENTA SISTEMA INFORMÁTICO DE FORMACIÓN OCUPACIONAL                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| TAI                                                      | SIFO-SEGUIMENTO DE CURSOS                                                                                | PRIORIZARASE O PERSOAL DA SUBDIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN OCUPACIONAL E CONTINUA, DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN E COLOCACIÓN DAS DELEGACIÓNS PROVINCIAIS DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E O PERSOAL DAS OFICINAS DE EMPREGO QUE NO SEU POSTO DE TRABALLO UTILICE A FERRAMENTA SISTEMA INFORMÁTICO DE FORMACIÓN OCUPACIONAL                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO                            |                                                                                                          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |
| CODIGO                                                   | DENOMINACIÓN                                                                                             | CRITERIOS ESPECÍFICOS DE SELECCIÓN                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                             |
| VAC                                                      | O CODIGO TÉCNICO DA EDIFICACIÓN                                                                          | CRITERIOS XERAIS DA EGAP. PRINCIPALMENTE TÉCNICOS DAS OFICINAS DE SUPERVISIÓN                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| VAD                                                      | A CALIDADE DAS FUTURAS EDIFICACIÓNS                                                                      | CRITERIOS XERAIS DA EGAP. PRINCIPALMENTE A ARQUITECTOS E ARQUITECTOS TÉCNICOS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  |

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 12 de marzo de 2007 pola que se amplía o prazo de realización do cuarto exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C), escala de subinspectores de consumo.*

A Orde do 26 de decembro de 2005 pola que se convoca o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C), escala de subinspectores de consumo establece na base II.2, que o prazo máximo para a realización do cuarto exercicio será de 40 días, contado este desde o remate do exercicio anterior.

Rematado o segundo exercicio o día 9 de febreiro de 2007, non sendo necesaria a realización do terceiro exercicio por estar todos os aspirantes en posesión do curso de perfeccionamento de galego, ou estudos equivalentes, e dada a complexidade deste proceso no relativo á organización do cuarto exercicio nas datas en que debe realizarse, determina

a imposibilidade de dar cumprimento ao prazo determinado na orde de convocatoria.

Conforme o anterior, tendo en conta a proposta elevada polo tribunal cualificador deste proceso selectivo, e ao abeiro do establecido no artigo 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

### DISPÓN:

A ampliación do prazo de realización do cuarto exercicio do proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C), escala de subinspectores de consumo, en vinte días hábiles.

Contra este acordo de ampliación de prazo non cabe recurso ningún, de conformidade co disposto no artigo 49.3º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2007.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

*Orde do 14 de marzo de 2007 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes nesta consellería.*

De conformidade co disposto no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, na súa nova redacción dada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da referida lei.

Esta consellería

### DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os postos de traballo que se indican no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral desta consellería (edificios administrativos de San Caetano, Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán axuntar á petición un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados da maneira que se sinala no punto anterior non serán tidos en conta.

Quinto.-No caso de que resulten seleccionados/as para ocupar os postos de traballo que se relacionan no anexo I desta orde, funcionarios/as con destino noutras administracións, requirirase o informe favorable do departamento onde presten servizos, considerándose favorable de non emitirse no prazo de quince días segundo o disposto no artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, podendo, de considerarse oportuno, declararse deserta.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade que a do novo, ou dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde o día seguinte ao da publicación da resolución.

Oitavo.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnala directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2007.

María José Caride Estévez  
Conselleira de Política Territorial,  
Obras Públicas e Transportes

### ANEXO I

Denominación do posto de traballo: subdirector/a xeral de Ordenación do Transporte.

Código do posto de traballo: OT.C05.00.001.15770.001.

Centro directivo: Dirección Xeral de Transportes.

Localidade: Santiago de Compostela.

Corpo/escala: Administración xeral.

Grupo: A.

Nivel: 30.

Complemento específico: 17.167,56 euros.

Titulación: 2813 (Lic. dereito/económicas/empresariais).

Tipo de adscrición: A11 (Adscrición indistinta funcionarios Administración Xunta de Galicia/Administración do Estado/Administración comunidades autónomas).

Formación específica: 640-061-523 (para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego.

R.I.- Experiencia en transportes terrestres -Diploma de directivo).

Denominación do posto de traballo: Servizo de Estudos e Apoio Xurídico.

Código do posto de traballo: OT.C05.00.001.15770.060.

Centro directivo: Dirección Xeral de Transportes.

Localidade: Santiago de Compostela.

Corpo/escala: Administración xeral.

Grupo: A/B.

Nivel: 28.

Complemento específico: 12.848,64 euros.

Titulación: —

Tipo de adscrición: A11 (Adscrición indistinta funcionarios Administración Xunta de Galicia/Administración do Estado/Administración comunidades autónomas).

Formación específica: 640 (para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego. R.I.).

Denominación do posto de traballo: Servizo de Autorizacións, Informes e Xunta Arbitral.

Código do posto de traballo: OT.C05.00.001.15770.070.

Centro directivo: Dirección Xeral de Transportes.

Localidade: Santiago de Compostela.

Corpo/escala: Administración xeral.

Grupo: A.

Nivel: 28.

Complemento específico: 12.848,64 euros.

Titulación: 2062 (licenciatura en dereito).

Tipo de adscrición: A11 (adscrición indistinta funcionarios Administración Xunta de Galicia/Administración do Estado/Administración comunidades autónomas).

Formación específica: 061-640 (experiencia en transportes terrestres-Para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego. R.I.).



**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

*Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería, anunciada pola Orde do 6 de novembro de 2006 (Diario Oficial de Galicia número 224, do 21 de novembro).*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria mediante Orde do 6 de novembro de 2006 (DOG nº 224, do 21 de novembro).

Esta consellería, no uso das facultades e atribucións conferidas polos artigos 15.4º e 27.2º da Lei da función pública de Galicia e os artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo,

**RESOLVE:**

Primeiro.-Adxudicarlle destino, no posto de traballo que se indica, ao funcionario que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no actual destino do funcionario que obtivo a praza producirase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

A toma de posesión da praza adxudicada deberá realizarse no prazo dos tres días seguintes ao do cesamento, se se trata da mesma localidade en que presta os seus servizos o funcionario, ou no prazo dun mes se se trata de distinta localidade, conforme o establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Terceiro.-A xefatura de Persoal do centro onde cause alta o funcionario realizará, dentro dos prazos sinalados nos parágrafos anteriores, a dilixencia de toma de posesión e seguidamente levaranse a cabo os trámites necesarios para a entrada en nómina.

Da dilixencia efectuada daráselle traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública.

Contra esta orde, que lle pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei

29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2007.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

**ANEXO**

Apelidos e nome: Lamela Rozas, Crisanto Jesús.  
Nº rexistro persoal: 0064310957 A2060.

Corpo ou escala: superior de Administración da Xunta de Galicia.

Grupo: A.

Posto de traballo: xefe do Servizo de Persoal.

Código: ED.C99.10.000.15001.125.

Nivel: 28.

Centro directivo: Delegación Provincial.

Localidade: A Coruña.

*Orde do 5 de marzo de 2007 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de tres postos de traballo vacantes nesta consellería.*

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, na redacción dada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería

**DISPÓN:**

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os tres postos de traballo vacantes que se indican no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para os postos de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais, ou nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán xuntarlle á petición un *curriculum vitae* e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de resultar seleccionados/as para ocupar os postos de traballo funcionarios/as con destino noutras administracións públicas, requirirase o informe favorable do departamento onde presten servizo, considerándose neste sentido de non emitirse no prazo de 15 días segundo o disposto no artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderán declararse desertos os postos de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles, se o destino anterior radica na mesma localidade que o novo destino, e dun mes, se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo dos/as funcionarios/as. Este prazo empezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación da resolución.

Oitavo.-Contra a presente orde, que lle pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2007.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

#### ANEXO I

Denominación do posto: subdirector/a xeral de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente.  
Código do posto: ED.C04.00.002.15770.001.  
Dependencia: Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.  
Localidade: Santiago de Compostela.  
Grupo: A.  
Nivel: 30.  
Corpo ou escala: xeral/docente.  
Complemento específico: 17.167,56 euros.  
Tipo de adscrición: A17.  
Formación específica: 640.  
  
Denominación do posto: xefe do Servizo de Coordinación do Sistema Universitario.  
Código do posto: ED.C05.00.001.15770.003.

Dependencia: Dirección Xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galicia.  
Localidade: Santiago de Compostela.  
Grupo: A/B.  
Nivel: 28.  
Corpo ou escala: xeral/docente.  
Complemento específico: 12.848,64 euros.  
Tipo de adscrición: A17.  
Formación específica: 640.

Denominación do posto: subdirector/a xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica Universitaria.  
Código do posto: ED.C06.00.001.15770.001.  
Dependencia: Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnolóxica do Sistema Universitario de Galicia.  
Localidade: Santiago de Compostela.  
Grupo: A.  
Nivel: 30.  
Corpo ou escala: xeral/especial/docente.  
Complemento específico: 17.167,56 euros.  
Tipo de adscrición: A17.  
Formación específica: 640.

Descrición de códigos:  
A17-Adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e CC.AA. e persoal docente con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.  
640-Para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (requisito indispensable).

#### ANEXO II

##### MODELO DE SOLICITUDE

NOTA: úsese o publicado na páxina 4.352.

#### CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Orde do 7 de marzo de 2007 pola que se anuncia a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.*

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, na súa nova redacción dada polas leis 4/1991, do 8 de marzo, e 3/1995, do 10 de abril, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería

#### DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os funcionarios de carreira que reúnan as condicións sinaladas no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes dirixiráselle por escrito, segundo o modelo que se inclúe no anexo II, á Secretaría Xeral da Consellería de Innovación e Industria, no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, poden presentarse en calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unirle á petición un *curriculum vitae* xustificando documentalmente os méritos que aleguen. Os méritos alegados e non probados non se terán en conta.

Quinto.-Esta convocatoria será resolta pola Consellería de Innovación e Industria. No caso de que resulten seleccionados para ocupar o posto de traballo que se anuncia no anexo I desta orde funcionarios con destino noutra Administración pública, ou que presten servizos nesta comunidade autónoma como consecuencia dunha comisión de servizos concedida conforme o disposto na disposición transitoria oitava, punto 4º da Lei 30/1984, do 2 de agosto, requirirase informe favorable da Administración de orixe que, de non emitirse no prazo de 15 días, se considerará favorable, conforme o previsto no artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e demais disposicións concordantes. Unha vez tramitado o seu traslado a esta comunidade autónoma, procederase a adxudicarlles os postos para os cales foron seleccionados.

Se no prazo de dous meses a partir da publicación da resolución no DOG o funcionario seleccionado non puidese incorporarse ao seu posto de traballo por non atoparse resolto o seu traslado á Comunidade Autónoma de Galicia, considerarase deserto o posto e poderase proceder de novo á súa provisión.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no DOG e poderá declararse deserto o posto, se se considera oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días se o destino anterior radica na mesma localidade ca a do novo destino, e dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación da resolución desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, ou desde a data en que se comunique a resolución do traslado á comunidade autónoma, para o caso de funcionarios doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión empezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG.

Oitava.-Contra a presente orde, que lle pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26

de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2007.

Fernando Xabier Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación e Industria

### ANEXO I

Código: IC.C03.00.001.15770.021.

Denominación do posto: Servizo de Apoio á Innovación Empresarial.

Dependencia: Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

Localidade: Santiago de Compostela.

Tipos de posto: S.

Corpo ou escala: xeral/docente.

Grupo: A-B.

Nivel: 28.

C.específico: 12.848,64 €.

Tipo de adscrición: A17 (adscrición indistinta a funcionarios da Administración da Xunta de Galicia, Administración do Estado e Administración de comunidades autónomas e persoal docente con destino na Comunidade Autónoma de Galicia).

Formación específica: 640 (para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego, R.I.).

### ANEXO II

#### MODELO DE SOLICITUDE

NOTA: úsese o publicado na páxina 4.352.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Orde do 12 de marzo de 2007 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal directivo vacante na Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra-Vigo.*

De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en uso das atribucións conferidas a esta consellería

### DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indican no anexo I.

Segundo.-As retribucións fixas do posto ofertado serán as que correspondan de acordo ca orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nómi-

nas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente. Respecto das retribucións variables serán establecidas en base ao cumprimento anual de obxectivos previamente pactados para cada posto directivo cos órganos competentes do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Sanidade, no das súas delegacións provinciais ou en calquera das direccións provinciais do Sergas, ademais de nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados deberán presentar, xunto co modelo de solicitude do anexo II, un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que nel aleguen.

Cuarto.-Cumpridos os trámites previstos no dito decreto, a resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, podéndose declarar deserto o cargo directivo ofertado.

Quinto.-Consonte os artigos 59 e 60 do citado Decreto 206/2005 a forma de provisión das prazas ofertadas será o nomeamento de carácter administrativo para o persoal estatutario ou funcionario con

vínculo de fixeza ao servizo de calquera administración pública, pertencente ao grupo de clasificación que se corresponda co nivel académico que se require para cada posto directivo e que se especifica para cada un dos postos relacionados no anexo I. No resto de supostos a vinculación formalizarase mediante contrato laboral de alta dirección.

Sexto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2007.

Mª José Rubio Vidal  
Conselleira de Sanidade

#### ANEXO I

Denominación do posto: director médico.

Titulación requirida: licenciado sanitario.

Centro directivo: Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra-Vigo.

Localidade: Pontevedra.

#### ANEXO II

##### MODELO DE SOLICITUDE

##### DATOS PERSOAIS

|                     |                   |            |          |
|---------------------|-------------------|------------|----------|
| Primeiro apelido    | Segundo apelido   | Nome       |          |
| DNI                 | Data de nacemento |            |          |
| Domicilio, rúa e nº | Provincia         | Localidade | Teléfono |

##### NO CASO DE PRESTAR SERVIZOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

|                          |                       |
|--------------------------|-----------------------|
| Vínculo xurídico         | Categoría profesional |
| Situación administrativa |                       |
| Destino actual           |                       |

##### SOLICITO

|       |        |
|-------|--------|
| Posto | Centro |
|-------|--------|

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO DEZ DA CORUÑA

*Edicto (960/2006).*

María Fernanda Ulloa Rodríguez, secretaria do Xulgado de Primeira Instancia número dez da Coruña, certifica que nos autos seguidos neste xulgado por instancia de Leonardo Antonio Rivas Castro, contra Ana María Vázquez Moras, sobre demanda de divorcio, se ditou a sentenza do 17 de xaneiro de 2006 e, para a súa notificación ao demandado rebelde, acordouse expedir o seguinte edicto:

«Sentenza número 14.

Na Coruña o 17 de xaneiro de 2006.

Vistos por Eduardo Fernández-Cid Tremoya, maxistrado xuíz do Xulgado de Primeira Instancia número dez da Coruña e o seu partido, os presentes autos de modificación de medidas definitivas, seguidos neste xulgado co número 960/2006, por instancia de Leonardo Antonio Rivas Castro, representado polo procurador Javier Bejerano Fernández e defendido pola letrada Ana Gamborrino Carames contra Ana María Vázquez Moras, en situación procesual de rebeldía e sendo parte o Ministerio Fiscal.

Decido que estimando parcialmente a demanda interposta polo procurador Javier Bejerano Fernández en nome e representación de Leonardo Antonio Rivas Castro contra Ana María Vázquez Moras, debo acordar e acordo a extinción da obriga de Leonardo Antonio Rivas Castro de aboar a pensión alimenticia establecida a favor da súa filla María Rebeca Vázquez e debo desestimar e desestimo retrotraer os efectos da extinción da pensión alimenticia ao momento en que a filla comezou a traballar.

Cada parte pagará as súas custas procesuais, sendo as comúns pola metade.

Así por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que conste, e sirva de notificación ao demandado rebelde, expido este edicto na Coruña o 13 de febreiro de 2007.

A secretaria xudicial  
Rubricado

### XULGADO DO MERCANTIL NÚMERO UN DA CORUÑA

*Edicto (350/2006).*

Na Coruña, o seis de febreiro de dous mil sete.

Eu, Domingo Villafañez García, secretario do Xulgado do Mercantil número un da Coruña, dou fe e

certifico que nos autos do procedemento ordinario 350/2006, sobre reclamación de cantidade, seguidos por instancia da entidade *Incargo, S.L.*, se ditou con data do 31 de xaneiro de 2007 a resolución cuxo encabezamento e resolución son do teor literal seguinte:

Sentenza.

«Pablo González-Carreró Fojón, maxistrado-xuíz do Xulgado do Mercantil nº un da Coruña, viu estes autos de xuízo ordinario nº 350/2006-MC, sobre reclamación de cantidade, promovidos por *Incargo, S.L.*, representada polo procurador José Amenedo Martínez e defendida polo letrado Jacobo Tojeiro Sierto, contra *Neptun, L.T.D.*, con domicilio en 236008 76-V A, Nevskogo str., Kaliningrado, Federación Rusa, en situación procesual de rebeldía, nos que recaeu esta resolución con base nos seguintes.

Resolvo que estimo a demanda deducida polo procurador José Amenedo Martínez, en nome e representación de *Incargo, S.L.*, contra *Neptun, L.T.D.*, en situación procesual de rebeldía, e condeno a demanda a que lle pague á demandante a suma de sesenta e sete mil trinta e catro euros con corenta e sete céntimo de principal (67.034,47 euros), máis os xuros legais devengados desde a presentación da demanda e ata a data desta sentenza, a partir da cal será de aplicación o disposto no artigo 576 da Lei de axuizamento civil. Impóñoille á demandada as custas causadas nesta instancia. Contra esta sentenza cabe recurso de apelación para ante a Audiencia Provincial da Coruña -Sección Cuarta- que se deberá preparar perante este xulgado dentro dos cinco días seguintes ao da súa notificación, de acordo co establecido nos artigos 457 e seguintes da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que lle sirva de notificación á entidade mercantil *Neptuno, L.T.D.* no *Diario Oficial de Galicia*, expido e asino este edicto na Coruña o seis de xaneiro de dous mil sete.

O secretario xudicial  
Rubricado

## VI. ANUNCIOS

### a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

*Resolución do 8 de marzo de 2007 pola que se anuncia a contratación, mediante concurso aberto e tramitación urxente, da explotación do servizo de cafetaría no Centro de Servizos Sociais de Ribadeo (Lugo).*

A Delegación Provincial da Igualdade e do Benestar de Lugo, unha vez cumpridos os trámites admi-

nistrativos correspondentes, resolve anunciar o concurso que seguidamente se cita:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

b) Dependencia que tramita o expediente: Delegación Provincial de Lugo.

c) No de expediente: 7/2007.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición: contratación da explotación do servizo de cafetería no Centro de Servizos Sociais de Ribadeo.

b) Prazo de execución: un ano contado desde a sinatura do contrato.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

4. Canon mínimo de explotación: 100 €/anuais.

5. Garantías.

a) Provisional: non se exige.

b) Definitiva: non se exige.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: delegación provincial.

b) Domicilio: rolda da Muralla, 70, baixo.

c) Localidade: Lugo 27071.

d) Teléfono: 982 29 41 01 e 982 29 42 72.

e) Telefax: 982 29 44 43.

f) Data límite de obtención de documentos e información: ata o remate do prazo de presentación das proposicións, todos os días laborables, agás sábados, desde as 9.00 ás 14.00 horas.

Tamén se poderán obter os pregos relativos a estas contratacións a través da seguinte páxina web:

<http://www.xunta.es/contratacion/>

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: non se exige.

b) Solvencia económica e financeira: ver prego cláusulas administrativas particulares.

c) Solvencia técnica ou profesional: ver prego cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación de ofertas.

a) Data límite de presentación: 8 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Documentación que se presentará: a sinalada no prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: no rexistro xeral do edificio administrativo da Xunta de Galicia sito na rolda da Muralla, 70 baixo, 27071 Lugo.

d) Admisión de variantes: non.

9. Apertura das ofertas.

a) Entidade: delegación provincial.

b) Enderezo: rolda da Muralla, 70, baixo.

c) Localidade: Lugo.

d) Data: quinto día natural contado a partir do seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación das ofertas.

e) Hora: ás 10.00 horas.

10. Gastos do anuncio: o importe deste anuncio será por conta do adxudicatario do contrato.

Lugo, 8 de marzo de 2007.

P.D. (Orde 19-9-2005)

Branca Rodríguez Pazos

Delegada provincial de Lugo

*Edicto do 13 de marzo de 2007, da Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais, polo que se notifica a resolución do expediente sancionador por infracción en materia de servizos sociais, devolta polo servizo de correos.*

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, notifícase á persoa que no anexo se menciona a resolución do expediente sancionador por infracción en materia de servizos sociais, ao non ser posible a súa notificación a través do servizo de correos.

Non obstante, de acordo cos artigos 107, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, contra esta resolución que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada perante o vicepresidente da Igualdade e do Benestar no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao desta publicación.

O pagamento voluntario poderá implicar a terminación do procedemento sen prexuízo da posibilidade de interpoñer os recursos procedentes (artigo 8.2º do Real decreto 1398/1993). O importe da sanción que en cada caso corresponda farase efectivo na conta de recadación de multas e sancións da Xunta de Galicia, empregando o impreso oficial que se facilitará na Delegación Provincial de Pontevedra, no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao desta notificación e unha vez producida a firmeza desta resolución. A firmeza producirase ao non interpoñer recurso no prazo indi-

cado. De non facelo dentro do prazo sinalado, procederase ao seu cobramento pola vía administrativa de constrinximento.

Prazos establecidos no artigo 20 do Regulamento xeral de recadación:

-As sancións notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 5 do mes seguinte ou, se este non fose hábil, ata o día hábil inmediatamente posterior.

-As notificadas entre os días 16 e último de cada mes, desde a data de recepción da notificación ata o día 20 do mes seguinte ou, se este non fose hábil, ata o día hábil inmediatamente posterior.

Transcorrido o prazo de interposición do recurso, sen que este se presentase, esta resolución será firme para todos os efectos regulamentarios.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2007.

Antonio Losada Trabada  
Secretario xeral e de Relacións Institucionais

#### ANEXO

Expediente: 411/2006.

Entidade infractora: *Agoñe S.L.U.*

CIF: B36371037.

Último enderezo coñecido: rúa Marqués de Valterra 83-4ª planta 36910 Estribela, Pontevedra.

Infraccións cometidas: catro infraccións graves tipificadas como non prestar o tratamento técnico propio da finalidade específica do centro ou servizo segundo as normas de homologación e acreditación de centros conforme o disposto no artigo 62.3º da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais. Dentro deste tipo subsúmense os seguintes feitos, constituíndo cada un deles unha infracción independente:

-Cesar na atención aos usuarios do programa de cheque asistencial.

-Non dispoñer de expediente individualizado de todos os usuarios cos seus datos sociais e sanitarios.

-Contar con traballadores de axuda no fogar que non dispoñen da formación requirida para prestar o servizo e carecer de traballador social.

-Carecer na actualidade de póliza de seguros de responsabilidade civil.

Data da resolución: 6-3-2007.

Preceptos infrinxidos: incumprimento do artigo 62.3º da Lei 4/1993, de servizos sociais.

Precepto sancionador: para as infraccións graves en materia de servizos sociais o artigo 65.1º b) da Lei 4/1993, segundo a redacción dada polo artigo 21 da Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas, establece sancións con multa de 3.001 a 15.000 euros, que se graduarán no seu grao mínimo, medio ou máximo, segundo as circunstancias recollidas no artigo 64 da citada lei. No presente suposto, merece ter en consideración:

-A gravidade do prexuízo causado aos usuarios pola prestación duns servizos que non resultan adecuados pola falta de cualificación profesional do persoal de atención directa, polas interrupcións inxustifi-

casas do servizo e pola falta de expedientes individualizados de todos os usuarios nos que consten os datos necesarios para o seu coidado.

-A transcendencia social dos feitos pola súa ampla repercusión e a cantidade de usuarios afectados.

-O risco xerado pola prestación duns servizos carecendo da preceptiva póliza de responsabilidade civil. Sanción: catro sancións en grao máximo do artigo 65.1º b) da Lei 4/1993, segundo a redacción dada polo artigo 21 da Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas, consistente cada unha das sancións en multa de quince mil euros (15.000 euros) para cada infracción cometida, que fan un total de sesenta mil euros (60.000 euros).

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Resolución do 12 de marzo de 2007 pola que se anuncia a licitación, polo sistema de procedemento aberto, mediante concurso público, para a subministración e instalación de multiplexores e transmisores SDH para a AGI.*

A Secretaría Xeral de Comunicación, unha vez cumpridos os trámites administrativos correspondentes, resolveu anunciar o concurso que se cita:

##### 1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Secretaría Xeral de Comunicación.

b) Dependencia que tramita o expediente: Subdirección Xeral de Contratación e Xestión Orzamentaria.

c) Número de expediente: CP-3/2007.

##### 2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: subministración.

b) Descrición do obxecto: subministración e instalación de multiplexores e transmisores SDH para a Autoestrada Galega de Información.

c) Prazo de execución: 40 días a partir da sinatura do contrato.

##### 3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma de adxudicación: concurso público.

4. Orzamento base da licitación: cento oitenta e tres mil euros (183.000 euros) IVE incluído.

##### 5. Garantías.

a) Provisional: 2% do orzamento de licitación.

b) Definitiva: 4% do importe de adxudicación.

#### 6. Lugar e prazo de presentación de proposicións.

a) Data límite de presentación das ofertas: o prazo comezará o día seguinte ao de publicación deste anuncio no DOG e rematará o décimo quinto día natural, ás 14.00 horas, agás que o último día sexa sábado ou inhábil, caso no que se prorrogará o prazo ao día hábil seguinte.

#### b) Lugar de presentación de proposicións:

-No rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo San Caetano, planta baixa, en Santiago de Compostela).

-Por correo na forma indicada no artigo 80.4º do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro. Cando a documentación se envíe por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax (981 54 12 67) ou telegrama dentro do mesmo día da imposición por correos.

c) Documentación que deben presentar os licitadores: a exixida na cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas particulares, debendo figurar no exterior dos sobres o CIF do licitador. No caso de que estean inscritos no Rexistro de Contratistas, xuntarase grampado no exterior do sobre 1 o certificado do devandito rexistro.

#### d) Admisión de variantes: non se admiten.

#### 7. Requisitos específicos do contratista.

#### a) Clasificación do contratista: non se exige.

b) Solvencia económica e financeira: debe xustificarse polos medios sinalados no punto 17 da folla de especificacións do prego de cláusulas administrativas.

c) Solvencia técnica: debe xustificarse polos medios sinalados no punto 18 da folla de especificacións do prego de cláusulas administrativas.

8. Obtención da documentación e información: Secretaría Xeral de Comunicación, edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela; teléfono: 981 54 12 05; fax: 981 54 12 67; [www.xunta.es/contratacion](http://www.xunta.es/contratacion).

#### 9. Apertura de proposicións.

a) Lugar: será realizada pola mesa de contratación na sala de xuntas G situada na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo San Caetano).

b) Data e hora: a partir das 10.00 horas do décimo segundo día natural seguinte ao do peche do prazo de admisión de ofertas. No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, a apertura das proposicións terá lugar o día hábil seguinte.

c) Anuncios: os anuncios deste concurso público serán por conta do adxudicatario do contrato.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2007.

P.D. (Disposición adicional segunda,  
do Decreto 44/2006, do 2 de marzo)

Fernando Salgado García  
Secretario xeral de Comunicación

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

*Resolución do 12 de marzo de 2007 pola que se anuncia a licitación do concurso aberto das obras de clave AC/06/084.02 e cinco máis.*

#### 1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección Xeral de Obras Públicas. Subdirección Xeral de Estradas.

#### 2. Obxecto de cada contrato:

a) Descrición do obxecto: reforzo do firme na estrada AC-300 Os Ánxeles AC-543 A Picaraña N-550 p.k. 0+000 ao 7+200.

Clave do expediente: AC/06/084.02.

Orzamento base de licitación: cincocentos cincuenta e seis mil oitocentos oitenta e nove euros con sesenta e seis céntimos (556.889,66 euros).

Prazo de execución: 6 meses.

Clasificación: grupo G, subgrupo 4, categoría e.

División por lotes e número: non hai.

b) Descrición do obxecto: reforzo do firme na estrada AC-862 Ferrol-límite de provincia-San Cibrao p.k. 7+300 ao 37+200.

Clave do expediente: AC/06/107.02.

Orzamento base de licitación: dous millóns douscentos once mil trescentos cincuenta e catro euros con setenta e cinco céntimos (2.211.354,75 euros).

Prazo de execución: 12 meses.

Clasificación: grupo G, subgrupo 4, categoría e.

División por lotes e número: non hai.

c) Descrición do obxecto: reforzo do firme na OU-540 p.k. 7 ao 24.

Clave do expediente: OU/06/143.02.

Orzamento base de licitación: un millón trescentos trinta e tres mil seiscentos oitenta e sete euros con dezasete céntimos (1.333.687,17 euros).

Prazo de execución: 3 meses.

Clasificación: grupo G, subgrupo 4, categoría f.

División por lotes e número: non hai.

d) Descrición do obxecto: reparación da capa de rodadura na PO-533 Lalín-Alto do Faro p.k. 0+000 ao 21+160.

Clave do expediente: PO/06/156.02.

Orzamento base de licitación: catrocentos nove mil setecentos noventa e un euros con trinta e catro céntimos (409.791,34 euros).

Prazo de execución: 2 meses.

Clasificación: grupo G, subgrupo 4, categoría f.

División por lotes e número: non hai.

e) Descrición do obxecto: rehabilitación de firme e renovación da capa de rodadura da estrada LU-546 Nadela-Monforte de Lemos. Treitos Alto do Oural-Bóveda p.k. 35+000 ao 42+800, travesía de Bóveda 43+490 ao 45+435, travesía de Monforte 53+783 ao 55+308.

Clave do expediente: LU/06/101.02.

Orzamento base de licitación: un millón noventa e tres mil setecentos cincuenta e oito euros con setenta e oito céntimos (1.093.758,78 euros).

Prazo de execución: 4 meses.

Clasificación: grupo G, subgrupo 4, categoría f.

División por lotes e número: non hai.

f) Descrición do obxecto: rehabilitación do firme e renovación da capa de rodadura na LU-160 Mondoñedo (N-634)-Ferreira do Valadouro p.k. 0+000 ao 19+500, treito Mondoñedo-Ferreira do Valadouro.

Clave do expediente: LU/06/130.02.

Orzamento base de licitación: oitocentos dezaioito mil cincocentos vinte e un euros con setenta e oito céntimos (818.521,78 euros).

Prazo de execución: 12 meses.

Clasificación: grupo G, subgrupo 4, categoría d.

División por lotes e número: non hai.

3. Tramitación, procedemento e forma de adjudicación: ordinaria, aberto e concurso.

4. Garantías:

Provisional: non se exige.

Definitiva: 4% do orzamento base de licitación.

5. Obtención de documentación e información:

a) Entidade: Dirección Xeral de Obras Públicas. Subdirección Xeral de Estradas.

b) Domicilio: edificios administrativos de San Caetano s/n.

c) Localidade e código postal: 15781 Santiago de Compostela.

d) Teléfono: 981 54 49 86.

e) Telefax: 981 54 47 91.

Así mesmo, tamén se poderán obter os pregos de cláusulas administrativas particulares, relativos a esta contratación no seguinte enderezo da internet: <http://www.xunta.es/contratacion/>.

E en *Copy Nino*, rúa Xeneral Pardiñas nº 2, teléfono: 981 58 89 38.

6. Requisitos específicos do contratista:

a) Clasificación, se é o caso: a exigida, para cada contrato, no punto 2 anterior.

7. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: o prazo de admisión das proposicións rematará ás 14.00 horas do vixésimo sexto día natural, que non coincida en sábado, domingo ou festivo, seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Documentación que hai que presentar: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes ou envialas por correo dentro do prazo de admisión sinalado conforme o disposto no artigo 80.4º do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (ver parágrafo 2.1.4 do prego de cláusulas administrativas particulares).

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta (concurso): tres (3) meses.

e) Admisión de variantes: ver parágrafo F, do cadro de características do prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Apertura das ofertas: terá lugar ás 11.00 horas, do décimo día natural, que non coincida en sábado, domingo ou festivo, contado a partir do último día de presentación de proposicións, na sala de xuntas da Dirección Xeral de Obras Públicas, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

9. Outras informacións: a mesa de contratación comprobará en acto previo a documentación xeral (sobre nº A), segundo se especifica no punto 2.1.6. Constitución e funcionamento da mesa, do prego de cláusulas administrativas particulares.

10. Gastos dos anuncios: por conta dos adjudicatarios. O importe estimado máximo *Diario Oficial de Galicia*: por liña 10,40 euros.

11. No caso de que a información reflectida no enderezo da internet non concorde cos datos publicados no anuncio de licitación, prevalecerá este.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2007.

P.D. (Orde 6-3-2003, DOG nº 50, do 12 de marzo)

Luis Vázquez Rodríguez  
Secretario xeral da Consellería de Política  
Territorial, Obras Públicas e Transportes

*Cédula do 6 de febreiro de 2007, do Servizo Provincial de Estradas da Coruña, de afectación complementaria de superficie no predio 42-CO do expediente de expropiación forzosa para as obras de nova estrada de conexión N-550 e AC-301 en Padrón, clave N/AC/95.3, termo municipal de Padrón.*

Ao non poderse practicar a notificación individual da resolución do Servizo Provincial de Estradas da Coruña do 28 de abril de 2006, na cal se acorda unha afectación complementaria de superficie no predio número 42-CO do plano parcelario debido ás necesidades xurdidas na execución da obra, e a teor do disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cómpre comunicarlle a Rosa Francisca Rilo Míguens que o texto íntegro daquela resolución se publicará no taboleiro de anuncios do Concello de Padrón para o seu coñecemento.

A Coruña, 6 de febreiro de 2007.

Guillermo Grandio Chao  
Xefe accidental do Servizo Provincial  
de Estradas da Coruña

*Cédula do 26 de febreiro de 2007, da Dirección Xeral de Urbanismo, pola que se notifica a resolución do expediente sancionador 107 C 2006/17-0, devolta polo servizo de correos por resultaren os seus destinatarios ausentes na repartición.*

A Dirección Xeral de Urbanismo ditou con data do 11 de xaneiro de 2007, resolución do expediente sancionador nº 107 C 2006/17-0, que lle fora incoado a Manuel Seijo Pazos e a M<sup>a</sup> Josefa Ponte Castro, na súa condición de promotores, pola execución de obras de construción de vivenda unifamiliar e cerramento no lugar de Campo das Mantas, no concello de Sada.

Ao non poderse realizar a notificación persoal daquela resolución, mediante a presente cédula, e ao abeiro do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), notifícaselles aos interesados a devandita resolución.

Tendo en conta que, en atención ao previsto no artigo 61 da LRXPAC, o acto non se publica na súa integridade, fáiselles saber aos interesados que o texto íntegro da resolución que se notifica se encontra ao seu dispor nas dependencias da Dirección Xeral de Urbanismo, sitas no edificio administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta cédula ante a conselleira de Política Territorial, Obras

Públicas e Transportes, ou ben, se non exerce o seu dereito a presentar recurso de reposición, poderá interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano xurisdiccional competente, conforme o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Para que conste e lles sirva de notificación aos citados denunciados, en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, expido e asino esta cédula.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2007.

Ramón Saúl Lueje Espina  
Director xeral de Urbanismo

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Acordo do 22 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial de Ourense, polo que se somete a información pública a petición de autorización, a aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 07/12-3).*

En aplicación dos artigos 125 e 144 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se aproba o regulamento de aplicación da Lei 54/1997, do sector eléctrico, sométese a información pública a petición de autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se indica:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: A Batundeira, 2, 32000 Velle.

Denominación: L.M.T., C.T. y R.B.T. Sabugueiro de Arriba.

Situación: San Xoán de Río.

Descricións técnicas: L.M.T. aérea, a 20 kV, de 842 m, con orixe no apoio metálico 14-C-2000 da L.M.T. Trives Castro Caldelas (1345 A.T.) de *Unión Fenosa Distribución, S.A.* e remate no C.T. proxectado, aéreo, Sabugueiro de Arriba de 100 kVA e R/T 20.000/400-230 V, R.B.T. aéreo, de 2.044 m, condutor R.Z., derivada do C.T. proxectado.

A declaración de utilidade pública, conforme o artigo 54 da citada lei, levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens e a adquisición dos dereitos afectados, e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos que se consideran de necesaria ocupación figura no anexo.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas, no prazo de vinte días, a partir da última publicación ou notificación individual, poderán presentar as súas alegacións, por duplicado, nesta delegación provincial, relativas á corrección de erros, limitacións á constitución da servidume

de paso de liñas eléctricas (artigo 161 do Real decreto 1955/2000) e aquelas outras que se consideren oportunas.

Ourense, 22 de xaneiro de 2007.

Xosé Antón Jardón Dacal  
Delegado provincial de Ourense

*Relación de propietarios, bens e dereitos afectados*

Expediente: 07/12.

Provincia: Ourense.

L.M.T., C.T. e R.B.T. Sabugueiro de Arriba.

Termo municipal: San Xoán de Río.

| PREDIOS   |             |            | PROPIETARIOS                  |                                                              | AFECCIÓN    |                | Voo |                |
|-----------|-------------|------------|-------------------------------|--------------------------------------------------------------|-------------|----------------|-----|----------------|
| Nº predio | Paraxe      | Cultivo    | Nome e apelidos               | Enderezo                                                     | Apoio<br>Nº | m <sup>2</sup> | ml  | m <sup>2</sup> |
| 1         | C. da Corga | Prado      | Hdos. Fernando Salgado Torres | Valdemios, s/n,<br>32794 San Xoán de Río, Ourense            | 1           | 1              | 128 | 1.280          |
| 10        | Pereiro     | Prado      | Delmiro Fernández Rodríguez   | Valdemios, s/n,<br>32794 San Xoán de Río, Ourense            |             |                | 18  | 180            |
| 14        | Bidueiro    | Monte alto | María Pérez Pérez             | Avda. Buenos Aires, 134, 4º D<br>32003 Ourense               |             |                | 0   | 60             |
| 15        | Regada      | Monte alto | Delmiro Fernández Rodríguez   | Valdemios, s/n,<br>32794 San Xoán de Río, Ourense            | 5           | 1              | 13  | 208            |
| 18        | Regada      | Monte alto | Delmiro Fernández Rodríguez   | Valdemios, s/n,<br>32794 San Xoán de Río, Ourense            |             |                | 17  | 272            |
| 21        | Regada      | Monte alto | Delmiro Fernández Rodríguez   | Valdemios, s/n,<br>32794 San Xoán de Río, Ourense            | 7           | 1              | 50  | 800            |
| 22        | Regada      | Monte alto | Consuelo González Diéguez     | Sabugueiro de Abaixo, s/n,<br>32794 San Xoán de Río, Ourense |             |                | 9   | 144            |
| 25        | Bidueiro    | Monte alto | Consuelo González Diéguez     | Sabugueiro de Abaixo, s/n,<br>32794 San Xoán de Río, Ourense | 8           | 1              | 42  | 672            |

*Acordo do 22 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial de Ourense, polo que se somete a información pública a petición de autorización, a aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 07/14-3).*

En aplicación dos artigos 125 e 144 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se aproba o regulamento de aplicación da Lei 54/1997, do sector eléctrico, sométese a información pública a petición de autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución e a declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se indica:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: A Batundeira, 2, 32000 Velle.

Denominación: L.M.T., C.T., R.B.T. O Regueiro-Castromao.

Situación: San Xoán de Río.

Descricións técnicas: L.M.T. aérea, a 20 kV, de 343 m, con orixe en apoio L.M.T. Trives-Castro Caldelas (expediente 1345 A.T.) de *Unión Fenosa Distribución, S.A.*, e remate no C.T. proxectado do

Regueiro de 50 kVA e R/T 20.000/400-230 V; R.B.T. de 386 m, condutor R.Z. derivada do C.T. proxectado.

A declaración de utilidade pública, conforme o artigo 54 da citada lei, levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens e a adquisición dos dereitos afectados, e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos que se consideran de necesaria ocupación figura no anexo.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas, no prazo de vinte días, a partir da última publicación ou notificación individual, poderán presentar as súas alegacións, por duplicado, nesta delegación provincial, relativas á corrección de erros, limitacións á constitución da servidume de paso de liñas eléctricas (artigo 161 do Real decreto 1955/2000) e aquelas outras que se consideren oportunas.

Ourense, 22 de xaneiro de 2007.

Xosé Antón Jardón Dacal  
Delegado provincial de Ourense

*Relación de propietarios, bens e dereitos afectados*

Expediente: 07/14

Provincia: Ourense

L.M.T., C.T. e R.B.T. O Regueiro-Castromao

Termo municipal: San Xoán de Río

| PREDIOS   |             |          | PROPIETARIOS                       |                                                                 | AFECCIÓN    |    | Voo |       |
|-----------|-------------|----------|------------------------------------|-----------------------------------------------------------------|-------------|----|-----|-------|
| Nº predio | Lugar       | Cultivo  | Nome e apelidos                    | Enderezo                                                        | Apoio<br>nº | m² | ml  | m²    |
| 2         | L. Adegas   | Prado    | Severo Álvarez Gómez               | Castromao, s/n<br>32794 San Xoán de Río<br>(Ourense)            | 1-2         | 2  | 156 | 1.700 |
| 4         | L. da Forxa | Prado    | Hdos. Avelino González<br>González | r/ Antonio Pedrosa, 2<br>27310 San Clodio-Quiroga<br>(Lugo)     | 3           | 1  | 83  | 830   |
| 6         | Forxa       | Prado    | Albina Ferreiro Rodríguez          | O Regueiro, s/n<br>32794 San Xoán de Río<br>(Ourense)           | 3           | 1  | 30  | 300   |
| 7         | Cortiña     | Prado    | Ramón Yáñez López                  | Sabugueiro de Arriba, s/n<br>32794 San Xoán de Río<br>(Ourense) | con C.      | 1  | 56  | 410   |
| 8         | Cortiña     | Labradío | Albina Ferreiro Rodríguez          | O Regueiro, s/n<br>32794 San Xoán de Río<br>(Ourense)           | con C.      | 1  | 25  | 150   |

*Acordo do 26 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 07/20).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, nº 171, 15008 A Coruña.

Denominación: ampliación e reforma da subestación de Sidegasa (expediente 31.667) no polígono industrial de Teixeira.

Situación: Curtis.

Características técnicas:

\* Ampliación parque 220 kV cunha posición de transformador 220/66 kV e un transformador de 75 MVA de potencia.

\* Instalación de tres módulos compactos intemperie no parque de 66 kV, un módulo secundario do transformador 220/66 kV e dous módulos de liña a 66 kV e modificación do modelo de liña de 66 kV de reserva existente con novos trafos de intensidade e tensión.

\* Instalación de tres autoválvulas en barras de 66 kV.

\* Elementos de protección, manobra e medida.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións nesta delegación provincial, sita no edificio administrativo de Moneiros, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 26 de xaneiro de 2007.

José Luis Barcia Picos  
Delegado provincial da Coruña

*Acordo do 26 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 07/22).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S. e C.T.C. en polígono Airios-fase II.

Situación: As Pontes de García Rodríguez.

Características técnicas: liña de media tensión subterránea a 20 kV, cunha lonxitude de 3,14 km,

con orixe na L.M.T.A. existente 824 (polígono Airios), entre os C.T.S. Airios B e Airios C (ambos con nº de expediente 52.678), condutor tipo R.H.Z.1, e final no C.T. proxectado.

Centro de transformación prefabricado, cunha potencia de  $2 \times 630$  kVA +  $1 \times 400$  kVA, e unha relación de transformación de 20.000/400-230 V. Concello das Pontes de García Rodríguez.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións nesta delegación provincial, sita no edificio administrativo de Moneiros, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 26 de xaneiro de 2007.

José Luis Barcia Picos  
Delegado provincial da Coruña

*Acordo do 30 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 07/23).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S. e C.T.C. na Escusa.

Situación: Boiro.

Características técnicas: liña de media tensión subterránea a 20 kV, cunha lonxitude de 0,034 km, con orixe na L.M.T.S. Cabo de Cruz cog. Paquito (expediente 06/247), condutor tipo R.H.Z.1, e final no C.T. Mangas (expediente 03/395) e C.T. Castro.

Centro de transformación non prefabricado, cunha potencia de 250 kVA, e unha relación de transformación de 20.000/400-230 V. Concello de Boiro.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o expediente e presentar as súas alegacións nesta delegación provincial, sita no edificio administrativo de Moneiros, s/n, 15071 A Coruña, no prazo de vinte días, a partir da última publicación.

A Coruña, 30 de xaneiro de 2007.

José Luis Barcia Picos  
Delegado provincial da Coruña

*Resolución do 24 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/2-2, 6601 A.T.).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no capítulo VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: r/ Cidade de Viveiro, 4, 27002 Lugo.

Denominación: L.M.T., C.T. e conexión R.B.T. existente de Uceira.

Situación: Vilalba.

Características técnicas: L.M.T. derivación a C.T. de Uceira aérea a 20 kV con orixe na L.M.T. existente Vilalba-Meira e final no C.T. de Uceira cunha lonxitude de 15 m en condutor LA-56. C.T.I. de Uceira sobre e apoio metálico cunha potencia proxectada de 160 kVA e unha potencia inicial de 50 kVA, relación de transformación de 20.000/400-230 V. Conexión da R.B.T. de Uceira con orixe no C.T. de Uceira cunha lonxitude de 50 m en condutor R.Z. tensado sobre apoios de formigón.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións, nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Lugo, 24 de xaneiro de 2007.

Ramón Jesús Cortés Máñez  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 25 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/187-2, 6803 A.T.).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no capítulo VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: Cidade de Viveiro, 4, 27000 Lugo.

Denominación: L.M.T. e C.T. para traslado do C.T. da Ría (5357) en San Cibrao.

Situación: Cervo.

Características técnicas: L.M.T.S. ao novo C.T. A Ría a 20 kV con orixe nunha cela de liña do C.T. Xacobe e final no C.T. da Ría cunha lonxitude de 252 m en condutor R.H.Z.-150, desde este C.T. sae a liña de novo para conxestionar coa liña xa existente con dirección ao C.T. Galdín cunha lonxitude de 246 m. Traslado do C.T. da Ría desde a súa posición actual ao interior dun edificio non prefabricado, cunha potencia de 630 kVA e unha relación de transformación de 20.000/400-230 V. Conexiónado das R.B.T.S. actuais co novo C.T. da Ría en condutor RV-95.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións, nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Lugo, 25 de xaneiro de 2007.

Ramón Jesús Cortés Máñez  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 26 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/123-2, 6743 A.T.).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: r/ Cidade de Viveiro, 4, 27002 Lugo.

Denominación: reelectrificación de Maciñeira.

Situación: Rábade/Begonte.

Características técnicas: L.M.T. a C.T. Maciñeira a 20 kV con orixe na L.M.T. Rábade-Vilalba e final no C.T. Maciñeira, cunha lonxitude de 78 m en condutor LA-56, C.T. Maciñeira cunha potencia proxectada de 160 kVA e unha potencia inicial de 100 kVA, relación de transformación de 20.000/400-230 V. R.B.T. con orixe no C.T. de Maciñeira, cunha lonxitude de 1.830 m en condutor R.Z. tensado sobre apoios de formigón.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de

autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta delegación provincial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución pódese interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se pode interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 26 de xaneiro de 2007.

Ramón Jesús Cortés Máñez  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 26 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/446).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: Unión Fenosa Distribución, S.A.

Domicilio social: avda. de Arteixo, 171, 15007 A Coruña.

Denominación: L.M.T.S., C.T.C., urb. Belvís.

Situación: Santiago de Compostela.

Características técnicas: liña de media tensión subterránea a 20 kV, cunha lonxitude de 0,095 km, coa orixe na L.M.T.S., C.T. Clavijo a C.T. Sar Novo (expediente 26907), condutor tipo R.H.Z.1, e final na mesma liña unha vez entre e saía do C.T. proxectado. Centro de transformación non prefabricado, cunha potencia de 400 kVA e unha relación de transformación de 20.000/400-230 V. Concello de Santiago de Compostela.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, e no título VII, capítulo II, do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta delegación provincial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran

nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación.

As instalacións executaranse nun prazo non superior a seis meses, contados a partir da data desta resolución.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se considere pertinente.

A Coruña, 26 de xaneiro de 2007.

José Luis Barcia Picos  
Delegado provincial da Coruña

*Resolución do 29 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización, a aprobación do proxecto de execución para o trazado da liña de media tensión Neiras, concello de Sober, e a súa declaración de utilidade pública. (Expediente 031/1998 A.T.).*

Para os efectos previstos no artigo 9 do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, de autorización de instalacións eléctricas, de aplicación a este expediente segundo o previsto na disposición transitoria primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e na disposición transitoria décimo primeira do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización administrativa e a aprobación do proxecto de execución para o trazado das liñas eléctricas de referencia, que contan coas características técnicas que se indican a seguir:

Peticionario: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Finalidade: mellora da infraestrutura eléctrica existente na zona.

Características técnicas principais:

-Liña de media tensión aérea con orixe no apoio nº 42 da L.M.T. Regueiro-Monforte de Lemos e remate no centro de transformación de Neiras, cunha lonxitude de 2,828 km en 21 apoios de formigón, en condutor LA 56/54,6 mm<sup>2</sup>.

2. Urxente ocupación.

O beneficiario, ao amparo do título IX da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico solicita, así mesmo, a declaración de utilidade pública das instalacións incluídas neste proxecto, que, segundo o sinalado no artigo 54 da devandita lei, levará implícita, en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa. Polo tanto, a presente resolución de información pública,

na cal se relacionan todos os bens e dereitos afectados pola urxente ocupación, realízase tamén para os efectos previstos no citado título IX da Lei 54/1997 e, no que non se opoñan a ela, nos artigos 10, 16 e 31.5º do Decreto 2619/1966, do 20 de outubro, polo cal se aproba o regulamento da Lei sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas, tamén de aplicación a este expediente segundo o previsto nas referidas disposicións transitorias primeira da Lei 54/1997 e décimo primeira do Real decreto 1955/2000.

3. Alegacións.

O que se fai público para que poida examinarse o proxecto de instalacións nesta delegación provincial (edificio administrativo, rolda da Muralla 70, Lugo) e formular as reclamacións, por duplicado, que se consideren oportunas durante o prazo de trinta días, contados desde a última publicación desta resolución. Igualmente, os interesados poderán formular, se é o caso, e no mesmo prazo, alegacións por escrito en relación co disposto nos artigos 25 e 26 do Decreto 2619/1966, podendo corrixir os erros que se encontraren ao relacionar os bens afectados ata o mesmo momento do levantamento das actas previas.

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, se ignore o lugar de notificación ou, tentada esta, non se puidese realizar e así dirixirle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan, de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 29 de xaneiro de 2007.

Ramón Jesús Cortés Máñez  
Delegado provincial de Lugo

ANEXO

L.M.T. Neiras.

Concello: Sober. Provincia: Lugo.

Nº predio: 6.

Lugar: Os Seixos.

Cultivo: monte alto e baixo.

Nome e enderezo do/dos propietarios e/ou representantes: Albino Rodríguez Vázquez, r/ Numancia nº 30-2º, 36206, Vigo-Pontevedra.

Afeccións: ml aéreo: 25.0; m<sup>2</sup> aéreo: 380.0.

Nº predio: 10.

Lugar: Os Seixos.

Cultivo: monte alto.

Nome e enderezo do/dos propietarios e/ou representantes: José Vila Prieto, A Lama, Santa Lucía nº 3, 27416 Guntín-Lugo.

Afeccións: ml aéreo: 19.0; m<sup>2</sup> aéreo: 300.0.

Nº predio: 21.

Lugar: Inchaín.

Cultivo: monte alto.

Nome e enderezo do/dos propietarios e/ou representantes: Luis Pérez Barja, r/ Doutor García Portela nº 11, 2º A 27002 Lugo.

Afeccións: ml aéreo: 19.0; m<sup>2</sup> aéreo: 300.0.

Nº predio: 21.

Lugar: Inchaín.

Cultivo: monte alto.

Nome e enderezo do/dos propietarios e/ou representantes: Luis Pérez Barja, r/ Doutor García Portela nº 11, 2º A 27002 Lugo.

Apoio: nº 15; m<sup>2</sup>: 2.0.

Afeccións: ml aéreo: 145.0; m<sup>2</sup> aéreo: 2.320.0.

*Resolución do 30 de xaneiro de 2007, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 06/136-2, 6736 A.T.).*

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica que a continuación se cita:

Solicitante: BEGASA.

Domicilio social: r/ Cidade de Viveiro, 4, 27002 Lugo.

Denominación: desvío instalación eléctrica por obra acondicionamento estrada LU-120.

Situación: Cospeito-Castro de Rei-A Pastoriza.

Características técnicas:

\* Modificación de L.M.T. a 20 kV por alargamento da N-640, en condutor LA-56 no p.k. 3+900-3+920 e no p.k. 11+940-11+200.

\* Recuamento do C.T. Vilagromar cunha potencia de 160 kVA e unha relación de transformación de 20.000/400-230 V.

\* Modificación de R.B.T. por alargamento da N-640, en condutor R.Z. nos seguintes p.k.:

(5+560-5+920), (6+400-6+700), (6+700-6+760), (8+500-8+800), (9+520-10+000), (10+360-10+400), (11+600-11+720), (12+100-12+160), (12+580-12+700), (13+360-13+620), (14+360-14+740), (14+860-15+100), (15+300-15+480).

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, esta delegación provincial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución pódese interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Innovación e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se pode interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 30 de xaneiro de 2007.

Ramón Jesús Cortés Máñez  
Delegado provincial de Lugo

*Resolución do 5 de marzo de 2007 pola que se lle dá publicidade á adxudicación de varios contratos administrativos. (Expediente 03/06 DXI e cinco máis).*

Para os efectos previstos no artigo 93 do Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, esta consellería acordou darlle publicidade á adxudicación dos seguintes contratos:

A. Contrato de consultoría e asistencia para a redacción dun plan estratéxico de prevención e control dos riscos laborais no ámbito da minería e canteras de Galicia.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Innovación e Industria.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.

c) Número de expediente: 03/06 DXI.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: consultoría e asistencia.

b) Descrición do obxecto: traballos de consultoría precisos para a elaboración e redacción dun plan estratéxico de prevención e control dos riscos laborais nos ámbitos da minaría de Galicia.

c) Diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: DOG número 168, do 31 de agosto de 2006.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación: importe total, 150.000 euros, IVE incluído, distribuído nas seguintes anualidades: 2006, cun orzamento máximo de 100.000 euros e 2007, cun orzamento máximo de 50.000 euros.

## 5. Adxudicación.

a) Data: 1 de decembro de 2006.

b) Contratista: *Spril Norte, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación: 105.000 euros, IVE incluído.

B. Contrato de consultoría e asistencia para a realización dun estudo de viabilidade que abrangue o deseño do modelo de rede de centros tecnolóxicos para Galicia e da súa implementación.

## 1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Innovación e Industria.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.

c) Número de expediente: 04/06 DXID.

## 2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: consultoría e asistencia.

b) Descrición do obxecto: a realización dun estudo de viabilidade que abrangue o deseño do modelo de rede de centros tecnolóxicos para Galicia e da súa implementación.

c) Diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: DOG número 169, do 1 de setembro de 2006 e corrección de erros no DOG número 174, do 8 de setembro de 2006.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación: importe total, 151.000 euros, IVE incluído, distribuído nas seguintes anualidades: 2006, cun orzamento máximo de 78.000 euros e 2007, cun orzamento máximo de 73.000 euros.

## 5. Adxudicación.

a) Data: 18 de decembro de 2006.

b) Contratista: *Azertia Tecnoloxías de la Información, S.A.U.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación: 132.820 euros, IVE incluído.

C. Contrato de servizo para a realización da campaña de promoción e difusión da Semana da Ciencia en Galicia 2006.

## 1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Innovación e Industria.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.

c) Número de expediente: 06/06 DXID.

## 2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: servizo.

b) Descrición do obxecto: a realización da campaña de promoción e difusión das actividades que constitúen a Semana da Ciencia en Galicia 2006.

c) Diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: DOG número 173, do 7 de setembro de 2006.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urgente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación: importe total, 223.070 euros, IVE incluído.

## 5. Adxudicación.

a) Data: 13 de outubro de 2006.

b) Contratista: *Punto Norte, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación: 222.417,44 euros, IVE incluído.

D. Contrato de servizo para a realización das campañas de promoción e difusión dos Premios Galicia de Investigación e Innovación Empresarial 2006, do V Premio Galicia Innovación Júnior e do V Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación.

## 1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Innovación e Industria.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.

c) Número de expediente: 07/06 DXID.

## 2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: servizo.

b) Descrición do obxecto: a realización das campañas de promoción e difusión dos Premios Galicia de Investigación e Innovación Empresarial 2006, do V Premio Galicia Innovación Júnior e do V Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación, distribuíndose nos lotes que a seguir se especifican.

## c) Lotes.

Lote 1: actividades do Premio Galicia de Investigación e Innovación Empresarial.

Lote 2: actividades do Premio Galicia Innovación Júnior.

Lote 3: actividades do Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación.

d) Diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: DOG número 183, do 21 de setembro de 2006.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación: importe total, 132.053 euros, IVE incluído, distribuído da seguinte maneira: lote 1, 20.900 euros; lote 2, 68.857 euros e lote 3, 42.296 euros.

5. Adxudicación.

-Lote 1:

a) Data: 29 de novembro de 2006.

b) Contratista: *El Cajón de las Culturas, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación: 20.752 euros, IVE incluído.

-Lote 2:

a) Data: 29 de novembro de 2006.

b) Contratista: *Agencia de Publicidad Galicia, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación: 66.254,56 euros, IVE incluído.

-Lote 3:

a) Data: 29 de novembro de 2006.

b) Contratista: *El Cajón de las Culturas, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación: 40.290 euros, IVE incluído.

E. Contrato de servizo para a montaxe das instalacións de representación da Xunta de Galicia na Feira Internacional da Industria Naval Navalia.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Innovación e Industria.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.

c) Número de expediente: 05/06 DXPI.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: servizo.

b) Descrición do obxecto: a reserva do espazo necesario, realización dos traballos de deseño, construción de casetas, decoración xeral de espazos, ambientación, carteleira e rotulación, instalación eléctrica dos módulos, pavimentación, mobiliario e loxística de montaxe e desmontaxe da representación institucional da Xunta de Galicia na Feira Internacional da Industria Naval Navalia.

c) Diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: negociado sen publicidade previa (artigo 210 b) do TRLCAP).

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: negociado sen publicidade.

4. Orzamento base de licitación: importe total, 180.000 euros, IVE incluído.

5. Adxudicación.

a) Data: 16 de maio de 2006.

b) Contratista: *Muéstralo Organización de Eventos Feriales, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación: 180.000 euros, IVE incluído.

F. Contrato de servizo consistente na creación e posta en marcha dun portal de servizos e promoción do comercio exterior.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Innovación e Industria.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.

c) Número de expediente: 09/06 DXPI.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: servizo.

b) Descrición do obxecto: a creación e posta en marcha dun portal de servizos e promoción do comercio exterior en Galicia.

c) Diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: DOG número 198, do 13 de outubro de 2006.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: aberto.
- c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación: importe total, 210.000 euros, IVE incluído, distribuído nas seguintes anualidades: 2006, cun orzamento máximo de 120.000 euros e 2007, cun orzamento máximo de 90.000 euros.

5. Adxudicación.

- a) Data: 30 de novembro de 2006.
- b) Contratista: *Igalia, S.L.*
- c) Nacionalidade: española.
- d) Importe de adxudicación: 189.000 euros, IVE incluído.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2007.

P.D. (Orde do 31-1-2006, DOG número 24)  
Emilio Nogueira Moure  
Secretario xeral da Consellería e Innovación  
e Industria

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Resolución do 12 de marzo de 2007 pola que se anuncia a contratación, polo sistema de concurso, procedemento aberto e trámite ordinario, da adquisición e instalación dun mínimo de 150 posicionadores para vehículos con software de recollida e almacenamento de posicións.*

1. Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: Consellería do Medio Rural.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: adquisición e instalación dun mínimo de 150 posicionadores para vehículos con software de recollida e almacenamento de posicións, de acordo cos pregos que rexen esta contratación.

- b) División por lotes e número: non.
- c) Lugar de execución: o que se especifique no prego de prescricións técnicas.
- d) Prazo de execución: o que se especifique no prego de cláusulas administrativas.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: aberto.
- c) Forma: concurso público.

4. Orzamento base de licitación.

Importe total: 120.000 euros.

5. Garantías.

Provisional: 2% do orzamento de licitación (2.400 euros).

Definitiva: o 4% do orzamento de adxudicación.

6. Obtención de documentación e información.

- a) Entidade: Secretaría Xeral.
- b) Domicilio: San Caetano, s/n.
- c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15781.
- d) Teléfono: 981 54 57 48-54 74 41.
- e) Telefax: 981 54 57 62-54 61 01.

f) Data límite de obtención de documentos e información: ata a data límite de presentación das ofertas, todos os días laborables, excepto sábados, desde as 9.00 ás 14.00 horas.

Tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación a través da internet no enderezo:

<http://www.xunta.es/contratacion>

7. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación das ofertas empezará o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará aos quince días naturais, ás 14.00 horas, a non ser que o último día fose sábado ou inhábil, caso no que se prorrogará o prazo ao primeiro día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: a indicada no prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral da Consellería do Medio Rural (edificios administrativos de San Caetano, s/n, Santiago de Compostela) ou ben por correo dentro do prazo de admisión sinalado, conforme o disposto no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

d) Prazo no que o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: tres (3) meses, contados desde a data de apertura das proposicións.

## 8. Posibilidade de variantes.

Non se admiten.

## 9. Apertura das ofertas.

a) Entidade: sala de xuntas da Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural.

b) Domicilio: edificios administrativos San Caetano, s/n.

c) Localidade: Santiago de Compostela, 15781.

d) Data: terá lugar, en acto público, na sala de xuntas da Consellería do Medio Rural, o oitavo día hábil seguinte ao da finalización do prazo de presentación das ofertas, a non ser que fose sábado, caso no que se prorrogará o prazo ao primeiro día hábil seguinte.

e) Hora: 13.00 horas.

## 10. Gastos de anuncios.

O importe do anuncio será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2007.

P.D. (Orde 12-8-2005)

Alberte Souto Souto

Secretario xeral da Consellería do Medio Rural

*Resolución do 12 de marzo de 2007 pola que se anuncia a contratación, polo sistema de concurso, procedemento aberto e trámite ordinario, da consultoría e asistencia consistente na realización das análises de mostras de queixos con denominación de orixe procedentes das industrias lácteas de Galicia.*

## 1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Consellería do Medio Rural.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

## 2. Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: realización das análises de mostras de queixos con denominación de orixe procedentes das industrias lácteas de Galicia, de acordo cos pregos que rexen esta contratación.

b) División por lotes e número: non.

c) Lugar de execución: o que se especifique no prego de prescricións técnicas.

d) Prazo de execución: O que se especifique no prego de cláusulas administrativas.

## 3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

## 4. Orzamento base de licitación:

Importe total: 202.000 euros.

## 5. Garantías:

Provisional: o 2% do orzamento de licitación (4.040 euros).

Definitiva: o 4% do orzamento de adxudicación.

## 6. Obtención de documentación e información:

a) Entidade: Dirección Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria.

b) Domicilio: rúa dos Irmandiños, s/n, Salgueiriños.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15701.

d) Teléfono: 981 54 57 48-54 00 62.

e) Telefax: 981 54 57 62-54 00 18.

f) Data límite de obtención de documentos e información: ata a data límite de presentación das ofertas, todos os días laborables, excepto sábados, desde as 9.00 ás 14.00 horas.

Tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación a través da internet no enderezo: <http://www.xunta.es/contratacion>.

## 7. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación:

a) Data límite de presentación: o prazo de presentación das ofertas empezará ao día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e rematará aos quince días naturais, ás 14.00 horas, a non ser que o último día fose sábado ou inhábil, caso no que se prorrogará o prazo ao primeiro día hábil seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: a indicada no prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral da Consellería do Medio Rural (edificios administrativos de San Caetano, s/n, Santiago de Compostela) ou ben por correo dentro do prazo de admisión sinalado, conforme o disposto no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

d) Prazo no que o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: tres (3) meses contados desde a data de apertura das proposicións.

## 8. Posibilidade de variantes:

Non se admiten.

## 9. Apertura das ofertas:

a) Entidade: sala de xuntas da Secretaría Xeral da Consellería do Medio Rural.

b) Domicilio: edificios administrativos San Caetano, s/n.

c) Localidade: Santiago de Compostela, 15781.

d) Data: terá lugar, en acto público, na sala de xuntas da Consellería do Medio Rural, o oitavo día hábil seguinte ao da finalización do prazo de presentación das ofertas, a non ser que fose sábado, caso no que se prorrogará o prazo ao primeiro día hábil seguinte.

e) Hora: 13.00 horas.

## 10. Gastos de anuncios:

O importe do anuncio será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2007.

P.D. (Orde 12-8-2005)

Alberte Souto Souto

Secretario xeral da Consellería do Medio Rural

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Cédula do 23 de febreiro de 2007, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolucións de expedientes sancionadores (PESAN1 2006/001307-1 e seis máis).*

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), notifícaseles ás persoas que a continuación se relacionan, as resolucións dos expedientes instruídos por infracción da Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira de Galicia (DOG nº 162, do 20 de agosto).

Os interesados dispoñen dun prazo de dez días, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto, para examinar o expediente e interpoñer, dentro do prazo que en cada caso se estableza, o recurso pertinente.

Os expedientes relacionados a seguir atópanse á disposición dos interesados na Delegación Territorial da Coruña, Ramón y Cajal, s/n, 5ª planta.

Nº de expediente: PESAN1 2006/001307-1.

Denunciada: Isabel Romero Borja.

DNI: 32830676-Q.

Enderezo: Conserveira Celta-A Ponte Pasaxe, A Coruña.

Precepto infrinxido: 11.2º, 11.11º.

Sanción: 489,81 euros.

Nº de expediente: PESAN1 2006/001490-1.

Denunciado: Agustín Fernández Castiñeira.

DNI: 79327820-S.

Enderezo: avda. A Coruña, 52-1º, Camariñas.

Precepto infrinxido: 11.2º, 11.6º.

Sanción: 302 euros.

Nº de expediente: PESAN1 2006/001507-1.

Denunciado: José Luis Calvo Castiñeiras.

DNI: 32697967-V.

Enderezo: O Escorial de Abaixo, 21, Neda.

Precepto infrinxido: 11.2º.

Sanción: 302 euros.

Nº de expediente: PESAN1 2006/001535-1.

Denunciado: Sebastián Carreira Quintela.

DNI: 33210770-N.

Enderezo: Rianxiño, 51, Rianxo.

Precepto infrinxido: 11.2º.

Sanción: 151 euros.

Nº de expediente: PESAN1 2006/001566-1.

Denunciado: Ramón Mosquera Cristobo.

DNI: 33276836-E.

Enderezo: r/ Cortés de Abaixo, nº 64, Rianxo.

Precepto infrinxido: 11.19º.

Sanción: 301 euros.

Nº de expediente: PESAN1 2006/001580-1.

Denunciada: María del Carme Marti Pérez.

DNI: 50822785-F.

Enderezo: r/ Raxoeira, 7-1º D, O Milladoiro-Ames.

Precepto infrinxido: 11.2º.

Sanción: 151 euros.

Nº de expediente: PESAN1 2006/001698-1.

Denunciado: Alberto Manuel Ceballos Servia.

DNI: 46919718-V.

Enderezo: r/ Barcelona, 72-1º D, A Coruña.

Precepto infrinxido: 11.1º, 11.2º.

Sanción: 721,54 euros.

De conformidade co previsto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 2001 (DOG nº 235, do 5 de decembro), os importes das devanditas sancións deberán ser aboados nos prazos que establece o Regulamento xeral de recadación, ou do contrario procederase, sen máis trámite, ao seu cobramento pola vía de constrinximento regulamentaria. Para o pagamento en período voluntario os interesados deberán recoller na antedita delegación territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos o documento de ingreso correspondente.

A Coruña, 23 de febreiro de 2007.

Rosa María Liaño Pedreira  
Delegada territorial da Coruña

*Cédula do 23 de febreiro de 2007, da Delegación Territorial de Lugo, pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolucións de expedientes sancionadores (PESAN1 2006/000108-2 e dous máis).*

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), notifícaselles ás persoas que a continuación se relacionan as resolucións dos expedientes instruídos por infracción da Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira de Galicia (DOG nº 162, do 20 de agosto).

Os interesados dispoñen dun prazo de dez días, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto, para examinar o expediente e interpoñer, dentro do prazo que en cada caso se estableza, o recurso pertinente.

Os expedientes relacionados a seguir atópanse á disposición dos interesados na Delegación Territorial de Lugo en Celeiro-Viveiro, avda. Ramón Canosa, s/n, 27863.

Nº de expediente: PESAN1/2006/000108-2.

Denunciado: Xorxe Castro Cabana.

DNI: 33341617-N.

Enderezo: avda. da Mariña, nº 38-6º A, Foz (Lugo).

Precepto infrinxido: 11.B.2.

Sanción: 151 euros.

Nº de expediente: PESAN1/2006/000135-2.

Denunciado: Moisés Rosales Castro.

DNI: 44084778-B.

Enderezo: Arribada nº 2-1º, Celeiro-Viveiro (Lugo).

Precepto infrinxido: 11.B.12.

Sanción: 151 euros.

Nº de expediente: PESAN1 2006/000188-2.

Denunciado: César Ceñal Campa.

DNI: 10872967-Q.

Enderezo: Marqués de San Esteban, 34-2º A, Gijón (Asturias).

Precepto infrinxido: 11.B.4.

Sanción: 151 euros.

De conformidade co previsto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 2001 (DOG nº 235, do 5 de decembro), os importes das devanditas sancións deberán ser aboados nos prazos que establece o Regulamento xeral de recadación, ou do contrario procederase, sen máis trámite, ao seu cobramento pola vía de constrinximento regulamentaria. Para o pagamento en período voluntario os interesados deberán recoller na antedita delegación territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos o documento de ingreso correspondente.

Celeiro-Viveiro, 23 de febreiro de 2007.

José Ramón Val Alonso  
Delegado territorial de Lugo

*Cédula do 5 de marzo de 2007, da Delegación Comarcal de Vilagarcía de Arousa, pola que se fai pública unha notificación de incoación do expediente sancionador PESAN1 2006/000865-5.*

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), notifícaselle á persoa que a continuación se relaciona, a incoación do expediente instruído por infracción da Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira (DOG nº 162, do 20 de agosto).

O interesado dispón dun prazo de quince días, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto, para presentar ante a delegación comarcal as alegacións que coide pertinentes.

O expediente relacionado a seguir atópase á disposición do interesado na Delegación Comarcal de Vilagarcía de Arousa (Carril, Alto da Rosa, s/n).

Nº de expediente: PESAN1 2006/000865-5.

Denunciado: Francisco J. Rosendo Pérez.

DNI: 35318954-Q.

Enderezo: avda. José Mª Castroviejo, 49-1º, Cangas.

Vilagarcía de Arousa, 5 de marzo de 2007.

P.A.

Francisco Javier Briz Domínguez

Instrutor

*Cédula do 5 de marzo de 2007, da Delegación Territorial da Coruña, pola que se fai pública unha relación de notificacións de resolucións de expedientes sancionadores (PESAN1 2006/001133-1 e seis máis).*

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), notifícaselles ás persoas que a continuación se relacionan, as resolucións dos expedientes instruídos por infracción da Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións e sancións en materia marítimo-pesqueira de Galicia (DOG nº 162, do 20 de agosto).

Os interesados dispoñen dun prazo de dez días, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto, para examinar o expediente e interpoñer, dentro do prazo que en cada caso se estableza, o recurso pertinente.

Os expedientes relacionados de seguir atópanse á disposición dos interesados na Delegación Territorial de A Coruña, Ramón y Cajal, s/n, 5ª planta.

Nº de expediente: PESAN1 2006/001133-1.  
 Denunciada: Rosa Romero Borja.  
 DNI: 47385340-G.  
 Enderezo: Ponte Pasaxe, conserveira Celta, A Coruña.  
 Precepto infrinxido: 11.2º.  
 Sanción: 281,60 euros.

Nº de expediente: PESAN1 2006/001393-1.  
 Denunciado: José Luis Calvo Castiñeiras.  
 DNI: 32697967-V.  
 Enderezo: O Escorial de Abaixo, 21, Neda.  
 Precepto infrinxido: 11.2º.  
 Sanción: 601 euros.

Nº de expediente: PESAN1 2006/001397-1.  
 Denunciado: Santiago Espiño Rañales.  
 DNI: 79337095-K.  
 Enderezo: O Apelón, 19, Mugardos.  
 Precepto infrinxido: 11.2º.  
 Sanción: 151 euros.

Nº de expediente: PESAN1 2006/001399-1.  
 Denunciado: Domingo-José Guerrero López.  
 DNI: 32685758-K.  
 Enderezo: rúa Ponte Píeles, nº 12, 3º esq., Narón.  
 Precepto infrinxido: 11.2º.  
 Sanción: 151 euros.

Nº de expediente: PESAN1 2006/001400-1.  
 Denunciado: Carlos Martínez Rodríguez.  
 DNI: 76413768-V.  
 Enderezo: Eduardo Pondal, 10, Mugardos.  
 Precepto infrinxido: 11.2º.  
 Sanción: 302 euros.

Nº de expediente: PESAN1 2006/001546-1.  
 Denunciado: Manuel del Río Méndez.  
 DNI: 32385965-X.  
 Enderezo: Hostal, 22, BI, A Coruña.  
 Precepto infrinxido: 11.2º.  
 Sanción: 1.202,02 euros.

Nº de expediente: PESAN1 2006/001657-1.  
 Denunciado: José dos Anjos dos Anjos.  
 DNI: 47376925-F.  
 Enderezo: avda. Pasaxe, s/n (conserveira Celta) A Coruña.  
 Precepto infrinxido: 11.2º.  
 Sanción: 210,35 euros.

De conformidade co previsto na orde da Consellería de Economía e Facenda do 23 de novembro de 2001 (DOG nº 235, do 5 de decembro), os importes das devanditas sancións deberán ser aboados nos prazos que establece o Regulamento xeral de recadación, ou do contrario procederase, sen máis trámite, ao seu cobramento pola vía de constrinximento regulamentaria. Para o pagamento en período voluntario os interesados deberán recoller na antedita delegación territorial da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos o documento de ingreso correspondente.

A Coruña, 5 de marzo de 2007.

Rosa María Liaño Pedreira  
 Delegada territorial da Coruña

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

*Anuncio do 7 de febreiro de 2007, da Delegación Provincial de Pontevedra, polo que se empra a interesada para ser notificada por comparecencia no expediente PO-APP-2006-073.*

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal dúas veces, emprázase a interesada que se sinala no anexo para ser notificada por comparecencia.

O acto foi adoptado polo delegado provincial.

A comparecencia deberase efectuar, no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, na sede do Servizo Técnico Xurídico da Delegación Provincial de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible sita na rúa Benito Corbal 47, 5ª planta, de Pontevedra, en horario das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte.

Pontevedra, 7 de febreiro de 2007.

Juan Francisco Froján Fontán  
 Delegado provincial de Pontevedra

### ANEXO

Expediente: PO-APP-2006-073.  
 Interesada: Ruth Padín Caño.  
 Acto notificado: acordo de incoación.

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

*Resolución do 13 de marzo de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo, pola que se anuncia concurso, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, dunha subministración, por lotes, de catro vehículos con destino aos centros provinciais de Seguridade e Saúde Laboral da Coruña, Ourense e Rande (Pontevedra). (Expediente 21/2007).*

1. Entidade adxudicadora: Consellería de Traballo.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: subministración, por lotes, de catro vehículos destinados, dous ao Centro de Seguridade e Saúde Laboral da Coruña, un ao Centro de Seguridade e Saúde Laboral de Ourense

e un ao Centro de Seguridade e Saúde Laboral de Rande (Pontevedra):

-Lote 1: vehículos (2) grupo D-1.

-Lote 2: vehículos (2) grupo E.

b) Prazo de execución: dous meses desde a data da sinatura do contrato.

c) Prazo/s de entrega: dentro dos dous meses seguintes á data en que se asine o contrato.

3. Tramitación, procedemento e forma de adjudicación: ordinaria, aberto e concurso.

4. Orzamento base de licitación: oitenta e catro mil euros (84.000 €).

-Lote 1: trinta e tres mil euros (33.000 €).

-Lote 2: cincuenta e un mil euros (51.000 €).

5. Garantía provisional: non se require.

6. Obtención de documentación e información: Secretaría Xeral da Consellería de Traballo. Edificio administrativo San Lázaro, s/n, Santiago de Compostela. Tfno.: 981 54 01 03. Fax: 981 54 01 18. [www.xunta.es/contratacion](http://www.xunta.es/contratacion).

7. Requisitos específicos do contratista: solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: ver prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: ás 14.00 h do décimo quinto día natural contado a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Documentación que hai que presentar: a sinalada no prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral da Consellería de Traballo. Edificio administrativo San Lázaro, s/n, Santiago de Compostela. Se o día en que acaba o prazo de presentación de proposicións coincidise en sábado, poderase entregar a documentación, ese día, no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo San Caetano-Santiago de Compostela).

9. Apertura de ofertas: terá lugar na sala de xuntas da consellería situada no enderezo indicado no punto 6, ás 10.00 horas do oitavo día natural, contado desde o día seguinte ao de remate do prazo de presentación de proposicións.

10. Gastos dos anuncios: 10,40 euros por liña publicada no DOG.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2007.

José Vázquez Portomeñe  
Secretario xeral da Consellería de Traballo

*Cédula do 12 de febreiro de 2007, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai pública a Resolución do 10 de xaneiro de 2007, de denegación das axudas á contratación indefinida do expediente administrativo TR347E 2006/662-5.*

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), e non sendo posible a práctica da notificación no domicilio sinalado polo interesado da resolución de denegación da solicitude das axudas á contratación indefinida do expediente administrativo, consono o establecido na Orde do 25 de marzo de 2006, (DOG nº 64, do 31 de marzo), publícase:

1. Expediente de procedemento: TR 347E 2006/662-5.

Orde da convocatoria: 25 de marzo de 2006 (DOG nº 64, do 31 de marzo).

Interesado: José Carlos Oro Fernando.

Enderezo: apartado postal 5360, 36200 Vigo (Pontevedra).

Asunto: resolución por delegación do delegado provincial da Consellería de Traballo do 10 de xaneiro de 2007, ao abeiro da Orde do 25 de marzo de 2006.

Resolución:

«Antecedentes:

Primeiro.-A solicitude para o seguinte tipo de axuda foi presentada o 15 de setembro de 2006.

Axuda pola transformación dun contrato de duración determinada ou temporal en indefinido (modalidade: formación, prácticas, revezamento, substitución por anticipación da idade de xubilación e interinidade).

Segundo.-Das actuacións realizadas e da documentación do expediente resulta o incumprimento dos requisitos exixidos para a concesión das axudas solicitadas en virtude dos motivos indicados no fundamento segundo.

Terceiro.-Na tramitación do expediente, observáronse todos os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos:

Primeiro.-A competencia para coñecer e resolver a solicitude corresponde, por delegación do conselleiro de Traballo, a esta delegación provincial, de acordo co artigo 3º da Orde do 25 de marzo de 2006 (DOG do 31 de marzo) pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción dos mozos e mozas menores de 30 anos, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.

Segundo.-O incumprimento dos requisitos e condicións exixidos na citada orde reguladora está motivado polas razóns seguintes:

\* A solicitude non está incluída no ámbito de aplicación do anexo E da orde reguladora, dado que o contrato temporal ou de duración determinada transformado non foi celebrado con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2006. Incumprindo o establecido na disposición segunda punto 1 do anexo E da devandita orde.

Vistos os preceptos citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta delegación provincial

### RESOLVE:

Desestimar a solicitude de axudas presentada por José Carlos Oro Fernández, pola contratación indefinida dun traballador, polas razóns expostas no fundamento segundo desta resolución.

Notifíquesele esta resolución ao interesado, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa e contra ela cabe formular recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; así mesmo, con anterioridade e con carácter potestativo, pode interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación, ante esta delegación provincial, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 10 de xaneiro de 2007. P.D. Pedro Borrajo Rivas, delegado provincial de Pontevedra».

Os correspondentes expedientes están no Servizo de Promoción do Emprego da Delegación Provincial da Consellería de Traballo en Vigo.

Vigo, 12 de febreiro de 2007.

Pedro Borrajo Rivas  
Delegado provincial de Pontevedra

*Cédula do 12 de febreiro de 2007, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai pública a Resolución do 10 de xaneiro de 2007, de denegación das axudas á contratación indefinida do expediente administrativo TR347E 2006/137-5.*

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), e non sendo posible a práctica da notificación

no domicilio sinalado polo interesado da resolución de denegación da solicitude das axudas á contratación indefinida do expediente administrativo, consono o establecido na Orde do 25-3-2006 (DOG nº 64, do 31 de marzo), publícase:

1. Expediente de procedemento: TR 347E 2006/137-5.

Orde da convocatoria: 25 de marzo de 2006 (DOG nº 64, do 31 de marzo).

Interesado: Ignacio Martín Román.

Enderezo: avda. Camelias, 114-baixo, 36211 Vigo (Pontevedra).

Asunto: resolución por delegación do delegado provincial da Consellería de Traballo do 10 de xaneiro de 2007, ao abeiro da Orde do 25-3-2006.

Resolución:

«Antecedentes:

Primeiro.-A solicitude para o seguinte tipo de axuda foi presentada o 30-5-2006.

Axuda pola transformación de 1 contrato de duración determinada ou temporal en indefinido (modalidade: formación, prácticas, revezamento, substitución por anticipación da idade de xubilación e interinidade).

Segundo.-Das actuacións realizadas e da documentación do expediente resulta o incumprimento dos requisitos exixidos para a concesión das axudas solicitadas en virtude dos motivos indicados no fundamento segundo.

Terceiro.-Na tramitación do expediente, observáronse todos os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos:

Primeiro.-A competencia para coñecer e resolver a solicitude corresponde, por delegación do conselleiro de Traballo, a esta delegación provincial, de acordo co artigo 3 da Orde do 25 de marzo de 2006 (DOG do 31 de marzo) pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción dos mozos e mozas menores de 30 anos, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.

Segundo.-O incumprimento dos requisitos e condicións exixidos na citada orde reguladora está motivado polas razóns seguintes:

\* O solicitante incumpre o establecido na disposición 1ª) do anexo E da orde reguladora, no referente a que se incentivarán as empresas que transformen durante o ano 2006 os seus contratos temporais en indefinidos, en relación co artigo 4.5º da devandita orde e coa disposición 9ª do anexo A da Orde do 14 de marzo de 2005. (A transformación realizouse o 4-7-2005).

Vistos os preceptos citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta delegación provincial

**RESOLVE:**

Desestimar a solicitude de axudas presentada por Ignacio Martín Román, pola contratación indefinida de 1 traballador, polas razóns expostas no fundamento segundo desta resolución.

Notifíqueselle esta resolución ao interesado, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa e contra ela cabe formular recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; así mesmo, con anterioridade e con carácter potestativo, pode interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación, ante esta delegación provincial, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 10 de xaneiro de 2007. P.D. Pedro Borrajo Rivas, delegado provincial de Pontevedra».

Os correspondentes expedientes están no Servizo de Promoción do Emprego da Delegación Provincial da Consellería de Traballo en Vigo.

Vigo, 12 de febreiro de 2007.

Pedro Borrajo Rivas  
Delegado provincial de Pontevedra

*Cédula do 12 de febreiro de 2007, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai pública a Resolución do 10 de xaneiro de 2007, de denegación das axudas á contratación indefinida do expediente administrativo TR347E 2006/126-5.*

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), e non sendo posible a práctica da notificación no domicilio sinalado polo interesado da resolución de denegación da solicitude das axudas á contratación indefinida do expediente administrativo, consonte o establecido na Orde do 25 de marzo de 2006, (DOG nº 64, do 31 de marzo), publícase:

1. Expediente de procedemento: TR 347E 2006/126-5.

Orde de convocatoria: 25 de marzo de 2006 (DOG nº 64, do 31 de marzo).

Interesado: Arig Inver Galicia, S.L.

Enderezo: Doutor Fernández de la Vega, 38 baixo, 36860 Pontearreas (Pontevedra).

Asunto: resolución por delegación do delegado provincial da Consellería de Traballo do 10 de xaneiro de 2007, ao abeiro da Orde do 25 de marzo de 2006.

**Resolución:**

«Antecedentes:

Primeiro.-A solicitude para o seguinte tipo de axuda foi presentada o 26 de maio de 2006.

Axuda pola transformación dun contrato de duración determinada ou temporal en indefinido (modalidade: formación, prácticas, revezamento, substitución por anticipación da idade de xubilación e interinidade).

Segundo.-Das actuacións realizadas e da documentación do expediente resulta o incumprimento dos requisitos exixidos para a concesión das axudas solicitadas en virtude dos motivos indicados no fundamento segundo.

Terceiro.-Na tramitación do expediente, observáronse todos os requisitos e prescricións legais.

**Fundamentos:**

Primeiro.-A competencia para coñecer e resolver a solicitude corresponde, por delegación do conselleiro de Traballo, a esta delegación provincial, de acordo co artigo 3º da Orde do 25 de marzo de 2006 (DOG do 31 de marzo) pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción dos mozos e mozas menores de 30 anos, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.

Segundo.-O incumprimento dos requisitos e condicións exixidos na citada orde reguladora está motivado polas razóns seguintes:

\* O solicitante incumpre o establecido no artigo 3.1º do anexo E da orde reguladora, dado que só poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas que transformen en indefinidos os contratos temporais celebrados con mozos e mozas menores de 30 anos.

Vistos os preceptos citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta delegación provincial

**RESOLVE:**

Desestimar a solicitude de axudas presentada por Arig Inver Galicia, S.L., pola contratación indefinida dun traballador, polas razóns expostas no fundamento segundo desta resolución.

Notifíqueselle esta resolución á interesada, facéndolles saber que pon fin á vía administrativa e contra ela cabe formular recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día

seguinte ao da súa notificación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; así mesmo, con anterioridade e con carácter potestativo, pode interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación, ante esta delegación provincial, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 10 de xaneiro de 2007. P.D. Pedro Borrajo Rivas, delegado provincial de Pontevedra».

Os correspondentes expedientes están no Servizo de Promoción do Emprego da delegación provincial da Consellería de Traballo en Vigo.

Vigo, 12 de febreiro de 2007.

Pedro Borrajo Rivas  
Delegado provincial de Pontevedra

*Cédula do 12 de febreiro de 2007, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se fai pública a Resolución do 16 de xaneiro de 2007, de denegación das axudas á contratación indefinida inicial do expediente administrativo TR347D 2006/52-5.*

De conformidade co disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), e non sendo posible a práctica da notificación no domicilio sinalado polo interesado da resolución de denegación da solicitude das axudas á contratación indefinida inicial do expediente administrativo, consonte o establecido na Orde do 25 de marzo de 2006, (DOG nº 64, do 31 de marzo), publícase:

1. Expediente de procedemento: TR 347D 2006/52-5.

Orde da convocatoria: 25 de marzo de 2006 (DOG nº 64, do 31 de marzo).

Interesado: *Elson Tours, S.L.*

Enderezo: Departamento de Operadores Portuarios, 4, 36900 Marín (Pontevedra).

Asunto: resolución por delegación do delegado provincial da Consellería de Traballo do 16 de xaneiro de 2007, ao abeiro da Orde do 25 de marzo de 2006.

Resolución:

«Antecedentes:

Primeiro.-A solicitude para o seguinte tipo de axuda foi presentada o 5 de xuño de 2006.

Axuda pola contratación indefinida inicial de 1 mozo ou moza desempregada.

Segundo.-Das actuacións realizadas e da documentación do expediente resulta o incumprimento dos requisitos exixidos para a concesión das axudas solicitadas en virtude dos motivos indicados no fundamento segundo.

Terceiro.-Na tramitación do expediente, observáronse todos os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos:

Primeiro.-A competencia para coñecer e resolver a solicitude corresponde, por delegación do conselleiro de Traballo, a esta delegación provincial, de acordo co artigo 3 da Orde do 25 de marzo de 2006 (DOG do 31 de marzo) pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de incentivos á contratación por conta allea como medida para favorecer a inserción dos mozos e mozas menores de 30 anos, cofinanciados polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.

Segundo.-O incumprimento dos requisitos e condicións exixidos na citada orde reguladora está motivado polas razóns seguintes:

\* O solicitante incumpre o establecido na disposición 4ª.1) do anexo D da orde reguladora no referente a que a taxa de estabilidade do cadro de persoal no mes da contratación deberá ser igual ou superior ao 70%.

\* O solicitante incumpre o establecido na disposición 4ª.3) do anexo D da orde reguladora no referente a que as contratacións iniciais deberán supoñer incremento do cadro de persoal fixo da empresa, de modo que superen a media aritmética dos doce meses anteriores á data de inicio da relación laboral.

Vistos os preceptos citados e demais de xeral e pertinente aplicación, esta delegación provincial

**RESOLVE:**

Desestimar a solicitude de axudas presentada pola contratación indefinida inicial e polo período de proba acordado no contrato indefinido presentada por *Elson Tours, S.L.*, pola contratación indefinida de 1 traballador, mozo ou moza desempregado/a, ao abeiro da citada orde de convocatoria.

Notifíquesele esta resolución á interesada, facéndolle saber que pon fin á vía administrativa e contra ela cabe formular recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; así mesmo, con anterioridade e con carácter potestativo, pode interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa notificación, ante esta delegación provincial, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 16 de xaneiro de 2007. P.D. Pedro Borrajo Rivas, delegado provincial de Pontevedra».

Os correspondentes expedientes están no Servizo de Promoción do Emprego da Delegación Provincial da Consellería de Traballo en Vigo.

Vigo, 12 de febreiro de 2007.

Pedro Borrajo Rivas  
Delegado provincial de Pontevedra

## INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

*Resolución do 8 de marzo de 2007 pola que se fai pública a declaración de impacto ambiental (DIA) do proxecto sectorial do parque empresarial de Mos, no concello de Mos.*

En cumprimento do disposto no artigo 5 do Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación do impacto ambiental para Galicia, faise pública a Resolución do 1 de marzo de 2007, da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se formula a declaración de impacto ambiental do proxecto sectorial do parque empresarial de Mos, no concello de Mos (Pontevedra), promovido por *Xes-tur Pontevedra, S.A.* A declaración de impacto ambiental poderá ser consultada na páxina web da Consellería de Vivenda e Solo.

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2007.

Daniel Pino Vicente  
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda  
e Solo

*Resolución do 14 de marzo de 2007 pola que se deixa sen efecto o anuncio de convocatoria da licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite ordinario, para a contratación do servizo consistente na limpeza das sedes das delegacións provinciais de Vivenda e Solo en Lugo, Ourense e Pontevedra, e da sede dos servizos centrais en Santiago de Compostela. (Expediente IGVS02-07).*

Constatados erros na relación de traballadores que figuran no anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación de referencia e sendo necesaria a determinación exacta dos traballadores con dereito á subrogación para a

adecuada identificación do obxecto do contrato, procede o seguinte:

Tendo en conta que isto afecta a conformación das posibles ofertas, procede e acórdase deixar sen efecto a convocatoria do concurso público que ten por obxecto a contratación do servizo consistente na limpeza das sedes das delegacións provinciais de Vivenda e Solo en Lugo, Ourense e Pontevedra, e da sede dos servizos centrais en Santiago de Compostela. Expediente IGVS02-07, publicada no DOG nº 45, do 5 de marzo de 2007.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2007.

Teresa Táboas Veleiro  
Presidenta do Instituto Galego da Vivenda  
e Solo

## SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 19 de febreiro de 2007, da División de Recursos Económicos, pola que se fai pública a relación da adxudicación definitiva da contratación de subministracións para a adquisición de equipamento de fisioterapia con destino a diversos centros de saúde da Comunidade Autónoma de Galicia (lote único).*

En cumprimento do disposto no artigo 93.2º do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, e no artigo 93 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, esta división acorda dar publicidade a adxudicación da seguinte contratación.

1. Entidade adxudicadora:

a) Organismo: Servizo Galego de Saúde.

b) Dependencia que tramita o expediente: División de Recursos Económicos.

c) Número de expediente: SCS-17/2006.

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo de contrato: contrato de subministracións.

b) Descrición do obxecto: adquisición de equipamento de fisioterapia.

c) Lotes: lote único.

d) Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: *Diario Oficial de Galicia* nº 161, do 22 de agosto de 2006.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base da licitación: cento oitenta e un mil quíntos sesenta e catro euros, IVE incluído (181.564 euros). Desagregase en dúas anualidades, para o ano 2006: 90.782 euros e para o ano 2007: 90.782 euros.

Adxudicacións:

a) Data: 14 de novembro de 2006.

b) Contratista: *Sarosán, S.A.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe da adxudicacións: lote único: por un importe de coarenta e dous mil trescentos seis con setenta céntimos de euro para o ano 2006 (42.306,70 euros, IVE incluído); e cento vinte e seis mil novecentos vinte con dez céntimos de euro para o ano 2007 (126.920,10 euros, IVE incluído).

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2007.

Ana Fernández Pulpeiro  
Directora xeral da División  
de Recursos Económicos

*Resolución do 7 de marzo de 2007, da División de Recursos Económicos, pola que se anuncia concurso público aberto, de subministración sucesiva, polo trámite urgente, de adquisición de mobiliario de hospitalización con destino ao Complexo Hospitalario de Ourense (AC-SER2-07-010) (3 lotes).*

O Servizo Galego de Saúde, por proposta da División de Recursos Económicos, e unha vez cumpridos os trámites administrativos correspondentes, resolve anunciar a subministración que a seguir se cita:

Adquisición de mobiliario de hospitalización con destino ao Complexo Hospitalario de Ourense.

Orzamento: cento vinte mil catrocentos oitenta euros, IVE incluído (120.480 euros).

Lote: 1.

Descrición: camas de hospitalización xeral.

Importe dos lotes: 84.000 euros.

Lote: 2.

Descrición: mesas de noite de doente e atri.

Importe dos lotes: 15.600 euros.

Lote: 3.

Descrición: cadeira de brazos ergonómica de doente.

Importe dos lotes: 20.880 euros.

Garantía provisional: é o 2% do importe de licitación. Ver o punto 9 da folla de especificacións do prego tipo de cláusulas administrativas particulares.

Forma de adxudicación: concurso público e procedemento aberto, polo trámite urgente.

Prazo de entrega máximo da subministración desde o envío da folla de pedido: lote 1: máximo 45 días naturais; lotes 2 e 3: máximo 30 días naturais.

Admisión de variantes: cada licitador poderá presentar proposicións individuais ata un máximo de tres (oferta base máis 2 variantes), proposicións agrupadas de varios lotes, ata un máximo de dúas.

Solvencia económica, financeira e técnica: ver o punto 14 e 15 da folla de especificacións do prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a dita contratación.

Criterios de adxudicación: os establecidos no punto 10 da folla de especificacións do prego tipo de cláusulas administrativas.

Documento de interese para os licitadores: o prego tipo de cláusulas administrativas particulares e demais documentación complementaria estarán de manifesto e á disposición dos concursantes para o seu exame nos servizos centrais da División de Recursos Económicos, edificio administrativo de San Lázaro, 2º andar, en Santiago de Compostela (CP 15703), todos os días laborables, agás sábados, das 9.00 ás 14.00 horas, e tamén no enderezo da internet [www.sergas.es](http://www.sergas.es) / contratación, ou chamando aos teléfonos: 981 54 27 68, 54 73 87, fax: 881 997 011 e na copistaría *Copi Belén*, r/ Rosalía de Castro, 29-31; teléfono e fax: 981 59 99 24 en Santiago de Compostela.

Presentación de proposicións: as proposicións deberán ser presentadas en man, en sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, no rexistro xeral do Sergas, antes das 14.00 horas do oitavo día natural contado a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, ou enviadas por correo dentro do prazo sinalado. Cando as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax (881 99 70 11) ou telegrama no mesmo día, de conformidade co artigo 100 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Apertura de proposicións: terá lugar na Consellería de Sanidade/Sergas, edificio administrativo San Lázaro, a partir das 9.00 horas do décimo primeiro día natural contado desde o seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación de ofertas. No caso de que este día coincida en sábado ou festivo, a apertura das proposicións terá lugar o día hábil seguinte.

Documentación que achegarán os licitadores: os documentos que figuran no prego de cláusulas administrativas particulares.

Anuncios: o pagamento dos anuncios da presente contratación de subministración será por conta do adxudicatario ou dos adxudicatarios do contrato.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2007.

Ana Fernández Pulpeiro  
Directora xeral da División de Recursos  
Económicos

*Resolución do 9 de marzo de 2007, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, pola que se anuncia concurso, polo procedemento aberto e trámite de urxencia, para a contratación da reserva e ocupación de prazas nos dispositivos complementarios de rehabilitación para enfermos con trastorno mental persistente (CC-SER4-07-002).*

1. Entidade adxudicadora: Servizo Galego de Saúde, División de Recursos Económicos, Subdirección Xeral de Orzamentos, edificio administrativo San Lázaro, 2ª planta. Teléfono 981 54 27 78; fax 981 54 27 62. Santiago de Compostela.

2. Obxecto do contrato: a contratación de servizos da reserva e ocupación de prazas nos dispositivos complementarios de rehabilitación para enfermos con trastorno mental persistente.

3. Tramitación, procedemento e forma de adjudicación: concurso polo procedemento aberto e trámite de urxencia.

4. Orzamento base de licitación: importe máximo anual previsto de once millóns cento setenta e sete mil cen euros (11.177.100 euros), coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2007: 2.716.650 euros.

Ano 2008: 3.760.200 euros.

Ano 2009: 3.760.200 euros.

Ano 2010: 940.050 euros.

5. Fianzas e garantías: non se exigen.

6. Documentos de interese para os licitadores: os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas pódense solicitar na División de Recursos Económicos (Servizo de Xestión de Concertos e Recursos Propios), edificio administrativo San Lázaro, 2ª planta, Santiago de Compostela, en días laborables desde as 9.00 ata as 14.00 horas; ou na páxina da internet: [www.sergas.es](http://www.sergas.es).

7. Solvencia económico-financeira e técnica: acredítanse conforme o establecido no punto 5.3.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Criterios de adjudicación: os establecidos no punto 6.3.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

9. a) Prazo e lugar de presentación das proposicións: as proposicións presentaranse antes das 14.00 horas do oitavo día natural a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, e segundo establece o punto 5.2 do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Documentación que deberán presentar os licitadores: os documentos que figuran no prego de cláusulas administrativas particulares e na forma que nel se sinala.

10. Data de apertura das proposicións: a apertura das proposicións admitidas realizarase pola mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas 2-1 do Sergas (2ª planta), a partir das 9.30 horas do sétimo día natural, contado a partir do seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de ofertas; no caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, a apertura das proposicións terá lugar o seguinte día hábil.

11. Anuncios: os anuncios do presente concurso serán por conta do adxudicatario do contrato.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2007.

Cayetano Rodríguez Escudero  
Secretario xeral do Servizo Galego de Saúde

## **b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **CONCELLO DE AMES**

#### *Anuncio.*

A Xunta de Goberno Local deste concello, en sesión que tivo lugar o día 14 de febreiro de 2007, acordou aprobar inicialmente o Plan Especial de Reforma Interior denominado PM6-01 situado na r/ do Seixo-r/ Codeseira, no Milladoiro.

O que se fai público de conformidade co establecido no artigo 86.1º a), da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, co obxecto de que durante o prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* ou nos xornais *La Voz de Galicia* e *El Correo Gallego*, os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

Ames, 8 de marzo de 2007.

Carlos A. Fernández Castro  
Alcalde

**CONCELLO DE CANGAS***Anuncio de convocatoria.*

No BOP de Pontevedra nº 48, do 8 de marzo de 2007, publícanse integramente as bases para a provisión por concurso-oposición libre dunha praza de persoal laboral fixo do Organismo Autónomo Municipal de Turismo, correspondente á oferta de emprego de 2006. En consecuencia, procédese á súa convocatoria.

O prazo de presentación das solicitudes será de vinte días naturais contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria publicaranse no BOP de Pontevedra ou no taboleiro de anuncios do concello, de conformidade co establecido nas bases.

Cangas, 8 de marzo de 2007.

José Enrique Sotelo Villar  
Alcalde-presidente

**CONCELLO DA CORUÑA***Anuncio de concurso (referencia As-8/2007).*

1. Entidade adxudicadora: Concello da Coruña.  
a) Dependencia: Sección de Contratación. b) Número de expediente: As-8/2007.

2. Obxecto do contrato: vixilancia nocturna da Casa do Hombre (Domus) e da conexión das alarmas da Casa das Ciencias. Prazo de execución: dous anos prorrogable.

3. Tramitación: ordinaria. Procedemento: aberto. Forma de adxudicación: concurso.

4. Orzamento base de licitación: 85.938,59 euros (IVE incluído).

5. Garantía provisional: non se exige.

6. Obtención de documentación e información:  
a) Entidade: véxase punto 1. b) Enderezo: pza. de M<sup>a</sup> Pita, 1-2º. c) Localidade: 15001 A Coruña.  
d) Teléfono: 981 18 42 19. e) Fax: 981 18 42 71.  
f) Correo electrónico: contratacion@aytolacoruna.es. g) Data límite de obtención de documentos e información: ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. Clasificación: non se exige.

8. Presentación de proposicións: a) Prazo: quince días naturais contados a partir do seguinte ao da

publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, que remata ás 13.00 horas. No caso de resultar sábado o día de finalización do prazo, quedará este automaticamente prorrogado o día hábil seguinte.  
b) Documentación que hai que presentar: véxase prego de cláusulas administrativas particulares.  
c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral de Entrada.

9. Apertura de proposicións económicas e documentación técnica: a) Lugar: véxase punto 6. b) Data: quinto día hábil seguinte ao do transcurso do prazo de licitación. c) Hora: 12.00 horas.

10. Outras informacións: véxase prego de cláusulas administrativas.

11. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

A Coruña, 16 de febreiro de 2007.

P.D.

M<sup>a</sup> Nieves Vázquez Novo  
Tenente alcalde delegada de Contratación

**CONCELLO DE FERROL***Edicto.*

A Xunta de Goberno Local, en sesión levada a cabo o día 5 de marzo de 2007, acordou aprobar inicialmente o estudo de detalle para o desenvolvemento do convenio urbanístico en San Xoán e acordo complementario, e someter o citado estudo a información pública polo prazo de vinte días hábiles de acordo co establecido no artigo 86.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 8 de marzo de 2007.

Juan Manuel Juncal Rodríguez  
Alcalde

**CONCELLO DE MIÑO***Anuncio de aprobación definitiva do Plan parcial do sector S.UBLE R-3 Piñeiro.*

O Pleno do Concello de Miño, na sesión extraordinaria do 8 de marzo de 2007, acordou aprobar definitivamente o Plan parcial do sector S.UBLE Piñeiro.

O que se publica para o coñecemento xeral e de conformidade co artigo 92 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e o artigo 70 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

De conformidade co que dispón o artigo 92.3º da Lei 9/2002, o día 13 de marzo de 2007 tivo entrada na Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, dous exemplares do plan debidamente dilixenciado.

Contra o dito acordo que pon fin á vía administrativa poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de acordo cos artigos 8, 10 e 46.1º da Lei 29/1988, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Miño, 13 de marzo de 2007.

Juan A. Maceiras Barros  
Alcalde

## CONCELLO DE NEDA

### *Anuncio.*

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 25 de xaneiro de 2007, o Concello de Neda acordou aprobar as bases para prover en propiedade as prazas incluídas na oferta de emprego público para o ano 2006.

No BOP da Coruña número 51, do 3 de marzo de 2007, aparecen publicadas integramente as bases que deben rexer o proceso selectivo, para cubrir os seguintes postos de traballo:

-Concurso-oposición, promoción interna, técnico de xestión.

-Concurso-oposición, promoción libre, oficial de mantemento.

-Concurso-oposición, promoción libre, técnico obras/urbanismo.

-Concurso interno (promoción interna horizontal) administrativo-tesoureiro.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais a partir do seguinte ao da publicación da respectiva convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios relacionados con esta convocatoria publicaranse no BOP da Coruña e no taboleiro de edictos do concello.

Neda, 12 de marzo de 2007.

José C. Pita López  
Alcalde

## CONCELLO DE POIO

### *Anuncio.*

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de febreiro de 2007, e como resultado das probas selectivas convocadas para o efecto, foron nomeados funcionarios de carreira do Concello de Poio:

Francisco Martínez Vázquez, con DNI 35289338-R, nomeado oficial enterrador, grupo D, administración especial.

Juan José Moldes Tilve, con DNI 35232270-L, nomeado encargado do servizo de limpeza de colexios e mantemento, grupo D, administración especial.

Manuel Esperón Buceta, con DNI 35309191-M, nomeado axudante de servizos especiais, grupo D, administración especial.

Manuel Santiago Núñez, con DNI 35254146-E, axudante de servizos especiais, grupo D, administración especial.

Faustino Ucha Alvariñas, con DNI 35259120-M, nomeado axudante de servizos especiais, grupo D, administración especial.

José Torres Carballa, con DNI 35240670-R, nomeado axudante de servizos especiais, grupo D, administración especial.

Raimundo Albar Albar, con DNI 35284406-Z, nomeado axudante de servizos especiais, grupo D, administración especial.

O que se fai público para xeral coñecemento, de conformidade co disposto no artigo 25 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Poio, 12 de febreiro de 2007.

Luciano Sobral Fernández  
Alcalde

### *Anuncio.*

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de febreiro de 2007, e como resultado das probas selectivas convocadas para o efecto, foron nomeadas empregadas de limpeza de colexios, locais municipais, viaria e de praias por 6 horas por día como persoal laboral fixo do Concello de Poio:

Carmen Castro Ucha (DNI 35281608-E).

Mª del Carmen Padín Gómez (DNI 35286856-A).

Francisca Fraga Carballa (DNI 35309137-C).

Mª del Carmen Calvo Salgueiro (DNI 35258639-F).

Carmen Yolanda Cochón Viéitez (DNI 44087946-M).

Mª Jesús Martínez Torres (DNI 35320814-J).

Laureana Hermida Álvarez (DNI 35286706-Z).  
M<sup>a</sup> Isabel Tarela Martínez (DNI 35306487-S).

O que se fai público para xeral coñecemento.

Poio, 12 de febreiro de 2007.

Luciano Sobral Fernández  
Alcalde

## CONCELLO DE PONTEAREAS

### *Anuncio de poxa.*

Obxecto: alleamento dunha parcela, mediante pública poxa, segundo descrición:

Localización segundo catastro: parcela nº 9 do polígono 064, sita no barrio do Barral, parroquia de Arcos, municipio de Ponteareas, predio rexistral 19.188.

Superficie: 636 m<sup>2</sup>.

Lindeiros: a parcela dá fronte á estrada N-120.

Tipo de licitación: 38.611,56 euros.

Prazo e lugar de presentación de proposicións: durante os 26 días hábiles seguintes contados a partir da publicación do anuncio de convocatoria a poxa no último dos boletíns no que apareza (DOG ou BOP), (podendo presentarse no rexistro xeral do concello en horario das 9.00 ás 13.00 horas (de luns a sábado), ou por correo, en cuxo caso deberá xustificarse a data e a hora da imposición do envío nas oficinas de correo anunciando o mesmo día ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante teles, fax ou telegrama.

As propostas deberán axustarse ao modelo de proposición contido no prego de condicións económico-administrativas, contendo dous sobres: A documentación, e, B proposta económica.

Apertura das ofertas: terá lugar o día hábil seguinte ao da finalización da presentación de proposicións.

O prego de condicións económico-administrativas está á disposición dos interesados na secretaría xeral do concello.

Ponteareas, 12 de febreiro de 2007.

Salvado González Solla  
Alcalde

## CONCELLO DE PORTO DO SON

### *Anuncio.*

Aprobado inicialmente por decreto de Alcaldía, do 15 de febreiro de 2007, o Plan Especial de Reforma Interior da unidade de actuación nº 6 das NN.SS. do Concello de Porto do Son, de conformidade co artigo 86.1º a) da Lei 9/2002, sométese o expediente a información pública polo prazo dun mes, co fin de que se poida examinar o seu contido e quen o

considere pertinente poida suxerir ou alegar canto xulgue oportuno. O prazo dun mes compútase a partir do día seguinte a aquel no que se produza a última das publicacións que se inserisen no DOG e en dous xornais dos de maior difusión da provincia.

Porto do Son, 15 de febreiro de 2007.

Ramón Quintáns Vila  
Alcalde-presidente

## CONCELLO DE SANXENXO

### *Anuncio da aprobación definitiva do Plan parcial reformado para desenvolvemento do SU-9 en Festiñanzo-Dorrón.*

O Pleno da Corporación Municipal en sesión realizada o 6 de febreiro de 2007 adoptou o acordo de:

Primeiro.-Aprobar definitivamente o Plan parcial reformado para desenvolvemento do SU-9 en Festiñanzo-Dorrón, tramitado por instancia da mercantil *Cysugal, S.A.*, segundo documentación técnica presentada, redactada polo arquitecto José-Luis Pereiro Alonso con visado colexial do 17 de novembro de 2006 e anexo I «Sínteses do plan parcial» con data do visado do 20 de abril de 2005.

Segundo.-Estimar as alegacións presentadas por Carmen Pérez Penas e por Estrella Domínguez Lores, segundo os informes emitidos pola xerente de urbanismo, asesora xurídica e arquitecto municipal con data do 17 de xullo de 2006.

Terceiro.-Desestimar as alegacións presentadas por Manuel Rea Martínez; Carlos-Fermín Rodríguez Otero; Esther Moldes Villaverde; Sebastián Medrano Agís; Esther Medrano Agís; M<sup>a</sup> Herminia Taboada López e Juan Francisco Gómez García, e por Alberto Sáenz-Chas Díaz, de conformidade cos informes emitidos pola xerente municipal de urbanismo, asesora xurídica e arquitecto municipal con data do 17 de xullo de 2006.

Cuarto.-Publicar este acordo no DOG e no BOP, debéndose publicar neste último as características urbanísticas deste plan parcial; e notificarlles persoalmente aos propietarios directamente afectados, con indicación dos recursos procedentes.

Quinto.-Nese anuncio de aprobación definitiva farase constar a comunicación do acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e do traslado a esta de copias autenticadas de dous exemplares do instrumento, coa dilixencia da secretaría xeral de aprobación definitiva.

Sexto.-Levantar a suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara na aprobación inicial.

Con data do 23 de febreiro de 2007 remitiuse á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, unha copia autenticada do expediente administrativo e tres copias do instrumento aprobado

definitivamente con todos os planos e documentos que a integran.

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte da publicación deste anuncio, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que coiden oportuno.

De conformidade co artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común a medio deste anuncio, notifícaselles o acordo que nel se contén a todos os propietarios que sexan descoñecidos, se ignore o lugar da notificación ou ben, intentada esta, non se puidese practicar.

Sanxenxo, 23 de febreiro de 2007.

Catalina González Bea  
Alcaldesa

*Anuncio de aprobación inicial do Plan parcial en desenvolvemento do solo urbanizable número 24 en Soutullo-Noalla presentado pola Xunta Xestora de Propietarios do SU-24.*

A Xunta de Goberno Local, en sesión realizada o día 15 de febreiro de 2007, acordou prestar aprobación inicial ao Plan parcial en desenvolvemento do solo urbanizable nº 24 en Soutullo-Noalla segundo documentación técnica subscrita pola arquitecta Alicia Gómez Bala, visada polo colexio respectivo con data do 8 de agosto de 2006 con documentación técnica visada o 10 de outubro e 23 de novembro de 2006.

Exponse o expediente á información pública polo prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación do anuncio no DOG, BOP e en dous dos xornais de máis ampla circulación na provincia, co obxecto de que, quen se considere afectado ou prexudicado, poida formular as alegacións que considere procedentes, suspendéndose o outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e demolición naquelas áreas deste plan parcial.

Este anuncio suple as circunstancias que poidan concorrer no disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sanxenxo, 27 de febreiro de 2007.

Catalina González Bea  
Alcaldesa

*Anuncio de aprobación inicial do Plan parcial en desenvolvemento do solo urbanizable número 30 en Fontoira-Padriñán presentado pola mercantil Promociones Fabal, S.L.*

A Xunta de Goberno Local, en sesión realizada o día 15 de febreiro de 2007, acordou prestar aprobación inicial ao Plan parcial en desenvolvemento do solo urbanizable nº 30 en Fontoira-Padriñán segundo documentación técnica subscrita polos arquitectos Antonio Espinosa Murias e Antonio Rodríguez Martín, visada polo colexio respectivo en data do 7 de xuño de 2006 con documentación técnica visada o 22 de xuño de 2006.

Exponse o expediente a información pública polo prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación do anuncio no DOG, BOP e en dous dos xornais de máis ampla circulación na provincia, co obxecto de que, quen se considere afectado ou prexudicado, poida formular as alegacións que considere procedentes, suspendéndose o outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e demolición naquelas áreas deste plan parcial.

Este anuncio suple as circunstancias que poidan concorrer no disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sanxenxo, 27 de febreiro de 2007.

Catalina González Bea  
Alcaldesa

## CONCELLO DE TEO

*Anuncio de corrección de erros.*

No DOG nº 28, do 8 de febreiro de 2007, aparece publicado o anuncio de licitación deste concello da obra de construción dunha piscina municipal cuberta, onde figura a seguinte clasificación exixida aos licitadores: grupo C, subgrupos 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9, categoría E.

Polo presente anuncio procédese á corrección do erro, sendo a clasificación exixida a seguinte: grupo C, subgrupos 2, 3, 4, 5, categoría E.

Ábrese un novo prazo de presentación de proposicións de 26 días naturais contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste anuncio no BOP ou no DOG.

Teo, 8 de marzo de 2007.

Armando U. Blanco Martínez  
Alcalde

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO***Anuncio de contratación.*

Por medio da presente resolución convócase poxa pública para a contratación das seguintes obras e conforme as características que se sinalan a seguir:

| Obra                                                                                            | Orzamento contrata | Prazo execuc. | Clasificación exixida                                                       |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|---------------|-----------------------------------------------------------------------------|
| Reparación de vías provinciais zona de Abadín, Vilalba, Cospeito e Castro de Rei                | 450.224,71         | 4 meses       | Grupo G); subgrupo 4); categoría e).<br>Grupo G); subgrupo 6); categoría c) |
| Reparación de vías provinciais zona de Ribadeo, Trabada, A Pontenova, Meira e Ribeira de Piquín | 450.750,90         | 4 meses       | Grupo G); subgrupo 4); categoría e).<br>Grupo G); subgrupo 6); categoría c) |
| Reparación de vías provinciais zona de Ourel e Muras                                            | 220.589,02         | 4 meses       | Grupo G); subgrupo 4); categoría c).<br>Grupo G); subgrupo 6); categoría c) |

**Características:****1. Entidade adxudicadora.**

- a) Deputación Provincial de Lugo.
- b) Dependencia: Servizo de Plans e Contratación.

**2. Obxecto do contrato.**

A execución das obras sinaladas ao comezo do anuncio.

**3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

- a) Tramitación: urgente.
- b) Procedemento: aberto.
- c) Forma: poxa pública.
- 4. Orzamento base de licitación.

O que se sinala ao comezo do anuncio.

**5. Garantías.**

- a) Provisoria: o 2% sobre o orzamento do contrato.
- b) Definitiva: o 4% sobre o importe de adxudicación.

Ambas as fianzas deberán constituírse na Tesouraría Provincial.

**6. Obtención de documentación e información.**

- a) Entidade: Deputación Provincial de Lugo.
- b) Domicilio: rúa San Marcos, s/n.
- c) Localidade e código postal: Lugo, 27001.
- d) Teléfono: 982 26 00 78.
- e) Fax: 982 26 01 67.

f) Data límite de obtención da documentación: ata o día anterior ao remate do prazo de presentación.

**7. Requisitos específicos do contratista.**

Clasificación: a que se indica no encabezamento (de ser exixible).

Documentación: presentarse en 2 sobres e conterá a sinalada no prego de condicións.

**8. Presentación das ofertas.**

a) Data límite de presentación: 13 días naturais contados desde o día seguinte á publicación do presente edicto no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día coincide en domingo ou festivo, ao día seguinte.

b) Documentación necesaria: a sinalada no prego de condicións baixo a rúbrica: «Contido de proposicións».

c) Lugar de presentación: rexistro xeral das 10.00 ás 14.00 horas.

1. Entidade: Deputación Provincial de Lugo.

2. Domicilio: rúa San Marcos, s/n.

3. Localidade e código postal: Lugo, 27001.

d) Non se admiten variantes do proxecto aprobado.

Exixirase rigorosamente o cumprimento do prazo de execución e o seu incumprimento dará lugar á resolución do contrato.

e) A verificación da suficiencia de poderes farase especificamente para a presente poxa.

**9. Apertura de ofertas.**

a) Entidade: Deputación Provincial de Lugo.

b) Domicilio: rúa San Marcos, s/n.

c) Localidade: Lugo.

d) Data: o cuarto día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación, agás os sábados.

e) Hora: ás 12.00 horas.

**10. Outras informacións.**

Nos teléfonos indicados.

**11. Gastos de anuncios.**

Serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 9 de marzo de 2007.

Francisco Cacharro Pardo  
Presidente da Deputación  
Provincial de Lugo

Faustino Martínez Fernández  
Secretario da Deputación  
Provincial de Lugo

**c) OUTROS ANUNCIOS****COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA**

*Anuncio do expediente de contratación 70105C.*

1. Entidade adxudicadora: *Compañía de Radio-Televisión de Galicia*.

2. Obxecto do contrato: subministración e instalación dun novo sistema de distribución de tráfico de voz e datos na RTG e na área técnica da TVG.

3. Orzamento (IVE incluído): 69.600 euros.
4. Prazo de entrega: cincuenta e seis (56) días contados a partir da sinatura do contrato.
5. Tramitación: ordinaria.
6. Procedemento: aberto.
7. Forma: concurso.
8. Garantía provisional: 2 por 100 do orzamento de licitación.
9. Garantía definitiva: 4 por 100 do importe de adxudicación.
10. Obtención dos pregos de condicións e información: na páxina web [www.crtvg.es](http://www.crtvg.es), no enderezo de correo electrónico: [sercom@crtvg.es](mailto:sercom@crtvg.es) ou no Servizo de Compras, Mantemento e Servizos Xerais da CRTVG e as súas sociedades (teléfono: 981 54 08 55), sito en San Marcos, Santiago de Compostela.
11. Lugar de presentación das ofertas: rexistro do Servizo de Compras, Mantemento e Servizos Xerais da CRTVG e as súas sociedades, Centro Emisor de San Marcos, 15820 Santiago de Compostela.
12. Prazo e presentación de ofertas: quince (15) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia*. Horario: de luns a venres, agás festivos, de 9.00 a 14.00 horas.
13. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.
14. Apertura das ofertas: ás 13.00 horas do oitavo (8º) día natural seguinte hábil ao de finalización do prazo de presentación de ofertas no Centro Emisor de San Marcos, Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2007.

José Manuel Lago Peñas

Director xerente económico-administrativo da  
*Compañía de Radio Televisión de Galicia*

*Anuncio de adxudicación do expediente de contratación 60846C.*

En cumprimento do disposto no artigo 93 do Real decreto legislativo 2/2000 polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, a *Compañía de Radio-Televisión de Galicia* acorda darlle publicidade á adxudicación da seguinte contratación:

Expediente nº 60846C.

Obxecto: servizos de consultoría na selección e medición de seguros privados para a CRTVG e as súas sociedades.

Forma de adxudicación: concurso, procedemento aberto.

Empresa adxudicataria: *Aón Gil y Carvajal, S.A.U.*

Importe de adxudicación: sete mil cincocentos euros (7.500 €) IVE incluído.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2007.

José Manuel Lago Peñas

Director xerente económico-administrativo  
da *Compañía de Radio-Televisión de Galicia*

**CONSORCIO DE TURISMO  
DA RIBEIRA SACRA**

*Edicto.*

Pola resolución da Presidencia con data do 21 de febreiro de 2007, ordenouse o inicio do expediente administrativo para a adxudicación mediante concurso, procedemento aberto, trámite urgente, a actuación de subministración e obra de equipamento para iluminación da igrexa Santo Estevo.

Entidade adxudicadora: Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra.

Obxecto do contrato:

-Regular a contratación e execución das obras que se detallan no proxecto titulado subministración e obra de equipamento para iluminación igrexa Santo Estevo.

-Concurso, aberto, urgente.

Garantías:

-Provisional: 2% (artigo 35 do TRLCAP).

-Definitiva: 4% do importe da adxudicación do prezo correspondente.

Documentación: cláusula 12 do prego.

Presentación de proposicións: cláusula 13 do prego.

-Realizarase no rexistro xeral do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, situado no Concello de Nogueira de Ramuín, en días e horas de oficina, ata as 14.00 horas do décimo quinto (15º) día natural seguinte ao da publicación no derradeiro dos boletíns oficiais (BOP de Ourense, BOP de Lugo e DOG), a teor do disposto no artigo 78 da lei. Se o último día do prazo de presentación da documentación coincidise en sábado ou festivo, entenderase prorrogado o devandito prazo ao primeiro día hábil seguinte.

Gastos dos anuncios: por conta do adxudicatario.

Chantada, 6 de marzo de 2007.

Manuel Lorenzo Varela

Presidente do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra